

PLENO DO PARLAMENTO

8 de outubro de 2019

10:00 horas



A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 8 de outubro de 2019, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 1 de outubro de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto legislativo

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario (doc. núm. 52558, 10/PL-000017)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 507, do 18.07.2019

Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 536, do 24.09.2019

- Punto 1 bis.** Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 56745 e 56976, 10/LGNF-000004)

Publicación no BOPG núm. 542, do 04.10.2019)

Punto 2. Comparecencia

56743 (10/CPP-000110)

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para dar conta da grave situación xerada en Galicia ante as políticas do Goberno central que están a provocar o peche das centrais térmicas das Pontes de Meirama e a necesidade dunha transición enerxética xusta.

Punto 3. Moción

55719 (10/MOC-000157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora continua do sistema educativo galego. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 53912, publicada no BOPG nº 521, do 29.8.2019, e debatida na sesión plenaria do 10.9.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019



Punto 4. Proposicións non de lei

- 4.1 33899 (10/PNP-002566)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre a poboación infantil
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 349, do 31.08.2018
- 4.2 52240 (10/PNP-003907)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión dos xurros e residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva que se esta a levar a cabo na comarca da Limia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 502, do 10.07.2019
- 4.3 52566 (10/PNP-003928)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas á incorporación no Anteproxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia dun artigo no cal se estableza a creación dun observatorio galego de xogos que teña entre as súas funcións elaborar un protocolo de menores en materia de xogo e un informe anual sobre o xogo na comunidade autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 508, do 19.07.2019
- 4.4 54445 (10/PNP-004031)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución que presentan os desequilibrios territoriais en Galicia e o despoboamento dalgunhas comarcas, así como a garantía do acceso aos servizos básicos ao conxunto da poboación na totalidade do territorio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019
- 4.5 55264 (10/PNP-004086)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 13 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir a actividade dos centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San Cibrao e un marco enerxético



estable e competitivo, así como a aprobación dun estatuto de apoio ás empresas electrointensivas.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 528, do 11.09.2019

- 4.6 55437 (10/PNP-004101)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das supostas irregularidades detectadas pola veciñanza de Sobrado dos Monxes en relación coas balsas de lodos de distinta procedencia existentes nos montes do concello
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 4.7 55452 (10/PNP-004104)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co custo económico que supón para as familias o inicio do curso escolar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 4.8 55466 (10/PNP-004106)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a actividade naval e os postos de traballo no estaleiro Vulcano, así como para abordar unha política conxunta para o sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 4.9 55584 (10/PNP-004113)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas de médicos internos residentes habilitadas polo Goberno central para o ano 2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019

Punto 5. Interpelacións

- 5.1 49605 (10/INT-001661)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a política do Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019

- 5.2 52785 (10/INT-001749)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar o Servizo Galego de Saúde en relación co concerto asinado con Povisa para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación que ten adscrita
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 512, do 29.07.2019

- 5.3 52802 (10/INT-001751)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemarketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 512, do 29.07.2019

- 5.4 52893 (10/INT-001758)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as políticas de emprego que vai poñer en marcha o Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 512, do 29.07.2019

- 5.5 56086 (10/INT-001882)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co recoñecemento de universidades privadas dentro do Sistema universitario de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

- 6.1 56658 (10/POPX-000164)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a política industrial do Goberno galego
- 6.2 56741 (10/POPX-000165)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a resposta que está a dar o Goberno galego á crise industrial que vive Galicia



- 6.3 56742 (10/POPX-000166)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a autocrítica que fai o Goberno galego da súa xestión para
rectificar o rumbo político da Xunta de Galicia

Punto 7. Preguntas ao Goberno

- 7.1 56049 (10/POP-006639)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 4 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da cobertura informativa
dada pola CRTVG sobre a morte en Valga de tres mulleres vítimas da
violencia machista
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019
- 7.2 53538 (10/POP-006315)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co
trazado da Vía Ártabra para conectar os polígonos de Espírito Santo
(Cambre) e Bergondo coa A-6
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 521, do 29.08.2019
- 7.3 54851 (10/PUP-000263)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos do investimento
estranxeiro en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019
- 7.4 52365 (10/POP-006105)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia diante da
diminución da actividade da central térmica das Pontes e das súas
repercusións no sector auxiliar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 509, do 22.07.2019
- 7.5 54031 (10/POP-006414)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os
efectos en Galicia da deslocalización de servizos de provisión e xestión



de rede da empresa de telefonía R Cable
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 521, do 29.08.2019

- 7.6 54848 (10/PUP-000262)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 7 máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante do
Goberno central para o mantemento da actividade da industria
electrointensiva, en especial, a da planta de Alcoa en San Cibrao
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019
- 7.7 56668 (10/PUP-000265)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as medidas que vai desenvolver a Xunta de Galicia para afrontar a
crise da empresa Barreras na comarca de Vigo
- 7.8 56723 (10/PUP-000267)
Grupo Parlamentario Mixto
Casal Vidal, Francisco e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta e marcha dun
grupo de traballo para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible
de Galicia (CLEW-Galicia) e a súa aplicación concreta na hipercomarca
das Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortegal
- 7.9 52620 (10/POP-006131)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rey Varela, José Manuel e 10 máis
Sobre a situación en que se atopa o expediente e os prazos que manexa a
Consellería de Sanidade para comezar as obras de remodelación do
Complejo Hospitalario Universitario de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 513, do 30.07.2019
- 7.10 53097 (10/POP-006237)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da actual situación no
funcionamento de Povisa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 521, do 29.08.2019
- 7.11 56703 (10/PUP-000266)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a garantía polo Goberno galego do mantemento da calidade



asistencial esixible e o emprego no Hospital Povisa de Vigo

- 7.12 56735 (10/PUP-000268)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 7 máis
Sobre a información da Consellería de Sanidade referida á posible venda do Hospital Povisa de Vigo e, se é o caso, as medidas previstas ao respecto
- 7.13 55266 (10/POP-006562)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Oubiña Solla, Rosa e 6 máis
Sobre os obxectivos fundamentais da Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/10/2019 12:27:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 04/10/2019 12:27:35
Nº Rexistro: 17275
Data envío: 04/10/2019 12:27:35.288

CSV: REXISTROqs8vnpCW9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Gonzalo Caballero Miguez	S
Marcos Cal Ogando	GCE
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	M
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	GCE
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	GCE
Teresa Egerique Mosquera	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Jackeline Elizabeth Fernández Macías	P
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Xan Xosé Jove González	GCE
José Manuel Lago Peñas	GCE
Beatriz Mato Otero	P
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
Patricia Otero Rodríguez	S
Rosa Oubiña Solla	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Teresa Porritt Lueiro	S
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P

Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	GCE
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
Maria del Carmen Rodríguez Dacosta	S
David Rodríguez Estévez	M
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	GCE
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	GCE
Eva Solla Fernández	GCE
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Julio Torrado Quintela	S
Julia Torregrosa Sañudo	GCE
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	M
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Óscar Vilar Chento	S
Luis Villares Naveira	M

Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia X Lexislatura

(actualizada 23 de setembro de 2019)

Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	S	NON	ABST
1. Alvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Angeles	P			
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
5. Blanco Paradelo, Moisés	P			
6. Blanco Rodríguez, Noela	S			
7. Caballero Míguez, Gonzalo	S			
8. Cal Ogando, Marcos	GCE			
9. Casal Vidal, Francisco	M			
10. Castiñeira Broz, Jaime	P			
11. Chao Pérez, Luca	GCE			
12. Cuña Bóveda, María de los Angeles	GCE			
13. Egerique Mosquera, Teresa	P			
14. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
15. Fernández Macías, Jackeline Elizabeth	P			
16. Fernández Prado, Martín	P			
17. García Míguez, María Angeles	P			
18. Gómez Salgado, Carlos	P			
19. Jove González, Xan Xosé	GCE			
20. Lago Peñas, José Manuel	GCE			
21. Mato Otero, Beatriz	P			
22. Moreira Ferro, Jacobo	P			
23. Mouriño Villar, Antonio	P			
24. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
25. Novo Fariña, María Isabel	P			
26. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
27. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
28. Otero Rodríguez, Patricia	S			
29. Oubiña Solla, Rosa	P			

30. Pazos Couñago, José Alberto	P			
31. Pérez Seco, José Manuel	S			
32. Pierres López, María Luisa	S			
33. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG			
34. Porrit Lueiro, María Teresa	S			
35. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
36. Prado del Río, Paula	P			
37. Prado Patiño, Jesús Miguel	P			
38. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
39. Puy Fraga, Pedro	P			
40. Quinteiro Araújo, Paula	GCE			
41. Rey Varela, José Manuel	P			
42. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
43. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
44. Rodríguez Arias, Marta	P			
45. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
46. Rodríguez Dacosta, M ^a del Carmen	S			
47. Rodríguez Estévez, David	M			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta M ^a	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	GCE			
54. Santos Queiruga, Carmen	GCE			
55. Tellado Filgueira, Miguel Angel	P			
56. Torrado Quintela, Julio	S			
57. Torregrosa Sañudo, Julia	GCE			
58. Trenor López, Gonzalo	P			
59. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	P			
60. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
61. Vázquez Verao, Paula	M			
62. Vega Pérez, Daniel	P			
63. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
64. Vilar Chento, Oscar	S			
65. Villares Naveira, Luís	M			

DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA

66. Quintana Carballo, Rosa María	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. González Vázquez, José	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			

DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO

71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	GCE			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

1. Textos lexislativos

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

1. Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario (doc. núm. 52558, 10/PL-000017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº507, do 18.07.2019



Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº536, do 24.09.2019



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situación de risco sanitario**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de xullo de 2019.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día catro de xullo de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situación de risco sanitario*, e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”.

E para que conste asino a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a catro de xullo de dous mil dezanove.

Vº e Prace


O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA

**PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS DE GARANTÍA DO
ABASTECIMENTO EN EPISODIOS DE SECA E EN SITUACIÓNS DE
RISCO SANITARIO**



CSV: BOPGDSPGChMdnG80a6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I


A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, enumera os principios xerais da política de augas da Comunidade Autónoma de Galicia. En materia de abastecemento, esta política fundaméntase en que a actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades locais no ámbito do abastecemento de poboacións garantirá a subministración de auga en cantidade e calidade adecuada a todos os núcleos de poboación legalmente constituídos no marco do que indique a planificación hidrolóxica de aplicación.

A garantía na subministración de auga en cantidade e calidade adecuada esixe a existencia dun marco de coordinación idóneo entre todas as administracións con competencias na materia. Con esta finalidade, a propia Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, regula as competencias, tanto da Administración hidráulica de Galicia como das entidades locais, e establece mecanismos para a colaboración entre as distintas administracións.

Con carácter xeral, esta regulación foi eficaz e permitiu mellorar a xestión dos sistemas de abastecemento e a construción de importantes infraestruturas, coa finalidade de incrementar a garantía na subministración da auga. Con todo, nos últimos anos, os períodos de escaseza de precipitacións e, derivado diso, de diminución dos recursos hídricos dispoñibles, a existencia de eventos que poden reducir puntualmente a calidade da auga destinada a consumo humano ou os efectos do cambio climático, puxeron de manifesto a existencia de situacións nas que a garantía do abastecemento pode chegar a estar comprometida, tanto na súa cantidade como na súa calidade.

Reverter estas situacións esixe, en xeral, unha resposta áxil, acertada, coordinada e colaborativa por parte de todas as administracións competentes. Por iso, considérase necesario dotar a esas administracións de instrumentos xurídicos adecuados para poder xestionar estes eventos de seca ou de risco sanitario coa dilixencia e eficacia que a súa propia natureza demanda.

Abordar estas situacións de difícil predición desde o ámbito da planificación é un reto que xa foi esbozado na propia Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de






XUNTA DE GALICIA

Galicia. Así, no seu artigo 26.2.f) indícase que, entre as funcións que corresponden á Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, atópase a elaboración dos instrumentos de planificación en materia de seca a que se refire o artigo 27 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, no ámbito das concas intracomunitarias e, en todo caso, a coordinación dos plans de emerxencia das entidades locais mencionados no devandito precepto. Co coñecemento e a experiencia adquirida nos anos transcorridos desde a entrada en vigor da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia considérase necesario ordenar e delimitar con maior detalle o alcance dos instrumentos de planificación, como ferramenta clave na coordinación entre as distintas administracións e para que a súa efectividade se estenda a todas as fases na evolución dun período de seca ou dunha situación de risco sanitario.

Doutra banda, nesta lei introdúcese un marco normativo que regula as medidas a aplicar en episodios de seca ou en situacións de risco sanitario, respectando o marco competencial nesta materia. Neste sentido, hai que ter presente que Galicia conta, ademais de cun territorio integrado en concas hidrográficas de xestión do Estado, cunha propia conca hidrográfica integramente incluída no seu territorio, coñecida como Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. No ámbito territorial desta conca, como xa recolle o preámbulo da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia dispón de competencia exclusiva (artigo 27.12 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) e, por tanto, co adecuado fundamento xurídico de conseguir unha regulación que responda aos seus propios intereses.

Ademais do indicado artigo estatutario, esta norma ten o seu fundamento competencial, esencialmente, nos seguintes títulos competenciais previstos no Estatuto de autonomía de Galicia: en materia de réxime local (artigo 27.2, posto en relación co artigo 49, relativo á tutela financeira das entidades locais); en materia de obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación non afecte a outra Comunidade Autónoma ou provincia (artigo 27.7); augas subterráneas (artigo 27.14); normas adicionais sobre protección do medio ambiente (art. 27.30); desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación básica en materia de contratos e concesións administrativas (artigo 28.2) e en materia de sanidade (artigo 33.1).

Atendendo a este marco competencial, nesta lei establécense dous tipos de medidas para garantir o abastecemento en episodios de seca ou situación de risco sanitario, unhas aplicables en todo o territorio de Galicia e outras específicas do territorio da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, relacionadas coa xestión





XUNTA DE GALICIA

da conca hidrográfica de competencia autonómica.


Todas estas medidas artículanse tendo presente e tomando como guía o artigo 103.1 da Constitución española. A súa aplicación esixe unha adecuada coordinación entre a Comunidade Autónoma e as administracións locais, que na maior parte dos casos son as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación, regulada ao amparo dos artigos 2.2 e 27.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II

A presente lei consta de trinta e un artigos, divididos en catro títulos, con seis disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e oito disposicións derradeiras. As rúbricas dos títulos fan referencia a «Disposicións xerais» (título I, artigos 1 a 4), «Instrumentos de planificación en materia de seca e risco sanitario» (título II, artigos 5 a 11), «Medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga durante episodios de seca e en situacións de risco sanitario aplicables en todo o territorio de Galicia» (título III, artigos 12 a 24), «Medidas adicionais para garantir o abastecemento e a calidade da auga en episodios de seca no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa» (título IV, artigos 25 a 31).

O título primeiro da lei (artigos 1 a 4) dedícase a fixar o obxecto e o ámbito de aplicación da lei (artigo 1), a recoller unha serie de definicións (artigo 2), cunha clara vocación instrumental ou auxiliar en relación ao conxunto da lei e á súa lectura e interpretación, así como a establecer previsións en materia de réxime sancionador, inspección e control (artigos 3 e 4).

En canto ao título II, ten como obxectivo clarificar o papel dos instrumentos de planificación dispoñibles para a xestión dos episodios de seca e as situacións de risco sanitario de tal modo que poidan ser ferramentas útiles e eficaces neste tipo de eventos. Ademais, regúlase o contido do plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (artigo 6), onde a Comunidade Autónoma ten competencias exclusivas de ordenación administrativa, planificación e xestión en relación ao dominio público hidráulico, e dos plans de emerxencia ante situacións de seca (artigo 10), coa finalidade de ordenar e coordinar nestes episodios e situacións os servizos de abastecemento en alta.





XUNTA DE GALICIA


No título III da lei establécense as medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga durante episodios de seca e en situacións de risco sanitario aplicables en todo o territorio de Galicia. Estas medidas estrutúranse en tres capítulos.

No primeiro recóllense aquelas enfocadas a garantir o abastecemento e a calidade da auga durante episodios de seca, tanto por parte dos responsables dos sistemas de abastecemento á poboación (artigos 12 e 13) como por parte da administración hidráulica de Galicia (artigo 14). Ademais, estipúlanse as consecuencias en caso de incumprimento das súas obrigas por parte das administracións responsables de sistemas de abastecemento á poboación (artigo 15).

No segundo capítulo abórdanse as medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga en situacións de risco sanitario. Para iso, establécense unhas obrigas de carácter xeral (artigo 16) ás autoridades sanitarias, á administración sanitaria autonómica, á Administración hidráulica de Galicia e aos municipios, dentro do ámbito das súas respectivas competencias. Ademais, regúlase o modo en que se avaliará o risco sanitario (artigo 17), a determinación das medidas a adoptar nestas situacións (artigo 18) e a xestión do peche das situacións de risco sanitario (artigo 19).

O terceiro capítulo do título III está dedicado ás medidas relativas a obras e infraestruturas hidráulicas. Primeiramente regúlase o réxime de execución e financiamento das obras e infraestruturas hidráulicas nun episodio de seca ou nunha situación de risco sanitario (artigo 20); posteriormente, o réxime das obras promovidas polas entidades locais e executadas coa colaboración da Administración hidráulica de Galicia (artigo 21) e das obras promovidas directamente pola Administración hidráulica de Galicia (artigo 22); finalmente, establécese o réxime de contratación de obras, servizos e subministracións (artigo 23) e o réxime xurídico das obras e infraestruturas hidráulicas (artigo 24).

O último título da lei ten como obxectivo definir as medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga en episodios de seca no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Nel primeiramente se concretan as funcións do Consello Reitor de Augas de Galicia (artigo 25), órgano colexiado de goberno que desempeña un papel moi relevante na xestión dos episodios de seca na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Posteriormente se regulan as medidas concretas que se poden adoptar neste ámbito territorial, relacionadas co réxime de caudais ecolóxicos (artigo 26), coa reutilización de augas depuradas






XUNTA DE GALICIA

(artigo 27), coa redistribución de recursos procedentes de encoros (artigo 28) e outras específicas en materia de garantía de abastecemento (artigo 29) tales como ordenar o destino ao abastecemento de caudais concedidos para outros usos ou a realización de derivacións ou captacións de emerxencia. Neste título tamén se establecen as bases da tramitación dos procedementos afectados pola aplicación das medidas anteriores (artigo 30) e se determinan especialidades na aplicación do réxime sancionador (artigo 31).

En relación ás disposicións da parte final da lei, merecen ser destacadas as relativas á obrigatoriedade de que as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación realicen auditorías e plans de actuacións sobre as perdas nas redes de abastecemento, co obxectivo de minimizalas. Co fin de incrementar a eficiencia na xestión das redes de abastecemento, prevese a futura regulación dun gravame sobre as perdas de auga nas redes de abastecemento.

O réxime transitorio refírese fundamentalmente á vixencia da actual planificación en materia de seca.





XUNTA DE GALICIA

TÍTULO I


Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Esta lei ten por obxecto:

- a) Garantir a prestación adecuada dos servizos de abastecemento de auga en alta ou adución e a subministración de auga en baixa ou distribución apta para o consumo humano, en todo o territorio de Galicia, cando exista un episodio de seca, tendo en conta os recursos hídricos dispoñibles.
- b) Establecer as normas e as medidas para o aproveitamento dos recursos hídricos, no ámbito da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, nos períodos nos que exista un episodio de seca, co fin de reducir a vulnerabilidade fronte a este evento, buscando unha garantía no abastecemento á poboación en equilibrio co medio natural e tendo en conta os posibles efectos do cambio climático.
- c) Garantir a protección da saúde pública ante situacións de risco sanitario no abastecemento ou na subministración de auga para consumo humano, en todo o territorio de Galicia

2. As previsións contidas nesta lei enténdense e aplicaranse sen prexuízo do réxime xurídico previsto na normativa sectorial que resulte de aplicación e das competencias que poidan corresponder ás distintas administracións públicas por razón da materia.





Artigo 2. *Definicións*

Aos efectos da presente lei, entenderase por:

- a) Abastecemento de auga en alta ou adución: inclúe a captación, o nacemento e a represa dos recursos hídricos e a súa xestión, incluído o tratamento de potabilización, o transporte por arterias principais e o almacenamento en depósitos reguladores de cabeceira dos núcleos de poboación.
- b) Administración hidráulica de Galicia: entes e órganos a través dos que a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias e funcións en materia de auga e obras hidráulicas, integrada polo Consello da Xunta de Galicia, pola consellaría competente en materia de augas e pola entidade pública empresarial Augas de Galicia.
- c) Administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento á poboación: administracións públicas responsables da prestación do servizo de abastecemento de auga en alta ou adución e/ou da prestación do servizo da subministración da auga en baixa ou distribución.
- d) Episodio de seca: período de tempo caracterizado principalmente pola falta de precipitación que dá lugar a un risco de diminución ou a unha diminución efectiva dos recursos hídricos dispoñibles
- e) Escaseza: situación de carencia de recursos hídricos para atender as demandas de auga previstas nos respectivos plans hidrolóxicos, unha vez aseguradas as restricións ambientais.
- f) Escaseza conxuntural: situación de escaseza non continuada que, aínda permitindo o cumprimento dos criterios de garantía na atención das demandas recoñecidas no correspondente plan hidrolóxico, limita temporalmente a subministración de maneira significativa.
- g) Escaseza estrutural: situación de escaseza continuada que imposibilita o cumprimento dos criterios de garantía na atención das demandas recoñecidas no correspondente plan hidrolóxico.
- h) Escenarios de seca: distintas fases dentro dun episodio de seca que, con carácter progresivo en función da súa gravidade, poden activarse atendendo aos indicadores de seca e aos limiares establecidos nos correspondentes instrumentos





XUNTA DE GALICIA

de planificación en materia de seca no ámbito de cada demarcación hidrográfica cuxo ámbito territorial comprenda, en todo ou en parte, o territorio galego.


i) Seca: fenómeno natural non predicible que se produce principalmente por unha falta de precipitación que da lugar a un descenso temporal significativo nos recursos hídricos dispoñibles.

j) Situación de risco sanitario: situación de alerta declarada pola autoridade sanitaria competente caracterizada pola existencia dunha elevada probabilidade de incumprimento ou dun incumprimento efectivo dos valores paramétricos de calidade da auga para consumo humano establecidos na normativa vixente susceptible de entrañar risco ou de afectar á saúde da poboación, orixinada por episodios de seca, incendios forestais, choivas torrenciais ou outros fenómenos naturais ou meteorolóxicos adversos ou por outras circunstancias susceptibles de producir unha alteración na calidade da auga, tales como verteduras, accidentes ou eventos similares.

k) Subministración alternativa ante situación de escaseza conxuntural: subministración de auga realizada, entre outros sistemas, a través de captacións alternativas ou distribución de auga envasada ou mediante cisterna, depósito ou outro elemento móbil, para a súa utilización ante unha situación de escaseza conxuntural que impida a subministración de auga do modo habitual.

l) Subministración alternativa ante situación de risco sanitario: subministración de auga realizada ante unha situación de risco sanitario que determine a perda de aptitude para o consumo da auga subministrada do modo habitual e que se levará a cabo, entre outros sistemas, a través de captacións alternativas, da distribución de auga envasada ou mediante cisterna, depósito ou outro elemento móbil

ll) Subministración da auga en baixa ou distribución: inclúe o almacenamento intermedio e a subministración de auga potable ata as instalacións propias para o consumo por parte das persoas usuarias finais.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 3. *Réxime sancionador*


O réxime sancionador aplicable aos incumprimentos do disposto nesta lei será o previsto na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia e na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, sen prexuízo das especialidades establecidas no artigo 31 desta lei e do disposto na normativa básica estatal aplicable.





Artigo 4. *Inspección e control*

1. Augas de Galicia, no exercicio das súas competencias, velará pola correcta aplicación do que establece esta lei e adoptará as medidas dirixidas ao cesamento das condutas infractoras. Para ese efecto, os titulares dos aproveitamentos hidráulicos e das autorizacións de vertidos facilitarán en todo momento o acceso do persoal competente de Augas de Galicia a todas as súas instalacións.
2. Augas de Galicia poderá solicitar da policía local, do persoal con funcións de custodia dos recursos naturais e do resto de corpos e forzas de seguridade, no marco dos seus respectivos ámbitos de competencia e con respecto á normativa a eles aplicable, a súa colaboración nas tarefas de vixilancia e de control do cumprimento do que establece esta lei.
3. A consellería competente en materia de sanidade velará polo cumprimento do establecido nesta lei, a través da inspección de saúde pública, nos termos previstos na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
4. As actuacións inspectoras previstas neste artigo levaranse a cabo coa debida coordinación, podendo realizarse de maneira conxunta.






XUNTA DE GALICIA

TÍTULO II

Instrumentos de planificación en materia de seca e risco sanitario

Artigo 5. *Plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa*


1. O plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa é o instrumento básico de planificación para xestionar os episodios de seca neste ámbito territorial e minimizar os seus riscos asociados. Será elaborado e revisado pola Administración hidráulica de Galicia e o seu contido será acorde ao disposto nesta lei e nas demais disposicións legais e regulamentarias de aplicación.
2. O plan definirá, no seu ámbito territorial de aplicación, as medidas de xestión que adoptarán as administracións con competencias para paliar os efectos negativos dunha situación de seca, desde un enfoque de preparación, prevención, mitigación e resposta ante situacións excepcionais; ademais, incluírá as regras de explotación dos sistemas e as medidas a aplicar en relación co uso do dominio público hidráulico.





Artigo 6. Contido do plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa

1. O plan de seca definirá os distintos escenarios que se poden presentar nun episodio de seca, os seus respectivos indicadores e limiares e as medidas a adoptar para minimizar os riscos asociados a cada escenario.
2. O sistema de indicadores definido no plan permitirá identificar situacións de seca e de escaseza conxuntural.
3. O plan de seca recollerá de forma expresa as situacións nas que se aplicará o réxime de caudais ecolóxicos de seca previsto no Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, prestando especial atención aos encoros de abastecemento.
4. Os limiares que definan os distintos escenarios que se poidan presentar nun episodio de seca terán en conta as especiais características da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.
5. Na definición dos distintos escenarios que se poidan presentar nun episodio de seca teranse en conta, polo menos, os seguintes:
 - a) Escenario de normalidade: situación na que os recursos hídricos dispoñibles son suficientes para garantir todos os usos do sistema de abastecemento á poboación e permiten o funcionamento do sistema de maneira normal.
 - b) Escenario de prealerta: situación na que non hai risco de desabastecemento á poboación en sentido estrito pero a evolución dos indicadores apunta a un incremento do risco a medio prazo.
 - c) Escenario de alerta: situación de alto risco de insuficiencia de recursos para garantir o normal abastecemento á poboación no curto prazo.
 - d) Escenario de emerxencia: situación máis grave con alta probabilidade ou ocorrencia de situacións de desabastecemento á poboación.
6. O plan de seca indicará os órganos da Administración hidráulica de Galicia con competencia para resolver, a partir dos indicadores e limiares definidos, sobre a activación ou desactivación do escenario correspondente a cada situación dun episodio de seca.





XUNTA DE GALICIA

As resolucións de activación e desactivación dos escenarios de alerta e emerxencia serán publicadas no Diario Oficial de Galicia.


7. Procederá realizar unha declaración de situación excepcional por seca, cando nun ou varios sistemas de explotación se produza algunha das circunstancias seguintes:

- a) Escaseza en escenario de alerta que coincida temporal e xeograficamente con algún ámbito territorial en situación de seca.
- b) Escaseza en escenario de emerxencia.

O plan concretará os parámetros que se terán en conta para a apreciación destas circunstancias, así como o órgano e o procedemento para a declaración de situación excepcional por seca.

A resolución de declaración de situación excepcional por seca, así como a resolución que estableza o final desta situación excepcional, serán publicadas no Diario Oficial de Galicia.

8. As medidas que estableza o plan de seca aplicaranse para un, para varios ou para a totalidade dos sistemas de explotación, cuxo ámbito territorial e de xestión se atope definido no Plan Hidrológico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa vixente en cada momento e nos termos previstos no devandito plan.





Artigo 7. Seguimento e revisión do plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa

1. O propio plan de seca establecerá mecanismos para que a Administración hidráulica de Galicia poida realizar o seu seguimento e comprobar que se están aplicando as previsións do plan. Entre tales mecanismos deberá incluírse, como mínimo, a elaboración por Augas de Galicia dun informe de seguimento cunha periodicidade mínima anual.
2. O plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa revisarase cunha periodicidade mínima de 6 anos.
3. En cada revisión actualizarase a información necesaria para predicir e diagnosticar os distintos escenarios de seca e escaseza que se poidan presentar, avaliarase a idoneidade dos indicadores establecidos no plan anterior e estableceranse as medidas a adoptar no seguinte período de planificación para minimizar os efectos negativos producidos polas secas.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 8. Demarcacións hidrográficas intercomunitarias con parte do seu territorio en Galicia

1. Os instrumentos de planificación para a xestión de episodios de seca nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias con parte do seu territorio na Comunidade Autónoma de Galicia serán os previstos na normativa estatal de aplicación.
2. No territorio destas demarcacións hidrográficas situado en Galicia atenderase ao establecido nos ditos instrumentos de planificación e na restante normativa estatal aplicable, así como, no que non se opoña a eles, ao disposto na presente lei.





Artigo 9. Plans de emerxencia ante situacións de seca

1. Os plans de emerxencia ante situacións de seca constitúen os instrumentos básicos de planificación das administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación para xestionar os episodios de seca.


2. De acordo co artigo 27.3 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, as administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento urbano que atendan, singular ou mancomunadamente, a unha poboación igual ou superior a 20.000 habitantes deberán dispoñer dun plan de emerxencia ante situacións de seca. Os ditos plans, segundo o seu ámbito territorial, deberán ser informados por Augas de Galicia ou polo organismo de conca competente e deberán ter en conta as regras e medidas previstas nos plans especiais a que se refire o artigo 27.2 daquela lei e, no caso da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, no seu plan de seca.

3. As administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento á poboación que, en calquera parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, atendan, singular ou mancomunadamente, a unha poboación inferior a 20.000 habitantes, poderán elaborar o seu propio plan de emerxencia ante situacións de seca, por si mesmas ou a través da deputación provincial correspondente.. Este plan deberá ter en conta as regras e medidas que resulten de aplicación conforme ao disposto nos plans especiais previstos no artigo 27.2 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, ou no plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, segundo o seu ámbito territorial de aplicación.

Augas de Galicia emitirá informe preceptivo dos plans cuxo ámbito territorial estea incluído no ámbito da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

4. Os plans de emerxencia ante situacións de seca elaborados polas deputacións provinciais correspondentes poderán agrupar a dous ou máis sistemas de abastecemento á poboación, co fin de optimizar a dispoñibilidade dos recursos hídricos nunha situación de seca.


5. Naqueles casos nos que non coincidan as administracións públicas responsables dos servizos de abastecemento de auga en alta ou adución e subministro da auga en baixa ou distribución, para garantir a debida coordinación o plan será aprobado conxuntamente por ambas administracións atendendo aos seus respectivos ámbitos competenciais.





XUNTA DE GALICIA

6. No procedemento de aprobación dos plans de emerxencia ante situacións de seca garantirase a axeitada participación pública dos usuarios e dos interlocutores económicos e sociais.



CSV: BOPGDSPGChMdnG80a6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 10. *Contido dos plans de emerxencia ante situacións de seca*

1. O contido dos plans de emerxencia ante situacións de seca será acorde ao disposto nesta lei, no artigo 27 da Lei 10/2001, de 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, nas demais disposicións legais e regulamentarias de aplicación, e nos instrumentos de planificación en materia de seca das correspondentes demarcacións hidrográficas.

2. En todo caso, o seu contido incluírá, como mínimo:

a) Unha descrición e un diagnóstico dos sistemas de abastecemento, con indicación dos recursos dispoñibles, as áreas de captación e as demandas de auga.


b) A determinación das zonas máis vulnerables en caso de seca e dos usos da auga máis relevantes desde o punto de vista económico e social, coa identificación da poboación, os condicionantes ambientais ou principais elementos de patrimonio natural e actividades estratéxicas que se poderían ver afectados.

c) Un sistema de indicadores e escenarios coherentes co recollido no instrumento de planificación en materia de seca da demarcación hidrográfica correspondente.

d) As medidas de xestión a adoptar en cada un dos distintos escenarios incluídos.

e) A previsión dunha subministración alternativa ante situacións de escaseza conxuntural, razoable e proporcional ás concretas circunstancias que potencialmente se poidan producir nestas situacións e a súa duración.


f) As actuacións que se considere necesario executar para garantir o abastecemento á poboación durante un episodio de seca, incluídas as obras de captación e condución que sexan precisas.





Artigo 11. *Protocolo de autocontrol e xestión do abastecemento*

1. O protocolo de autocontrol e xestión do abastecemento e, naqueles casos nos que sexa obrigatoria a súa elaboración, o plan sanitario da auga, constitúen os instrumentos básicos de planificación e actuación dos xestores dos sistemas de abastecemento ante situacións de risco sanitario en relación á calidade da auga de consumo humano.
2. A súa elaboración e contido rexeranse polo establecido na lexislación aplicable e, en todo caso, deberá preverse neles unha subministración alternativa ante situacións de risco sanitario, razoable e proporcional ás concretas circunstancias que potencialmente se poidan producir nestas situacións e a súa duración.
3. A persoa ou entidade xestora do abastecemento deberá avaliar no marco do seu protocolo de autocontrol e xestión do abastecemento a necesidade de elaborar plans específicos de resposta ante as situacións de risco sanitario.
4. Os servizos de inspección de saúde pública da Administración autonómica comprobarán nas inspeccións e auditorías que realicen aos xestores de abastecemento se se incluíron no protocolo de autocontrol e xestión do abastecemento a subministración alternativa así como, de ser necesarios, os plans específicos previstos nos números anteriores.





TÍTULO III

Medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga durante episodios de seca e en situacións de risco sanitario aplicables en todo o territorio de Galicia

CAPÍTULO I

Medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga durante episodios de seca

Artigo 12. Medidas de carácter xeral

1. As administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento á poboación terán a obriga de distribuír os recursos hídricos dispoñibles para tal destino da forma máis eficiente posible para poder satisfacer as demandas.

2. As administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento á poboación asegurarán, mediante as limitacións, restricións ou prohibicións pertinentes, que a auga apta para o consumo humano dispoñible para o abastecemento á poboación se destina á satisfacción da demanda de abastecemento e que non se producen consumos excesivos. Neste sentido, deberán realizar as actuacións de conservación e mantemento necesarias para que as súas infraestruturas de abastecemento garantan o uso sustentable dos recursos.

3. A estrutura tarifaria, incluídos no seu caso os mínimos exentos, dos tributos relacionados cos sistemas de abastecemento á poboación, rede de sumidoiros e sistemas de depuración que establezan as administracións públicas responsables en cada caso da prestación dos servizos, deberá deseñarse de modo que responda aos principios de uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade, transparencia e recuperación dos custos destes servizos.

As administracións públicas responsables revisarán as súas ordenanzas ou normas reguladoras dos distintos servizos ao obxecto de conseguir unha estrutura tarifaria axustada a estes principios.

En particular, de acordo co principio de equidade, as administracións públicas responsables só poderán facturar ás persoas usuarias aqueles servizos previstos no primeiro parágrafo deste número que sexan efectivamente prestados.

Así mesmo, para o cumprimento dos principios antes indicados, a estrutura





XUNTA DE GALICIA

tarifaria do servizo de abastecemento, sen prexuízo da existencia dunha cantidade fixa polo feito da prestación do servizo, diferenciará tramos en función do volume de auga consumida, sen que poidan establecerse mínimos exentos que desincentiven o consumo responsable da auga. A adecuación da estrutura tarifaria a estes principios deberá xustificarse especialmente no expediente de elaboración das ordenanzas ou no procedemento de elaboración das normas reguladoras do servizo.


O sistema de facturación será facilmente comprensible pola persoa usuaria e os custos administrativos derivados do sistema responderán ao principio de eficiencia.

4. As administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento á poboación sancionarán, de conformidade co establecido nesta lei e na normativa sancionadora aplicable, aqueles comportamentos que contraveñan as disposicións e adoptarán as medidas executivas necesarias para restituír as situacións irregulares ao marco legal.

5. As administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento á poboación colaborarán nas tarefas de control do cumprimento das obrigacións que establece esta lei.

Estas administracións teñen a obriga de informar a Augas de Galicia, cando esta o requira, do volume de auga empregada para a prestación dos diferentes servizos públicos da súa competencia.

Dentro do seu ámbito de actuación, estas administracións adoptarán as disposicións e actuacións necesarias, en relación á información e á difusión das medidas establecidas nesta lei, para garantir en cada momento un axeitado coñecemento e comprensión delas.





Artigo 13. Medidas de carácter específico a adoptar polos responsables de sistemas de abastecemento á poboación durante un episodio de seca

1. Nos períodos nos que exista un episodio de seca no ámbito territorial no que se sitúe un sistema de abastecemento á poboación, as administracións públicas responsables dese sistema suxeitarán as súas actuacións ás seguintes regras, co fin de garantir o indicado abastecemento, dentro do necesario respecto ao disposto nos instrumentos de planificación en materia de seca para cada un dos escenarios neles previstos e na restante normativa que resulte aplicable:

a) Ditaranse polas administracións competentes e para garantir o dito abastecemento as disposicións dirixidas a asegurar o aforro da auga e o uso racional con respecto ao mantemento e reaproveitamento da auga das piscinas de uso público e privado, restrición da rega de xardíns públicos e privados e optimización do uso da auga nos parques acuáticos e outras instalacións de carácter lúdico e velarase, en todo caso, polo cumprimento dos requirimentos sanitarios de aplicación. Estas disposicións deben prever, cando cumpra, a prohibición de destinar auga apta para o consumo humano para a práctica dos mencionados usos, coas excepcións que, motivadamente, se establezan, e poderán prever de maneira xustificada a restrición horaria da prestación do servizo de abastecemento, que requirirá a información previa ás persoas afectadas.


b) Non se poderá destinar auga apta para o consumo humano para o funcionamento de fontes ornamentais, salvo en casos xustificados expresamente previstos nas disposicións ditadas conforme ao previsto na letra a).

c) Só se recorrerá á utilización de auga apta para o consumo humano para a limpeza de rúas cando sexa imprescindible para o mantemento das condicións hixiénicas e sanitarias adecuadas e, neste caso, utilizarase o volume de auga mínima indispensable.

d) As mesmas restricións da letra anterior rexerán na utilización de auga apta para o consumo humano para a rega de xardíns públicos.

e) Cando se destinen augas non aptas para o consumo humano para os usos mencionados nas tres letras anteriores, será necesario que estean previamente desinfectadas de acordo co previsto na lexislación aplicable.

f) Velarase pola operatividade dos depósitos e as bocas de extinción de incendios





XUNTA DE GALICIA

e, no posible, deberá substituírse a auga apta para o consumo humano destinada a prover os hidrantes de extinción de incendios por auga non apta para consumo humano que cumpra as condicións establecidas nesta lei e demais regulación sectorial de aplicación.

2. As administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación aplicarán o disposto nos plans de emerxencia ante situacións de seca aprobados.

Nos casos nos que o episodio de seca existente poña en risco a garantía do abastecemento á poboación nun determinado sistema, se non existe un plan de emerxencia ante situacións de seca aprobado ou cando as previsións do plan aprobado resulten insuficientes, os responsables dos sistemas de abastecemento á poboación elaborarán plans excepcionais onde se propoñan medidas e actuacións concretas e de carácter inmediato para garantir o abastecemento e unha subministración alternativa ante situación de escaseza conxuntural, dentro do necesario respecto ao disposto nos instrumentos de planificación en materia de seca para cada un dos escenarios neles previstos e na restante normativa que resulte aplicable.

3. Para que a adopción de medidas durante un episodio de seca se realice de forma coordinada entre os distintos axentes intervinientes e resulte eficiente en orde a eliminar ou mitigar os efectos que o devandito episodio ocasione sobre o abastecemento, os plans excepcionais e calquera outra medida que se considere necesaria serán propostos polos responsables dos sistemas de abastecemento ao órgano competente en cada caso para a xestión do escenario de seca, aos efectos da posible valoración da conveniencia da súa execución.

4. As administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán promover e executar, no ámbito das súas competencias, aquelas actuacións e obras, incluídas as previstas nos seus plans de emerxencia ou plans excepcionais, que sexan necesarias para garantir o abastecemento á poboación durante un episodio de seca, sen prexuízo da emisión dos informes e a obtención das autorizacións que sexan precisas e da colaboración técnica e financeira que, para a súa execución, poida prestar a Administración hidráulica de Galicia ou outras administracións públicas no marco das súas competencias, e dentro do necesario respecto ao disposto nos instrumentos de planificación en materia de seca para cada un dos escenarios neles previstos e na restante normativa que resulte aplicable.





Artigo 14. Medidas a adoptar pola Administración hidráulica de Galicia


1. Sen prexuízo das medidas que poida adoptar a Administración hidráulica de Galicia no ámbito da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa e que se regulan no título IV desta lei, a dita administración poderá, durante a vixencia dun episodio de seca que afecte a calquera parte do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter xeral e de acordo co que se estableza nos correspondentes instrumentos de planificación en materia de seca e restante normativa que resulte de aplicación:

a) Solicitar dos titulares, públicos ou privados, de dereitos concesionais para abastecemento, a información necesaria, coa periodicidade que se considere, sobre caudais de auga captada, tratada e fornecida e sobre as medidas adoptadas para reducir o consumo e o seu impacto.

b) Impulsar a substitución de caudais destinados a rega, a usos industriais ou a usos recreativos ou ornamentais por augas rexeneradas.

c) Desenvolver campañas informativas e de concienciación sobre o uso racional e sustentable da auga.

2. Durante a vixencia dun episodio de seca, Augas de Galicia colaborará coas administracións responsables dos sistemas de abastecemento á poboación e cos órganos encargados da xestión do episodio de seca na avaliación dos riscos sobre a garantía do abastecemento á poboación, na valoración das medidas e actuacións necesarias para garantir o abastecemento nestas situacións e na determinación de subministracións alternativas ante situacións de escaseza conxuntural.






Artigo 15. Consecuencias en caso de incumprimento de obrigas por parte dos responsables de sistemas de abastecemento á poboación

1. Sen prexuízo da aplicación, cando proceda, do correspondente réxime sancionador, en caso de incumprimento por parte das administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación das obrigas previstas nesta lei que afecten ao exercicio de competencias autonómicas e, en particular, as relativas á elaboración dos plans de emerxencia ou plans excepcionais e á promoción e execución das actuacións e obras necesarias para garantir o abastecemento durante un episodio de seca, a consellería competente en materia de réxime local poderá instar o seu cumprimento, concedéndolle para ese efecto un novo prazo como mínimo dun mes.

2. Se transcorrido o devandito prazo o incumprimento persiste, tendo en conta a existencia de intereses supramunicipais e a afectación ás competencias autonómicas, o Consello da Xunta, a instancia da consellería competente en materia de réxime local procederá a adoptar as medidas necesarias para o cumprimento das indicadas obrigas, a costa e en substitución da entidade local.

Neste caso, o custo das obras e actuacións, ou outras medidas adoptadas ao amparo deste artigo, poderá ser obxecto de repercusión por parte da Administración autonómica sobre a participación da correspondente entidade local no Fondo de Cooperación Local, na forma establecida na lexislación orzamentaria.

3. O incumprimento por parte das administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento á poboación de calquera das obrigas previstas neste artigo poderá ser causa de denegación da colaboración técnica, económica e financeira da Administración hidráulica de Galicia para a execución de obras e infraestruturas hidráulicas prevista nesta lei e/ou no Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, durante o tempo que persista o incumprimento.





CAPÍTULO II

Medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga en situacións de risco sanitario

Artigo 16. *Obrigas de carácter xeral*

1. De acordo co Real decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, corresponde ás autoridades sanitarias a vixilancia sanitaria que esixe a normativa vixente para as augas de consumo humano.

2. A administración sanitaria autonómica está obrigada a:

- a) Vixiar a calidade sanitaria da auga de consumo humano nos termos establecidos na normativa aplicable.
- b) Avaliar o risco derivado das circunstancias previstas nesta lei e declarar as situacións de risco sanitario.
- c) Establecer os criterios e as medidas sanitarias necesarias para garantir a protección da saúde das persoas consumidoras.


3. Augas de Galicia, no marco das súas competencias e nos termos establecidos na lexislación aplicable, deberá:

a) Facilitar á consellería competente en materia de sanidade e ás entidades xestoras das captacións, os resultados que se obteñan sobre a calidade das augas nos seus programas de control, aos efectos de cumprimento das obrigacións previstas nesta lei.

b) Determinar e avaliar, en coordinación coa consellería competente en materia de sanidade, a presenza de posibles contaminantes que entrañen riscos para a saúde en situacións nas que se sospeite que poidan atoparse na auga destinada á produción de auga de consumo humano.

c) Facilitar datos relativos ás presións ás que están sometidas as captacións, á consellería competente en materia de sanidade e ás entidades xestoras responsables da xestión e elaboración dos protocolos de autocontrol e xestión do abastecemento e, no seu caso, dos plans sanitarios do auga.

d) Coordinarse coa consellería competente en materia de sanidade en todos os aspectos necesarios para controlar os riscos sobre a saúde humana.





XUNTA DE GALICIA

4. Os municipios, no seu ámbito territorial e de conformidade co disposto na normativa aplicable, deberán:

a) Garantir que a auga subministrada no seu ámbito territorial sexa apta para o consumo no punto de entrega á persoa consumidora, con independencia do medio que, de acordo co establecido na normativa, se utilice.

b) Realizar o control da calidade da auga na billa da persoa consumidora en todas as augas de consumo humano proporcionadas a través de calquera rede de distribución, sexa pública ou privada, e a elaboración periódica dun informe dos resultados obtidos.


c) Realizar o autocontrol da calidade da auga de consumo humano cando a xestión do abastecemento sexa realizada de forma directa polo propio concello.

d) Garantir o cumprimento dos requisitos e obrigacións establecidos pola normativa vixente cando a captación, a conducción, o tratamento de potabilización, a distribución ou o autocontrol da auga de consumo humano sexa realizado por xestores do servizo público distintos do municipio.

e) Garantir que a auga que as persoas titulares dos abastecementos privados e dos establecementos con actividades comerciais ou públicas poñan a disposición das persoas usuarias, sexa auga apta para o consumo humano.

f) Pór en coñecemento da poboación, doutras administracións competentes e dos axentes económicos afectados as situacións de risco sanitario, así como as medidas preventivas e correctoras previstas, en coordinación coa correspondente consellería competente en materia de sanidade, todo isto sen prexuízo das obrigas de información establecidas na normativa básica estatal a outros suxeitos.

g) Cumprir as obrigas de vixilancia dos abastecementos individuais e domiciliarios ou de fontes naturais que proporcionen como media menos de 10 m³ diarios de auga ou que abastezan a menos de 50 persoas, así como adoptar e garantir que se aplican as medidas necesarias nos casos en que se perciba un risco potencial para a saúde das persoas derivado da calidade da auga distribuída.






Artigo 17. *Avaliación do risco sanitario*

1. Detectado un incumprimento dos parámetros da calidade da auga provocado por algunha circunstancia das previstas nesta lei que poida ocasionar unha situación de risco sanitario, a entidade pública ou privada que xestione total ou parcialmente a rede de abastecemento, ou o municipio, no caso de xestión directa, procederán de forma inmediata, e con independencia das obrigas de confirmación e notificación do incumprimento previstas na normativa básica, a comunicar o incumprimento á consellería competente en materia de sanidade, co obxecto de coordinar as medidas que requiran as circunstancias concorrentes.

A comunicación prevista no parágrafo anterior efectuarase por medios electrónicos nas direccións que se habiliten a estes efectos pola consellería competente en materia de sanidade.

2. A consellería competente en materia de sanidade avaliará a idoneidade das medidas de xestión a adoptar polo xestor e as previsións contidas no protocolo de autocontrol e xestión do abastecemento.

3. Nos casos nos que, á vista do alcance das circunstancias concretas producidas, non se consideren suficientes e idóneas tanto as medidas a adoptar polo xestor como as incluídas nos plans de autocontrol e xestión do abastecemento ou, de ser o caso, nos plans sanitarios, a consellería competente en materia de sanidade realizará unha avaliación do risco sanitario de conformidade cos seguintes criterios:

- 
- a) A probabilidade de que se produzan efectos sobre a saúde se non se toman medidas inmediatas
 - b) A gravidade das consecuencias na saúde.
 - c) A importancia dos posibles incumprimentos.
 - d) A posible repercusión na saúde da poboación afectada.

4. Os criterios anteriores teranse en conta aos efectos da declaración de situación de risco sanitario.


5. Sen prexuízo do anterior, se a entidade que xestiona total ou parcialmente a rede de abastecemento ou o municipio, no caso de xestión directa, considera que as circunstancias acontecidas poden ocasionar un risco grave e inminente para a saúde da poboación, tomará con carácter inmediato as medidas previstas no seu protocolo de autocontrol e xestión do abastecemento e aquelas urxentes que





XUNTA DE GALICIA

considere necesario con carácter previo á confirmación e notificación. Así mesmo, informará, a través das canles e medios de comunicación adecuados, á poboación, aos axentes económicos, a outras persoas ou entidades públicas ou privadas xestoras e aos municipios que puidesen estar afectados, coa maior prema posible, atendendo á entidade do incumprimento e ás posibles repercusións deste na saúde da poboación e, en todo caso, no prazo máximo de vinte e catro horas dende que teña coñecemento das circunstancias acontecidas.





Artigo 18. *Determinación das medidas a adoptar en situación de risco sanitario*

1. Unha vez declarada a situación de risco sanitario, o órgano correspondente por razón do territorio da consellería competente en materia de sanidade determinará se a situación require de actuacións de carácter inmediato e ditará as medidas que deberán ser adoptadas pola entidades xestoras dos abastecementos afectados e polos municipios, así como o contido da información que estes deban proporcionar, de ser o caso, e os medios e canles de comunicación utilizables para isto.

A efectos de coordinación na adopción de medidas, a autoridade competente en materia sanitaria compartirá a información dispoñible sobre a situación detectada con outros órganos ou administracións que ostenten competencias en materias relacionadas e, en particular, con Augas de Galicia ou co organismo de conca correspondente cando a situación de risco sanitario derive dunha seca.

2. As medidas que resulten procedentes segundo criterios sanitarios serán trasladadas polo órgano correspondente por razón do territorio da consellería competente en materia de sanidade as entidades xestoras do abastecemento e ao municipio, aos efectos do seu cumprimento e execución, informando tamén aos demais organismos competentes aos efectos da vixilancia coordinada do seu cumprimento.


3. As medidas sanitarias a adoptar pola autoridade sanitaria poderán consistir, entre outras, en:

a) Establecer a necesidade de levar a cabo a subministración alternativa ante a situación de risco sanitario.

b) Esixir aos xestores a presentación de plans excepcionais que conteñan as pautas necesarias para o tratamento e xestión da situación acontecida, así como as medidas correctoras necesarias.

c) Declarar a auga como non apta para calquera uso ou permitir algún dos usos previstos na lexislación aplicable, tendo en conta o risco sanitario e a situación analizada.

d) Determinar a recollida de mostras e a realización de controis en laboratorio oficial, así como establecer a periodicidade destes. En particular, en atención ás circunstancias concorrentes, determinarase o número das mostras con resultado






XUNTA DE GALICIA

favorable necesarias para recuperar a situación ordinaria de normalidade e para o peche da situación de risco, que en todo caso non serán inferiores a dúas mostras favorables consecutivas.

e) Ordenar a aplicación de técnicas de tratamento adecuadas para modificar a natureza ou as propiedades da auga antes da súa subministración.

f) Calquera outra medida contemplada nas disposicións normativas aplicables ou aquelas que se consideren adecuadas e proporcionadas á situación.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 19. *Peches da situación de risco sanitario*

1. Unha vez resolta a causa que orixinou a situación de risco sanitario, e comprobada a conformidade dos valores paramétricos afectados cos establecidos na normativa básica estatal aplicable, a consellería competente en materia de sanidade procederá a comunicar o peche da situación de risco sanitario ás entidades xestoras, aos concellos, á administración hidráulica e á administración ambiental, segundo corresponda.
2. Pechada a situación de risco sanitario restablecerase a frecuencia do control analítico anterior á declaración de tal situación, salvo que pola autoridade sanitaria se determine de forma motivada a necesidade de establecer unha nova frecuencia analítica durante un período de tempo determinado.
3. A entidade xestora do abastecemento ou o municipio, no caso de xestión directa, informarán a outras persoas ou entidades públicas ou privadas xestoras, municipios e axentes económicos afectados, así como á poboación, do peche da situación de risco sanitario e o restablecemento da situación de normalidade, sen prexuízo das obrigas de información establecidas pola normativa básica estatal a outros suxeitos.






XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO III

Medidas relativas a obras e infraestruturas hidráulicas

Artigo 20. Réxime de execución e financiamento de obras e infraestruturas hidráulicas

As obras e infraestruturas hidráulicas en materia de abastecemento cuxa execución se acorde no marco da presente lei como medida para garantir a subministración de auga apta para consumo humano en situacións de risco sanitario ou para mitigar os efectos derivados dun episodio de seca poderán ser promovidas, financiadas e executadas polas entidades locais ou pola entidade pública empresarial Augas de Galicia, nos termos previstos no presente capítulo e na restante normativa de aplicación.





Artigo 21. Obras e infraestruturas hidráulicas promovidas polas entidades locais e executadas coa colaboración da Administración hidráulica de Galicia

1. As entidades locais, cando carezan por si mesmas ou coa asistencia das deputacións provinciais correspondentes da capacidade técnica e/ou financeira para a execución de obras ou infraestruturas hidráulicas necesarias para garantir o abastecemento no marco dun episodio de seca ou dunha situación de risco sanitario, poderán solicitar a colaboración técnica e/ou financeira da entidade pública empresarial Augas de Galicia para a súa execución, sen prexuízo da colaboración que poida prestarse por outras administracións públicas.

2. En atención ao mandato de colaboración e cooperación entre as administracións local e autonómica que, en materia de abastecemento, establece a Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, o órgano competente da entidade pública empresarial Augas de Galicia, tendo en conta as circunstancias concorrentes e coa finalidade de alcanzar de forma conxunta o obxectivo de garantía de abastecemento no marco das medidas adoptadas en aplicación da presente lei, poderá:

a) Convir coas administracións locais afectadas e/ou con outras administracións públicas, o financiamento conxunto da actuación. Nese caso, a contía das achegas de cada administración así como o resto de determinacións financeiras articularanse mediante a formalización dun convenio de colaboración, que se tramitará con carácter de urxencia, onde se farán constar, ademais, os restantes termos da colaboración técnica no caso de que se acorde.

Excepcionalmente, á vista das circunstancias concretas que caractericen o episodio de seca ou a situación de risco sanitario e atendendo á intensidade da urxencia que requira a execución inmediata da medida en orde a garantir o abastecemento de auga potable á poboación afectada, poderá procederse á contratación de emerxencia das obras pola entidade pública empresarial Augas de Galicia simultaneamente á tramitación do convenio de colaboración no que se establezan os compromisos de financiamento conxunto e de execución da actuación.

b) Acordar o financiamento íntegro das obras con cargo aos orzamentos de Augas de Galicia así como a súa contratación, a redacción da documentación técnica necesaria, a asunción da dirección facultativa da obra así como os controis que en materia de calidade e seguridade e saúde deban efectuarse durante a súa execución.






XUNTA DE GALICIA

Nos dous supostos anteriores, a execución das obras realizarase coa máxima colaboración das entidades locais afectadas en canto á posta a disposición de terreos, unha vez verificada a compatibilidade urbanística da actuación, con plena coordinación entre a dirección facultativa da obra e outras administracións ou organismos que, no seu caso e en virtude de competencias sectoriais, poidan resultar afectados por algún aspecto da súa execución, así como dos restantes termos de colaboración daquelas que se prevexan no correspondente convenio.

3. Unha vez finalizadas as obras ou infraestruturas hidráulicas de abastecemento e recibidas, no seu caso, pola entidade pública empresarial Augas de Galicia, serán entregadas á entidade local correspondente que, como titular da obra e da competencia para a prestación do servizo de abastecemento, asumirá a súa explotación así como o seu mantemento e conservación. A entrega de instalacións entenderase producida tras a formalización da correspondente acta de entrega ou, na súa falta, mediante a notificación á entidade local do acordo no que se dispoña a posta a disposición efectiva das obras ao seu favor.






Artigo 22. Obras e infraestruturas hidráulicas promovidas e executadas pola entidade pública empresarial Augas de Galicia

1. En virtude das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia polo artigo 4.1. c) da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de adopción de medidas extraordinarias en caso de necesidade para garantir a subministración de auga e, en particular, as establecidas no artigo 26.2. g) da devandita lei, que facultan á Administración hidráulica de Galicia para a regulación e xestión de estados de urxencia ou necesidade, Augas de Galicia poderá, con carácter excepcional, dentro do ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, no marco dun escenario de seca distinto ao de normalidade ou prealerta ou dunha situación de risco sanitario, promover e executar, con cargo aos seus orzamentos, obras de captación, transporte, adecuación de infraestruturas ou outras obras ou actuacións directamente relacionadas co abastecemento, cando existan circunstancias de excepcional interese público que determinen a imperiosa necesidade de execución da actuación en cuestión, en orde a garantir, coa máxima celeridade posible, o abastecemento de auga á poboación en cantidade e calidade suficiente.

Para apreciar o excepcional interese público e a imperiosa necesidade de execución, Augas de Galicia atenderá, entre outras circunstancias, á especial intensidade ou gravidade do escenario de seca, á magnitude dos seus efectos adversos no curto prazo, á existencia de inmediato risco sanitario ou de desabastecemento de auga potable para consumo humano, ao grao de suficiencia ou eficacia doutras medidas que, en sede de xestión do episodio de seca ou da situación de risco sanitario, poidan adoptarse previamente na zona afectada para reducir ou minimizar os efectos derivados do dito episodio ou situación ou a capacidade das infraestruturas de abastecemento de competencia das entidades locais para facer fronte, en función do seu estado de conservación, mantemento e execución, aos devanditos efectos.

2. Fóra do ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, de acordo coas previsións que se establezan nos instrumentos de planificación en materia de seca e nas restantes disposicións aplicables que correspondan para cada escenario ou nunha situación de risco sanitario, Augas de Galicia, poderá acordar cos órganos xestores desas situacións a execución, no marco dun escenario de seca distinto ao de normalidade ou prealerta ou dunha situación de risco sanitario, promover e executar, con cargo aos seus orzamentos, obras de captación, transporte, adecuación de infraestruturas ou outras obras ou actuacións directamente relacionadas co abastecemento, como medidas para garantir o






XUNTA DE GALICIA

abastecemento de auga potable para consumo humano, sen prexuízo das fórmulas de colaboración que para a súa execución poidan establecerse entre as distintas administracións implicadas.

3. Unha vez finalizada a actuación de abastecemento e recibida pola entidade pública empresarial Augas de Galicia, salvo os casos nos que a prestación do servizo de abastecemento sexa asumido previamente por esta en virtude dalgún dos mecanismos previstos na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento, será entregada ou cedida á entidade local, segundo os casos, para que, como titular da competencia para a prestación do servizo de abastecemento, asuma a súa explotación nos termos que se determinen, así como o seu mantemento e conservación, sen prexuízo de que poida acordarse, no caso de que as obras sexan de titularidade de Aguas de Galicia, a cesión da propiedade, de ser o caso.






Artigo 23. Réxime de contratación de obras, servizos e subministracións

1. Os expedientes de contratación de obras, servizos e subministracións que, en aplicación da presente lei, sexan promovidos pola Administración hidráulica de Galicia, xa sexa en virtude do réxime de colaboración acordado ou por iniciativa propia, ou polas administracións locais, e calquera que sexa a súa contía, poderán ser obxecto de tramitación de emerxencia, cumprindo os requisitos e de acordo co réxime establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

2. En particular, aos efectos do número anterior, conforme ao disposto no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, poderá acudir-se á tramitación de emerxencia no caso de obras de necesaria execución inmediata para facer fronte a situacións de grave perigo derivadas da declaración pola administración hidráulica competente de insuficiencia de recursos hídricos a efectos do abastecemento de auga para o consumo humano ou da declaración pola autoridade sanitaria competente da situación de risco sanitario.

A estes efectos, no caso de abastecementos con captacións localizadas en encoros, se entenderá que concorre un grave perigo por insuficiencia de recursos hídricos cando as reservas existentes non garantan o abastecemento á poboación nun prazo superior aos tres meses.


3. En caso de contratacións de obra tramitadas pola vía de emerxencia, non será necesaria a elaboración de proxecto de obra. Na súa falta, redactarase un documento técnico descritivo das obras, que terá un grao de detalle suficiente para permitir coñecer o carácter, extensión, localización e finalidade da actuación proxectada así como unha estimación económica aproximada. O devandito documento técnico, que será obxecto de aprobación cos efectos establecidos no artigo seguinte, servirá de base para a contratación das obras polo procedemento de emerxencia así como para a verificación da adecuación da actuación ao plan urbanístico vixente e, no seu caso, para outras tramitacións que poidan resultar necesarias atendendo ás específicas características da obra e á situación concreta de emerxencia.





XUNTA DE GALICIA

4. As prestacións propias dos contratos de obras, servizos e subministracións aos que se refiren os números anteriores poderán tamén executarse previo encargo a medios propios do poder adxudicador de que se trate, de acordo co réxime establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.





Artigo 24. Réxime xurídico das obras e infraestruturas hidráulicas


1. A aprobación das medidas que se adopten ao amparo da presente lei no marco dun episodio de seca e/ou unha situación de risco sanitario, levará implícita a declaración de utilidade pública das obras, sondaxes e estudos que sexan necesarios para desenvolverlas, así como a necesidade de urxente ocupación de bens e de adquisición de dereitos. A declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación referirase tamén aos bens e dereitos comprendidos no replanteo e nas modificacións de obras que poidan aprobarse posteriormente.

Aos efectos anteriores, será imprescindible que os documentos técnicos onde se definan as medidas que sexa necesario executar inclúan unha relación concreta e individualizada en que se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar ou adquirir para a execución da medida ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se realizaron os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa..

En caso de ser necesaria a tramitación de procedementos expropiatorios con motivo da execución de medidas que se aproben ao amparo da presente lei, serán tramitados pola vía de urxencia, de acordo co previsto na normativa en materia de expropiación forzosa.

2. As obras hidráulicas de abastecemento promovidas pola Administración hidráulica de Galicia ao amparo do disposto no artigo 20, non precisarán de licenza municipal, nin estarán sometidas a ningún outro acto de control preventivo municipal, aínda que haberá de solicitarse, con carácter previo á aprobación definitiva do documento técnico descritivo das obras, a emisión por parte das entidades locais afectadas dun informe de adecuación ao planeamento urbanístico vixente.

En caso de informarse a incompatibilidade urbanística da obra, as entidades locais pronunciarase ademais, nese mesmo trámite, sobre a oportunidade da actuación manifestando a súa conformidade ou desconformidade coa súa execución, debendo ser esta última motivada, tendo en conta a ponderación de intereses locais en xogo e a adecuación da medida en orde a satisfacer as necesidades de abastecemento de auga para consumo humano derivadas dun





XUNTA DE GALICIA

episodio de seca ou dunha situación de risco sanitario.

O informe deberá ser emitido e remitido por medios electrónicos no prazo de cinco días hábiles desde a súa solicitude. O transcurso do prazo para a súa evacuación e remisión sen que estas se verifiquen, permitirá a continuación da tramitación do procedemento de acordo co disposto nos parágrafos seguintes, entendéndose a conformidade da entidade local coa execución da actuación.


No caso de compatibilidade da obra co planeamento urbanístico vixente, o órgano competente de Augas de Galicia aprobará o documento técnico, procedendo á súa contratación e execución inmediata.

No caso de que a obra resulte incompatible co plan urbanístico vixente, Augas de Galicia aprobará o documento técnico e requirirase informe, a emitir con carácter de urxencia, á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio sobre os aspectos urbanísticos da actuación e as modificacións do plan que sexan precisas para alcanzar a súa compatibilidade urbanística. Este informe será trasladado ás entidades locais afectadas para que poidan presentar alegacións, que serán emitidas e remitidas por medios electrónicos no prazo de cinco días hábiles.

Unha vez rematados os trámites anteriores, o expediente completo remitirase pola consellería competente en materia de augas ao Consello da Xunta que, se procede, resolverá de xeito motivado en atención ás razóns de urxencia e aos intereses públicos concorrentes. No caso de autorización definitiva da actuación polo Consello da Xunta, no acordo ordenarase tamén o inicio do procedemento de alteración urbanística correspondente con arranxo á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. O acordo do Consello da Xunta será inmediatamente executivo e habilitará a Augas de Galicia para o inicio das obras previa a súa contratación de acordo co establecido na presente lei.

A entidade local afectada non poderá suspender a execución das obras sempre que se cumprise o trámite de informe previo, estea aprobado o proxecto técnico polo órgano competente, se teña efectuada a comunicación de tal aprobación á entidade local afectada e as obras se axusten ao proxecto ou as súas modificacións.

3. No caso de que as obras hidráulicas de abastecemento promovidas pola Administración hidráulica de Galicia ao amparo do disposto no artigo 22 sexan declaradas de emerxencia de acordo co artigo 23, non precisarán de licenza





municipal, nin estarán sometidas a ningún outro acto de control preventivo municipal.

Nestes casos, sempre que sexa posible, comunicarase ás entidades locais afectadas con carácter previo á concorrencia dos requisitos establecidos no artigo 22 e dos presupostos que determinan o carácter de emerxencia das obras, para que poidan manifestar de forma motivada, no prazo que permitan as circunstancias concorrentes, a súa posición ao respecto, tendo en conta a ponderación de intereses locais en xogo e a adecuación da medida en orde a satisfacer as necesidades de abastecemento de auga para consumo humano derivadas dun episodio de seca ou dunha situación de risco sanitario.


Unha vez ponderadas as alegacións das entidades locais afectadas, os órganos competentes de Augas de Galicia poderán aprobar o documento técnico para a realización das obras, declarar a emerxencia e proceder á súa contratación e execución inmediata.

Nestes casos, se a obra fose incompatible co planeamento urbanístico vixente, o concello deberá iniciar o procedemento de alteración urbanística correspondente con arranxo á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A entidade local afectada non poderá suspender a execución das obras sempre que se cumprisen os requisitos establecidos neste número e as obras se axusten ao documento técnico aprobado ou ás súas modificacións.

4. En caso de obras promovidas polas entidades locais e executadas por Augas de Galicia en aplicación dos mecanismos de colaboración establecidos no artigo 21 e que sigan a tramitación de emerxencia na súa contratación, serán aplicable o réxime establecido no número anterior.

5. As obras promovidas e executadas polas entidades locais no marco do establecido na presente lei serán comunicadas, para o seu coñecemento e aos efectos de manter a debida coordinación entre as administracións competentes, a Augas de Galicia.





TÍTULO IV

Medidas adicionais para garantir o abastecemento e a calidade da auga en episodios de seca no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa

Artigo 25. Competencias do Consello Reitor de Augas de Galicia e da Dirección de Augas de Galicia

1. Na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, o Consello Reitor de Augas de Galicia, regulado no Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, será o encargado da xestión do escenario de alerta e prestará apoio no escenario de emerxencia ao órgano competente en materia de protección civil encargado da súa xestión, así como cando estea activada a situación excepcional por seca.

2. O Consello Reitor de Augas de Galicia poderá acordar medidas, no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, nos termos previstos nos correspondentes plans hidrolóxico e de seca aplicables na devandita demarcación, relativas á modificación temporal das condicións de utilización do dominio público hidráulico, calquera que sexa o título habilitante da dita utilización e en particular:

a) Reducir ou modificar as dotacións na subministración de auga que sexan precisas para ordenar a xestión e o aproveitamento dos recursos hídricos. A estes efectos, poderán determinarse as dotacións máximas de auga para abastecemento en alta.

b) Modificar, conforme ao previsto no plan hidrolóxico, os criterios de prioridade para a asignación de recursos aos distintos usos da auga, respectando en todo caso a supremacía do uso consignado no artigo 60.3.1.º do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

c) Acordar a suspensión cautelar do outorgamento de concesións e autorizacións para o uso privativo de auga, revisións ou modificacións que supoñan un incremento no uso da auga.

d) Impor a substitución da totalidade ou de parte dos caudais concesionais por outros de distinta orixe e de calidade adecuada para os usos ao que estean destinados, para racionalizar o aproveitamento do recurso e dar cumprimento ao réxime de caudais ecolóxicos establecido no plan hidrolóxico. Entre outros





XUNTA DE GALICIA

supostos, poderá impoñerse a substitución de caudais destinados á rega, a usos industriais e hidroeléctricos, ou a usos recreativos ou ornamentais por augas rexeneradas.

e) Impor aos titulares de dereitos concesionais, tanto públicos como privados, a obriga de informar, coa periodicidade que se estableza, sobre caudais de auga captada, tratada e fornecida, e de implementar as instalacións para a súa medición en caso de non existir.

f) Impor aos titulares de dereitos concesionais a limitación ou mesmo a suspensión de utilización de caudais de auga para usos recreativos ou ornamentais en fontes públicas, chafarices, pozos, galerías e minas de captación de auga.


g) Modificar as condicións fixadas nas autorizacións de vertido, para protexer a saúde pública, o estado dos recursos e o medio ambiente hídrico e o dos sistemas terrestres asociados. Estas modificacións poderán alcanzar incluso a suspensión temporal daqueles vertidos que poidan ocasionar interrupcións nas operacións de captación e tratamento de auga para abastecemento.

h) Adaptar o réxime de explotación dos aproveitamentos hidroeléctricos ás necesidades derivadas da xestión do episodio de seca, co fin de compatibilizalos con outros usos, de maneira que os recursos hídricos empregados neles poidan ser considerados reservas estratéxicas.

i) Adaptar o réxime de caudais ecolóxicos atendendo ás prescricións establecidas na normativa de aplicación e na presente lei.

3. O Consello Reitor de Augas de Galicia, de acordo co establecido nos plans hidrolóxico e de seca aplicables na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, poderá valorar, atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso, a conveniencia de realizar obras de captación, transporte ou adecuación de infraestruturas de abastecemento ou calquera outra medida proposta nos plans excepcionais elaborados polas administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación, como medida excepcional para mitigar os impactos xerados polo episodio de seca e garantir o abastecemento de auga para consumo humano.

4. O Consello Reitor de Augas de Galicia poderá delegar as facultades previstas nos números anteriores no comité permanente referido no artigo 8 do Estatuto da





XUNTA DE GALICIA

entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.


5. Aos efectos de executar as medidas acordadas de conformidade co previsto nos números anteriores, a persoa titular da Dirección de Augas de Galicia poderá:

a) Adoptar cantas medidas sexan precisas para o eficaz cumprimento dos acordos adoptados polo Consello Reitor e, en particular, aquelas medidas que sexan precisas para facer efectivos os acordos relacionados coa modificación das condicións de utilización do dominio público hidráulico.

b) Impor aos titulares de dereitos concesionais a execución daquelas obras de control ou de medida de caudais que sexan necesarias para unha mellor xestión dos recursos ou acordar subsidiariamente a súa realización, que deberán executarse por conta das persoas obrigadas.

c) Acordar a realización de obras de captación, transporte ou adecuación de infraestruturas e de control da evolución das masas de auga subterránea, nos termos previstos nesta lei, correspondendo a súa contratación ao órgano de contratación de Augas de Galicia.

d) Acordar, en caso de activación dos escenarios de alerta ou emerxencia ou en situacións excepcionais por seca e nos termos previstos na presente lei, a execución de obras de captación, transporte, adecuación de infraestruturas ou calquera outra en materia de abastecemento de auga para consumo humano, que se deriven das medidas adoptadas polos órganos de xestión do episodio de seca para reducir ou minimizar os efectos adversos que se deriven do devandito episodio.





Artigo 26. Medidas relacionadas coa aplicación do réxime de caudais ecolóxicos na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa

1. Conforme á normativa reguladora dos plans hidrolóxicos o plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa establecerá o réxime de caudais ecolóxicos aplicable en condicións ordinarias e en condicións de seca.


A esixencia no cumprimento dos caudais ecolóxicos manterase en todos os sistemas de explotación, coa única excepción do abastecemento ás poboacións nos termos previstos no texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, e na súa normativa de desenvolvemento.

Nos leitos de ríos non regulados a esixencia dos caudais ecolóxicos quedará limitada a aqueles períodos nos que a dispoñibilidade natural o permita nos termos previstos na normativa en materia de augas.

2. A activación dun escenario de alerta ou emerxencia nun sistema de explotación da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa implicará a aplicación directa e inmediata do réxime de caudais ecolóxicos aplicable en condicións de seca, salvo previsión en contrario no plan hidrolóxico da dita demarcación ou na restante normativa aplicable.

A aplicación do réxime de caudais ecolóxicos en calquera outra situación, durante un episodio de seca, atenderá ás previsións do plan hidrolóxico e ao que dispoña o plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

3. Con carácter xeral, durante a vixencia das medidas adoptadas ao amparo da presente lei relacionadas cun episodio de seca, manterase o réxime de caudais ecolóxicos aplicable en condicións ordinarias para as zonas protexidas identificadas no plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa vixente en cada momento. Calquera modificación dos caudais ecolóxicos nestas zonas debe contar con informe da dirección xeral competente en materia de patrimonio natural que terá en conta as limitacións de caudal que de forma natural se producen nunha situación de seca, así como o disposto no artigo 18.4 do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo. O informe deberá ser emitido e remitido por medios electrónicos no prazo de cinco días hábiles desde a súa solicitude.






XUNTA DE GALICIA

4. O Consello Reitor de Augas de Galicia, no ámbito da súa xestión dun episodio de seca, e con carácter excepcional, poderá acordar a non aplicación do réxime de caudais ecolóxicos previsto coa finalidade de satisfacer as necesidades prioritarias de abastecemento á poboación.

Para adoptar esta decisión solicitaranse cantos informes e documentación se consideren necesarios para asegurar que se trate dunha situación na que non existe outra alternativa razoable que poida dar satisfacción á necesidade de abastecemento á poboación sen afectar os caudais ecolóxicos. Para a adopción da decisión deberase contar, como mínimo, con:


- a) Un certificado da administración responsable do abastecemento á poboación no que se xustifique de forma clara que se adoptaron todas as medidas viables e que está en risco o abastecemento á poboación, con indicación no seu caso de problemas de saúde pública ou calquera outra situación excepcional que xustifique a redución de caudais ecolóxicos.
- b) A administración responsable do abastecemento deberá xustificar ante o Consello Reitor de Augas de Galicia a falta de recursos ou a ausencia de infraestruturas que puidesen aproveitalos, así como a previa adopción de todas as posibles medidas de aforro en usos menos prioritarios.
- c) Un informe meteorolóxico onde consten as previsións de precipitación a curto, medio e longo prazo, realizado pola dirección xeral competente na materia.
- d) Un informe de valoración das posibles afeccións ambientais da redución dos caudais ecolóxicos e as medidas que se terían que aplicar para minimizar o impacto, realizado pola dirección xeral competente en materia de patrimonio natural.
- e) Un informe da autoridade sanitaria competente sempre que o certificado da administración responsable do abastecemento identifique algún posible problema de saúde pública.





Artigo 27. Medidas relacionadas coa reutilización de augas depuradas

1. No ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, a reutilización de augas depuradas en substitución dos recursos convencionais rexeráse polo disposto no Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas. Durante un episodio de seca, na tramitación das concesións ou autorizacións necesarias para a reutilización destas augas terase en conta o disposto no artigo 30.
2. En todos os casos de reutilización de augas residuais depuradas aos que se refire o número anterior deberán cumprirse as condicións que estableza o informe vinculante da consellería competente en materia de sanidade, a fin de preservar as garantías sanitarias, así como as que poidan establecer os informes doutras consellerías competentes por razón da materia.
3. No caso de que a auga depurada se destine a usos industriais, tendo en conta as condicións que establecen os números anteriores, poderanse revisar as autorizacións de vertido do efluente de proceso a fin de facer compatibles os valores dos parámetros de control cos novos usos, co límite de que este vertido non poña en perigo recursos destinados ao abastecemento.
4. As administracións titulares ou xestoras das estacións depuradoras de augas residuais adoptarán as medidas precisas para que os caudais depurados poidan reutilizarse de acordo coas condicións que se establezan.






XUNTA DE GALICIA

Artigo 28. Redistribución de recursos procedentes de encoros

Augas de Galicia, dentro do ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, poderá redistribuír os caudais que se capten nos encoros situados nos sistemas de explotación declarados en situación excepcional por seca, coa finalidade de prolongar ao máximo as últimas reservas de auga existentes neles e garantir as necesidades básicas de abastecemento á poboación.

Para ese efecto, poderán fixarse uns volumes máximos de auga a captar en proporción á poboación que se abasteza de cada captación, que poderán ser modificados de maneira progresiva en función dos recursos hídricos restantes nos encoros, co fin de que a redistribución dos caudais teña en conta o estado das reservas de auga e a probabilidade de recuperación destas.






Artigo 29. Medidas específicas en materia de garantía de abastecemento

1. No ámbito da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, a petición das entidades locais, no caso de que estas non poidan exercer as competencias en materia de abastecemento de auga que lles atribúen as leis como consecuencia dun episodio de seca , Augas de Galicia poderá ordenar, logo do informe vinculante da autoridade sanitaria competente, que se emitirá con carácter de urxencia, o destino, con carácter temporal, ao abastecemento á poboación de caudais de auga concedidos para outros usos.

2. No ámbito da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, Augas de Galicia poderá autorizar, a instancia do titular dunha concesión ou da administración responsable da xestión do sistema de abastecemento afectado, e logo do informe vinculante da autoridade sanitaria competente, que se emitirá con carácter de urxencia, derivacións ou captacións de augas superficiais ou subterráneas de emerxencia e a realización das obras asociadas para atender ao abastecemento de auga de poboacións. As autorizacións outorgaranse polo tempo indispensable e a súa vixencia esgotarase en todo caso cando finalice a situación de necesidade que motivou o seu outorgamento.

3. A estes efectos e co fin de garantir o abastecemento á poboación, con carácter temporal e mentres persista o episodio de seca, Augas de Galicia poderá mesmo ordenar a requisa dos dereitos de augas privadas procedentes de fontes, chafarices, pozos, galerías e minas de captación de auga.

4. As actuacións previstas neste precepto enténdese sen prexuízo do dereito dos particulares afectados a ser indemnizados pola administración responsable da xestión do sistema de abastecemento autorizada, nos casos nos que así proceda en aplicación do disposto no artigo 120 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.





Artigo 30. Tramitación dos procedementos para a aplicación das medidas previstas neste título

1. Dada a concorrencia de razóns de interese público, a tramitación dos procedementos para a aplicación das medidas previstas neste título terá carácter de urxencia, de conformidade co previsto no artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Na súa virtude, todos os prazos previstos para a tramitación ordinaria dos devanditos procedementos quedarán reducidos á metade, salvo os relativos á presentación de solicitudes e de recursos.

2. A tramitación dos procedementos de modificación temporal nas condicións de utilización do dominio público hidráulico efectuarase da seguinte maneira:

a) O procedemento iniciárase de oficio polo órgano competente e o acordo de inicio notificarase ás persoas interesadas.


b) O procedemento instruírase pola subdirección xeral competente en materia de xestión do dominio público hidráulico, quen solicitará os informes previos que sexan preceptivos e aqueles outros que considere oportunos e elaborará a proposta de resolución.

c) A audiencia ás persoas interesadas reducirase ao prazo de cinco días hábiles.

d) A resolución do procedemento corresponderá ao Consello Reitor de Augas de Galicia ou ao órgano en quen delegue.

3. A resolución adoptada de acordo co número anterior, que esgota a vía administrativa aos efectos do previsto no artigo 114 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, determinará a modificación das condicións de utilización do dominio público hidráulico durante o período que expresamente se estableza na devandita resolución ou, na súa falta, mentres non se desactive o escenario do episodio de seca que motive as ditas medidas de modificación de uso ou mentres estas non sexan expresamente revogadas.


4. Os procedementos iniciados para a aplicación das medidas previstas neste título non resoltos antes da finalización do episodio de seca serán arquivados unha vez que, de acordo coa normativa ou planificación aplicable, desapareza a situación que motivou a súa adopción, sen prexuízo, no seu caso, dos efectos do





XUNTA DE GALICIA

silencio administrativo para procedimientos iniciados a instancia do interesado.



CSV: BOPGDSPGChMdnG80a6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Artigo 31. *Especialidades do réxime sancionador*


1. Durante a existencia dun episodio de seca serán aplicables os seguintes tipos infractores específicos, dentro do ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa:

a) O incumprimento polos titulares de concesións e autorizacións administrativas, reguladas pola lexislación de augas e costas, das condicións impostas nas resolucións ditadas ao amparo da presente lei, considerarase infracción leve, podendo ser cualificado o dito incumprimento como infracción grave ou moi grave cando concorran as circunstancias establecidas no artigo 86 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

b) A captación de augas superficiais ou subterráneas sen a correspondente concesión ou autorización, así como a realización de traballos ou mantemento por calquera medio que faga presumir a realización ou continuación da captación das indicadas augas, nos ámbitos territoriais correspondentes aos sistemas de explotación nos que se declarase algún dos escenarios correspondentes a un episodio de seca considerarase infracción leve, podendo ser cualificada a dita conduta como infracción grave ou moi grave cando concorran as circunstancias establecidas no artigo 86 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

c) A realización de vertidos non autorizados nos ámbitos territoriais correspondentes aos sistemas de explotación nos que se declarase algún dos escenarios correspondentes a un episodio de seca considerarase infracción leve, podendo ser cualificada a dita conduta como infracción grave ou moi grave cando concorran as circunstancias establecidas no artigo 86 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

As indicadas infraccións serán sancionadas pola Administración hidráulica de Galicia, de acordo co disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, se ben a sanción deberá impoñerse no seu grao máximo, tendo en conta na determinación do importe concreto, dentro do dito grao máximo, os criterios previstos no artigo 87 da indicada lei.






XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional primeira. *Aplicación das limitacións temporais na utilización do dominio público hidráulico ás concesións de augas outorgadas pola Administración hidráulica de Galicia*


1. As concesións de augas que se outorguen pola Administración hidráulica de Galicia durante a vixencia das medidas adoptadas ao amparo desta lei estarán suxeitas ás limitacións temporais na utilización do dominio público hidráulico previstas nela, que deberán incluírse expresamente nos títulos concesionais que se outorguen.
2. Así mesmo, as limitacións temporais na utilización do dominio público hidráulico establecidas nesta lei resultarán tamén de aplicación ás concesións outorgadas no momento da súa entrada en vigor pola Administración hidráulica de Galicia sen necesidade de modificación expresa dos títulos concesionais.





Disposición adicional segunda. *Auditoría e plan de actuacións sobre perdas nas redes de abastecemento*

1. No prazo máximo de dous anos a contar desde a entrada en vigor da presente lei, todas as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación deberán levar a cabo unha auditoría ao obxecto de cuantificar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa. Igualmente deberán publicar a porcentaxe de perda de auga na sede electrónica da Administración correspondente. O resultado desta auditoría será actualizado cunha periodicidade bienal.
2. Para minimizar as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento, as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento á poboación, no prazo máximo de dous anos a contar desde a entrada en vigor da presente lei, deberán igualmente aprobar un plan de actuacións para minimizar as perdas. O devandito plan será actualizado cunha periodicidade bienal.
3. Dentro dos prazos establecidos nos números anteriores, as administracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento deberán remitir a Augas de Galicia unha copia do resultado da auditoría e do plan de actuacións e as súas actualizacións.
4. O incumprimento por parte das entidades locais das obrigas contidas nesta disposición adicional poderá dar lugar á denegación da colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia prevista nesta lei e/ou no Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas.






XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional terceira. *Obriga de instalación de contadores homologados de medición de consumo de auga*

1. No prazo máximo dun ano a contar desde a entrada en vigor da presente lei, os titulares das redes de abastecemento deben dispor de contadores homologados de medición de consumo de auga en todos puntos de captación ou de subministro en alta e nos puntos de subministración final en alta ou en baixa, factúrese ou non a auga, incluídos os consumos propios da entidade subministradora de auga, entre os cales se engloban, entre outros, os consumos vinculados a usos non suxeitos ao canon da auga ou exentos do seu pagamento, de acordo co establecido no artigo 47 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
2. No caso de que os titulares das redes foran administracións locais, estarase a disposto no artigo 15 no suposto de incumprimento da obriga indicada no número anterior.
3. No caso de que os titulares das redes non foran administracións locais, o incumprimento da obriga indicada no número 1 considerárase infracción leve, que será sancionada de acordo co disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, para as infraccións desta cualificación.



CSV: BOPGDSPGChMdnG80a6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional cuarta. *Límite das perdas de auga nas redes de abastecemento*

1. No prazo máximo de tres anos a contar desde a entrada en vigor da presente lei, os titulares das redes de abastecemento adoptarán as medidas necesarias para garantir que as perdas de auga nas redes de abastecemento se sitúen como máximo no 20% do volume total de auga captada.

2. Para estes efectos, as perdas cuantificaranse como a diferenza entre o volume captado ou fornecido en alta e o volume de auga fornecido en baixa, sexa ou non obxecto de facturación, incluíndo os consumos propios da entidade subministradora, medidos ambos volumes en todo caso por contador homologado, sen admitirse outros sistemas alternativos, e expresados en metros cúbicos.






XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional quinta. *Adaptación de plans e protocolos de inspección sanitaria*

A consellería competente en materia de sanidade actualizará os plans e protocolos de inspección existentes, co obxecto de adaptalos ás necesidades actuais, para alcanzar o maior grao de garantía de seguridade nas augas de consumo humano e nas súas redes de abastecemento.






XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional sexta. *Carácter non indemnizable dos efectos provocados polas medidas adoptadas*

As medidas que establece esta lei e as que se adopten na súa aplicación non dan dereito a ningún tipo de indemnización, salvo cando así proceda conforme ao disposto na lexislación de expropiación forzosa, na lexislación en materia de responsabilidade patrimonial da Administración ou noutra normativa aplicable.






XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria primeira. *Vixencia do actual plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa*

Ata que non sexa aprobado o plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa adaptado ás previsións desta lei, continuará aplicándose o plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa vixente no momento da entrada en vigor desta.






XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria segunda. *Vixencia dos actuais plans de emerxencia ante situacións de seca na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa*

Os plans de emerxencia ante situacións de seca aprobados no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa con anterioridade á entrada en vigor desta lei poderán continuar aplicándose no que non se opoñan ao contido desta. Estes plans deberán ser remitidos a Augas de Galicia no prazo máximo de seis meses a contar desde a entrada en vigor da presente lei para analizar a compatibilidade das súas previsións co establecido nesta lei.






XUNTA DE GALICIA

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente lei.






XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia*

Engádese unha subalínea 21 da alínea 30 do anexo 2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

“Actuacións de comprobación e control das declaracións responsables para a realización de actuacións menores no dominio público hidráulico e na súa zona de policía, conforme ao establecido na normativa de augas. 36 €”





Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia*

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o apartado a) do número 16 do artigo 2, que queda redactado do seguinte modo:

“a) Abastecemento de auga en alta ou adución: inclúe a captación, o nacemento e a represa dos recursos hídricos e a súa xestión, incluído o tratamento de potabilización, o transporte por arterias principais e o almacenamento en depósitos reguladores de cabeceira dos núcleos de poboación.”

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 9, que queda redactado do seguinte modo:

“2. Dentro da plena capacidade de obrar de Augas de Galicia compréndese a súa facultade de adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens e dereitos, celebrar contratos, propor a constitución de consorcios, mancomunidades e outras modalidades asociativas de entes locais, formalizar convenios, executar, contratar e explotar obras e servizos, outorgar subvencións, obrigarse, interpoñer recursos e exercer as accións que lle correspondan de acordo coa normativa de aplicación ás entidades públicas empresariais.

A potestade expropiatoria poderá ser exercida pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia atribuíndolle a Augas de Galicia a condición de beneficiaria do procedemento expropiatorio, podendo así mesmo encomendarlle a xestión, de acordo coa lexislación aplicable, de determinadas actuacións de carácter material, técnico ou de servizos, dentro do procedemento expropiatorio.”

Tres. Engádesse un novo número 5 ao artigo 31, que queda redactado como segue:





XUNTA DE GALICIA

“Naquelas infraestruturas públicas básicas de abastecemento supramunicipal xestionadas e explotadas pola Administración hidráulica de Galicia, a concesión para abastecemento á poboación inscribírase no rexistro de augas a favor da entidade pública empresarial Augas de Galicia, previa a tramitación do oportuno procedemento, de conformidade co disposto no artigo 125 do Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.”.

Catro. Incorpórase unha nova letra p) no artigo 85, que quedan redactada como segue:

“p) A inexactitude ou omisión de carácter esencial nos datos, manifestacións ou documentos que se incorporen ou acompañen ás declaracións responsables”.

Cinco. Engádesse un novo número 6 ao artigo 92 , que queda redactado como segue:


“6. A falta de ordenanza local en materia de vertidos á rede de saneamento e depuración de augas residuais, as entidades locais serán competentes, nos seus respectivos ámbitos competenciais, para o exercicio da potestade sancionadora polos feitos descritos das letras b) e e) do artigo 85 conforme as seguintes regras:

a) Cando tales feitos se cualifiquen de infracción leve conforme ao disposto nas letras b) e e) do artigo 85, poderán ser sancionados con multa de ata 15.000 euros.

b) Cando tales feitos se cualifiquen de infracción grave conforme ao disposto no artigo 86, poderán ser sancionados con multa desde 15.001 ata 60.000 euros.

c) Cando tales feitos se cualifiquen de infracción moi grave conforme ao disposto no artigo 86, poderán ser sancionados con multa desde 60.001 ata 100.000 euros.


Xunto coa sanción de multa poderán impoñerse as sancións





XUNTA DE GALICIA

accesorias de peche da instalación de vertido, prohibición de utilización de instalacións ou servizos públicos ou, no seu caso, a suspensión temporal ou a revogación, total ou parcial, da autorización de vertido.”






XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira terceira. *Prazo de adaptación á presente lei do plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa*

No prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei aprobarase un plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa adaptado ao contido desta. O plan será aprobado a través do procedemento regulado polas disposicións regulamentarias aplicables.






XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira cuarta. *Prazo de adaptación á presente lei dos plans de emerxencia ante situacións de seca*

As administracións públicas responsables de sistemas de abastecemento urbano que atendan, singular ou mancomunadamente, a unha poboación igual ou superior a 20.000 habitantes dispoñen dun prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei para a aprobación de plans de emerxencia ante situacións de seca adaptados ao contido desta lei.






XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira quinta. *Gravame sobre as perdas de auga nas redes de abastecemento*

Antes da finalización do prazo previsto na disposición adicional cuarta, o Consello da Xunta aprobará e presentará un proxecto de lei de modificación do canon da auga ou de creación dun novo imposto autonómico co fin de gravar as perdas de auga que se produzan nas redes de abastecemento cando supoñan máis do 20 % da auga captada.



CSV: BOPGDSPGChMdnG80a6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira sexta. *Desenvolvemento regulamentario en materia de augas de consumo humano*

O Consello da Xunta de Galicia aprobará, a iniciativa da consellería competente en materia de sanidade, no marco do disposto na normativa básica de aplicación, unha disposición regulamentaria co obxecto de abordar unha regulación autonómica en materia de augas de consumo humano.

O dito regulamento creará, aos efectos sanitarios, un censo integrado de xestores e abastecementos de auga na Comunidade Autónoma de Galicia co obxecto de mellorar o control sobre os abastecementos de auga, tanto públicos como privados, e facilitar a identificación das persoas afectadas pola obrigaón do seu mantemento.



CSV: BOPGDSPGChMdnG80a6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira sétima. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Habílase ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación desta lei.






XUNTA DE GALICIA

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor*

Esta Lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza
Alfonso Rueda Valenzuela



1. Procedementos de natureza normativa

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario

A Mesa da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do día 23 de setembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Examinados os tres escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade de devolución:

- Do G. P. Mixto (doc. núm. 55977)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 55978)
- Do G. P. Grupo Común da Esquerda (doc. núm. 55997)

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade con solicitude de devolución**, ao **Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario**, [doc. núm. 52558 (10/PL-000017)] en base ás seguintes consideracións.

Dende o Grupo Parlamentario Mixto mostramos a nosa preocupación con respecto de certos aspectos desta nova lei que poderían contravir determinadas disposicións normativas, articulando un réxime de intervención directa por parte da Entidade Pública Augas de Galicia sen desenvolver as tramitacións administrativas que corresponderían, minorando, en consecuencia, o réxime de garantías legalmente establecido.

Conscientes da necesidade da adopción de medidas en orde á debida protección dos recursos hídricos, as medidas adoptadas nesta lei teñen que ir precedidas dunha profunda análise aos efectos de evitar accións que puideran afectar de modo irremediable ao dominio público hidráulico, para o cal, resulta imprescindible que se sigan os procedementos legalmente establecidos coa intervención e o consenso de tódalas administracións implicadas.

Dende o Grupo Parlamentario Mixto, rexeitamos a creación dun réxime sancionador para os concellos en función da existencia de perdas ou fugas nas redes municipais de abastecemento. En lugar de sancionar... por que non se



habilitan axudas efectivas para mellorar as redes municipais e corrixir as eivas que poida haber?

Esta lei producirá ademais contravención das previsións do art. 120 e 231 da Lei 9/2017, ditado ao abeiro do art. 149.1.18ª da Constitución Española, das previsións do art. 58 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, ditado ao abeiro do art. 149.1.23ª da Constitución Española e do art. 18 e art. 38 do Real Decreto 907/2007, ditado ao abeiro do art. 149.1.23ª da Constitución Española, así como das previsións do art. 149.3 no que se determina o carácter supletorio nas Comunidades Autónomas do dereito estatal.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte emenda á totalidade ao proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 18/09/2019 17:11:21

Luis Villares Naveira na data 18/09/2019 17:11:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situación de risco sanitario [10/PL-000017 (doc. núm. 53558)]**, en base ás seguintes consideracións:

O presente proxecto de lei é resultado das présas e a improvisación, o que deriva nunha lei “Frankenstein”, sometido a continuas revisións e modificacións na súa tramitación e obxecto dunha auténtica mutilación e vapuleo por parte da asesoría xurídica xeral.

A este respecto chama a atención a cantidade de modificacións substancias do contido, de cambios de redacción e de supresións do articulado derivados do informe da asesoría xurídica xeral, que ten data do 3 de xullo de 2019. E non deixa de sorprender a intensa actividade de Augas de Galicia nas escasas 24 horas comprendidas entre a emisión deste informe e a elaboración do informe de Augas de Galicia, a revisión e modificación do texto e a aprobación polo Consello da Xunta. Podería dicirse que o departamento de Augas de Galicia traballou máis na redacción da lei nesas 24 horas que nos 24 meses anteriores.

As présas e a improvisación traen causa da parálise e da inacción da Xunta de Galicia, e nomeadamente de Augas de Galicia, no período comprendido entre a aprobación da Lei de augas (2010) e o inicio da tramitación deste proxecto de lei en decembro de 2018, período de tempo de 8 anos no que houbo unha auténtica deixación de funcións por parte da administración hidráulica de Galiza, tanto no que ten que ver co previsto na Lei 10/2001 do Plan Hidrolóxico Nacional, concretamente no artigo 27.4,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como sobre todo nas determinacións da lei 9/2010 de augas de Galicia e na normativa que a desenvolve, especialmente o Decreto 1/2015 polo que se aproba o Regulamento de planificación en materia de augas.

Resulta pois que con este proxecto de lei a Xunta de Galicia pretende impoñer numerosas obrigas ás entidades locais en relación coa cantidade e calidade do abastecemento de auga á poboación cando ao longo de 9 anos a administración galega incumpriu sistematicamente as obrigas do marco legal, nomeadamente as relacionadas coa revisión e actualización do plan de seca e a aprobación do **Plan xeral galego de abastecemento**.

Chama especialmente a atención o incumprimento da obriga de aprobar o **Plan xeral galego de abastecemento**, malia a que estaba incluído nas actuacións do Plan Hidrolóxico Galicia Costa cunha partida de 500.000 euros.

Este instrumento de planificación é fundamental e previo a unha lei como a que se pretende aprobar, tal como se especifica no seu obxecto:

Artigo 15. Obxecto do plan xeral galego de abastecemento

De acordo co previsto no artigo 36 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, o plan xeral galego de abastecemento terá por obxecto:

a) Establecer os criterios xerais e os obxectivos para garantir axeitadamente o abastecemento de toda a poboación galega en coherencia coa lexislación e coa planificación hidrolóxica aplicable.

b) Regular os principios xerais por que se deben rexer os servizos de abastecemento en coherencia co regulamento marco establecido no artigo 31 da Lei 9/2010.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*c) Dispoñer dun **programa de accións específicas dirixidas á racionalización dos consumos de auga e o conseguinte aforro de recursos hídricos.***

*d) **Conter os criterios xerais, en coherencia cos plans de seca, para a elaboración por parte das entidades locais afectadas dos seus plans de emerxencia.***

*e) Definir o **marco xeral de financiamento das obras e das actuacións incluídas no plan.***

*f) **Establecer os criterios e a organización necesaria para o seguimento e, de ser o caso, a revisión do plan.***

*g) **Cantas outras determinacións sexan necesarias para os efectos da realización dos obxectivos da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.***

Un proxecto de lei desta natureza debería vir precedido do desenvolvemento do marco legal e tamén doutras medidas que foron reiteradamente anunciadas e non pasaron de ser un exercicio de propaganda, como o tantas veces anunciado **Pacto Local da Auga.**

Este pacto foi obxecto o 30 de outubro de 2013 dunha comparecencia a petición propia do daquela conselleiro da CMATI, Agustín Hernández, recentemente premiado coa presidencia do Consello Económico e Social de Galicia. Anunciado en outubro de 2013, foi obxecto de sinatura coa FEGAMP en novembro de 2013 e 6 anos despois non pasou da fase dos anuncios, das fotos e das roldas de prensa.

Neste período de tempo, o parlamento galego aprobou, en marzo de 2017, unha proposición non de lei na que se “insta á Xunta a dar prioridade na negociación coa FEGAMP, co obxecto de acadar un acordo no próximo ano, e desenvolver o Pacto Local da auga os seguintes obxectivos:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Determinación de criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas
- O establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia.”

O **Pacto Local da Auga** ficou en papel mollado. Como o **Consello Asesor para o Uso Sustentábel da Auga**, previsto na Lei de Augas de 2010, anunciada a creación en 2013 e *non nato* 6 anos despois. E non estamos diante dunha cuestión menor pois a preservación dos recursos, a eficiencia, o bo uso, a racionalización, a redución, o aforro, a reutilización da auga son un dos eixes centrais da xestión do ciclo da auga.

Mais alá da responsabilidade do goberno galego na situación que se pretende combater coa presente lei, bótase de menos na memoria xustificativa unha análise do actual contexto meteorolóxico, marcado pola tendencia á baixada das precipitacións, á redución dos recursos hídricos dispoñíbeis e a intensificación dos episodios de seca. E máis alá da realidade xa evidenciada empiricamente, bótase en falta unha previsión de escenarios futuros dos que existen predicións recentes que fixo públicas o Observatorio da Sostenibilidade e que debuxan unha evolución moi preocupante en moitas zonas de Galiza nos próximos 30 anos.

O lóxico sería pois contar con todos estes estudos previos e en función deles desenvolver unha planificación que teña en conta as especificidades climáticas e meteorolóxicas das distintas zonas de Galicia, pois a evolución prevista é moi diferente segundo as áreas xeográficas e nalgúns casos mesmo presenta tendencias contrarias.

Un estudo destas características debería ter en conta, ademais da previsíbel evolución do clima, unha diagnose dos recursos dispoñíbeis nas augas superficiais e subterráneas, os efectos sobre a cantidade e a calidade das reservas hídricas de factores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como os usos do solo, o estado das bacías, os lumes, a política forestal, as actividades industriais, o sector agrogandeiro, as infraestruturas ou a demografía.

E aínda que o obxecto desta lei é a garantía de abastecemento á poboación en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, consideramos imprescindible facer unha boa diagnose e unha avaliación das necesidades de abastecemento de auga para garantir a actividade económica, especialmente no caso das necesidades do sector primario en zonas do país sometidas periodicamente a restricións e situacións de seca prolongada.

Por outra parte, no que se refire ao abastecemento para o consumo humano, cómpre facer unha análise a respecto das diferentes situacións que se dan no territorio, fundamentalmente relacionadas co carácter urbano ou rural dos asentamentos, a concentración ou dispersión da poboación, e polo tanto do maior esforzo inversor que teñen que facer os concellos rurais e que teñen unha maior extensión territorial, maior dispersión poboacional e maior número de núcleos residenciais. E en relación co anterior, bótase de menos unha referencia explícita no texto á realidade, aos problemas e ás necesidades das traídas de augas veciñais comunitarias.

Outro dos aspectos que se trata con excesiva lixeireza é o relativo á memoria económico-financeira, da que se infire que esta lei non terá na práctica incremento de custos para a administración autonómica. Parécenos que esta afirmación está completamente fóra da realidade, pois resulta evidente que as administracións locais non dispoñen dos recursos económico-financeiros necesarios para facerlle fronte aos investimentos esixidos pola lei, máxime nun contexto de escaseza de recursos, de infrafinanciamento e de fortes restricións do gasto.

Esta afirmación da memoria financeira é particularmente chocante tamén nun contexto de forte redución do gasto do goberno galego no programa 542 A





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Planificación e xestión hidráulica, no que se deixaron de executar arredor de 200 millóns de euros desde o ano 2009.

Tendo en conta a forte repercusión nas competencias, no gasto e na dispoñibilidade de medios das entidades locais, entendemos que o proxecto de lei non foi consensuado cos concellos. Aínda que se tiveron en conta algunhas suxestións da FEGAMP no tocante aos prazos de aplicación da norma, a realidade é que non houbo o nivel necesario de diálogo, negociación e participación dos concellos, en canto principais destinatarios da lei.

Ademais, de todo o anterior, consideramos que o actual marco competencial, coa limitación das competencias de Galiza ás augas intracomunitarias, dificulta gravemente a xestión integral dos recursos hídricos, polo que se debería avanzar cara a un novo marco legal no que Galiza exercese todas as competencias nesta materia.

Mais consideramos que os aspectos máis nocivos do texto teñen que ver coas previsións de actuacións que deben realizar as entidades locais e cos prazos para a súa execución, que entendemos que están completamente fóra da realidade e son absolutamente inviábeis. Máxime cando a Xunta de Galicia non cumpriu a súa parte do plan e non concreta ningún compromiso, en contra do previsto no **Pacto Local da Auga**, para facerlle fronte a unha situación tan complexa como a da garantía do abastecemento de auga, en cantidade e calidade, para a poboación en situacións de seca e risco sanitario.

Velaquí algúns aspectos irrealis e inviábeis que cómpre corrixir e que xustifican por si sos a devolución do texto:

- 1) Non se fai referencia ao **Plan Xeral Galego de Abastecemento**, que segundo a Lei de Augas e o Regulamento de 2015 deberá “*Conter os criterios xerais, en coherencia cos plans de seca, para a elaboración por parte*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das entidades locais afectadas dos seus plans de emerxencia”. A lei de augas tamén establece que *“Corresponderá tamén a Augas de Galicia a coordinación dos plans de emerxencia das administracións públicas responsábeis de sistemas de abastecemento urbano que sirvan a unha poboación igual ou superior a vinte mil habitantes”*.

2) Non se concretan as medidas previstas no **Pacto Local da Auga**, que deberían establecer os acordos xerais entre a administración autonómica e a local, previos á tramitación da presente lei.

3) Non se desenvolve unha estratexia eficaz para o uso sustentábel da auga, máxime considerando que era obxectivo central do *non nato* **Plan xeral galego de abastecemento** *“Dispoñer dun programa de accións específicas dirixidas á racionalización dos consumos de auga e o conseguinte aforro de recursos hídricos”*.

4) Establécese un procedemento pouco garantista, pouco respectuoso coa autonomía municipal, pouco transparente e nada participativo na contratación de obras de emerxencia. E non se prevé unha avaliación de diferentes alternativas para prever e dar resposta a situacións de seca, considerando especialmente as repercusións das actuacións nos caudais ecolóxicos e os efectos sobre actividades tradicionais.

5) Non se prevén medidas de prevención da contaminación das augas por actividades económicas intensivas e polo encoramento para aproveitamentos hidroeléctricos.

6) A Disposición Adicional Segunda prevé uns prazos absolutamente inviábeis e contraditorios, pois o lóxico sería que houbo un prazo para realizar a auditoría e, unha vez coñecidos os resultados, outro prazo a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguir para aprobar o plan de actuacións. A previsión dun imposto para gravar as perdas superiores ao 20% da auga captada é completamente irreal tendo en conta a situación de partida, con porcentaxes de perda superiores ao 35% e mesmo por riba do 40%. En lugar de medidas punitivas, consideramos máis acaídas medidas de apoio aos concellos, ás mancomunidades, aos sectores produtivos e comunidades de augas que primen a preservación dos acuíferos e das concas fluviais así como ás entidades que xestionen sistemas de abastecemento, tratamento e consumo de auga con criterios de aforro, redución, reutilización, eficiencia e calidade. Ademais, o Plan de actuacións debe elaborarse en coordinación cos instrumentos previstos na lexislación autonómica e estatal de augas e coa cofinanciación correspondente pois resulta evidente a insuficiencia financeira dos concellos para levar a cabo os investimentos necesarios.

7) Non se establece a obriga de realizar auditorías e plans de actuación no caso de empresas que teñen concesións de abastecemento e que contan con infraestruturas obsoletas e elevadas perdas nas redes de condución.

8) Debería establecerse un prazo máis amplo para a instalación de contadores homologados de medición de consumo de auga, polo menos no caso das traídas de augas veciñais. Cómpre ter en conta a importante función social que cumpren estas comunidades, e a necesidade de incrementar as axudas públicas para modernización das redes así como levar a cabo un programa de asesoramento sobre o uso sustentábel da auga.

9) Non se prevén mecanismos de participación social na elaboración dos plans de emerxencia e dos plans de actuación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

10) Incorpóranse numerosos artigos que supoñen a modificación da Lei de augas, polo que o razoábel sería proceder a modificación e actualización da citada lei.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula esta emenda de totalidade ao Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situación de risco sanitario, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/09/2019 17:24:38

Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2019 17:24:44



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, a iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Totalidade, de devolución, ao proxecto de Lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario (doc. núm. 52558, 10/PL-000017).**

Exposición de motivos

Os efectos do cambio climático conducen a un escenario de aumento xeral da severidade das secas tanto meteorolóxicas como hidrolóxicas, debido aos efectos combinados da redución das precipitacións e incremento de temperatura, que ten como consecuencias un aumento da evapotranspiración e como resultado unha diminución da escorrentía media.

É por iso polo que á hora de elaborar estratexias e plans para facer fronte á seca débese asumir como marco de referencia básica o marco de cambio climático en curso, deseñando e aplicando axeitadas directrices de prevención e xestión dos correspondentes riscos derivados, sempre aplicando o principio de precaución, tal e como exige a Directiva Marco de Auga.

Mais aínda cando de forma nominal xa ninguén nega a existencia do cambio climático é preciso, dende as políticas públicas, estar alerta fronte a dinámicas perniciosas que queiran facer dos efectos do cambio climático unha oportunidade de negocio. Xustificar dende unha cultura do formigón, a construción de novas presas e transvases como fórmula base para garantir caudais en períodos de



seca, non só será irresponsable á hora de manexar os recursos públicos, será principalmente inútil e un marco de xestión absolutamente ineficaz. Os períodos de seca nunca son fenómenos de índole local, son sempre fenómenos de índole rexional polo que invertir en transvases e presas non aumentará a dispoñibilidade de recursos hídricos pois: no caso dos transvases tanto orixe como destino estarán sometidos ao mesmo proceso de seca e por tanto nas mesmas condicións de estrés hídrico e, no caso dos embalses, darán lugar a embalses baleiros. (Se existen necesidades de abastecemento en Vigo por mor dun fenómeno de seca, o mesmo fenómeno afectará aos caudais do Verdugo).

Débese, por tanto, apostar por unha nova cultura da auga fronte a unha vella cultura do formigón, recuperando os nosos ríos, recuperando os nosos acuíferos, que son os pulmóns hídricos da natureza e que deben ser as nosas reservas de auga nos períodos de seca. Isto require apostar pola protección e a conservación da calidade ambiental de todas as nosas augas (ríos, acuíferos, humedais, lagos e augas costeiras), como fixa a Directiva Marco de Auga. En resumo, debemos pasar dunha xestión do recurso a unha xestión ecosistémica das nosas augas.

É un erro, á hora de abordar un marco lexislativo para a seca, tratar estes fenómenos como elementos aillados do ciclo integral da auga. A dispoñibilidade de caudais en cantidade e calidade necesarias para reducir a vulnerabilidade ambiental e social en períodos de seca está directamente vencellado á eficiencia e modernización dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración, é dicir, cunha boa xestión do ciclo integral da auga. O proceso privatizador dos últimos anos inseriu a xestión da auga nun contexto de prioridade do beneficio privado sobre o ben común. As consecuencias deste modelo son claras: falta de inversión na rede de abastecemento (como consecuencia unha porcentaxe de fugas inadmisibles) e obsolescencia dos sistemas de captación, potabilización e depuración das augas.



Cómpre recuperar o ciclo integral da auga para o ben común, o que significa aplicar un modelo de xestión baseado en criterios de sustentabilidade e de beneficio social e ambiental, abordando a necesaria modernización das redes de abastecemento e saneamento (para o cal é fundamental apostar pola investigación), primando o aforro, a eficiencia e a participación social. O novo modelo de xestión da auga para que sexa eficaz fronte á seca, deberá priorizar as estratexias de “xestión da demanda” fronte aos tradicionais enfoques de “xestión da oferta”.

Este Proxecto de Lei prantexa un marco legislativo para a xestión da seca baseado nun enfoque absolutamente erróneo que resultará inútil á hora de facer fronte aos efectos da seca. Proponse un marco de xestión ineficaz para reducir a vulnerabilidade social e ambiental ante un aumento xeral da severidade dos ciclos de seca dentro dun escenario de cambio climático en curso. Por outra banda, este proxecto de Lei incumpre de forma sistemática os principios básicos da Directiva Marco de Auga.

Enúncianse a continuación os elementos fulcrais que fundamentan a enmenda á totalidade de devolución ao presente Proxecto de Lei:

- Este Proxecto de Lei incide de forma recorrente nun erro de enfoque baseado na xestión da auga como “recurso”, incumprindo unha das premisas básicas da Directiva Marco de Auga baseada na “xestión ecosistémica” das nosas augas.

Os períodos de seca son fenómenos recorrentes que incrementan temporalmente a presión sobre as nosas augas. Por tanto requiren unha xestión que as anticipe e as prevea, permitindo mitigar os seus efectos negativos. Dispoñer de acuíferos en



bo estado xoga un papel fundamental para asegurar o abastecemento en épocas de seca.

Unha xestión eficaz require dun marco de acción que garanta a existencia e dispoñibilidade de caudais en calidade e cantidade suficiente para reducir e paliar a vulnerabilidade ecolóxica e social en períodos de seca. É por iso polo que a Directiva Marco de Auga debe ser o marco no que se engloben as políticas públicas de xestión para a seca, pois fixa como obxectivo fundamental a protección e conservación da calidade ambiental de todas as augas (ríos, acuíferos, humedais, lagos e augas costeiras).

Este Proxecto de lei non prevé medidas encamiñadas á recuperación do bo estado ecolóxico dos ecosistemas acuáticos e o bo estado dos acuíferos que debера contituír a base da estratexia de prevención e xestión de riscos de seca. Non se menciona a necesidade de accións encamiñadas a recuperar e conservar a inercia funcional, así como as capacidades rexenerativas e de resiliencia destes sistemas naturais (con especial atención a acuíferos e humedais)

Asemade ignórase que a contaminación sistémica de ríos e acuíferos, agravada pola extracción abusiva de caudais, é outra das pezas fundamentais que fragiliza a nosa capacidade de xestión das secas, ao reducir a dispoñibilidade de augas de calidade.

-Non se establece o principio de precaución, tal como exige a Directiva Marco de Auga, á hora de elaborar estratexias e plans para facer fronte á seca no marco de cambio climático en curso, deseñando e aplicando axeitadas directrices de prevención e xestión dos correspondentes riscos derivados.

Na dinámica de cambio climático en curso entre os fenómenos relevantes que poderemos prever está o da diminución de esorrentía media, como consecuencia



da elevación da temperatura media e o conseguinte aumento da evapotranspiración da vexetación natural e cultivada. Por outra banda, a crecente forestación das cabeceiras, ao longo das últimas décadas, veu xeranando unha forte redución da esorrentía que aínda ten un percorrido por desenvolver.

Referente ao réxime pluviométrico, a incertidume é elevada, aínda que parece clara a tendencia a incrementarse a variabilidade climática, aumentando a frecuencia e intensidade dos ciclos de seca e dos fenómenos tormentosos e de gota fría. Isto debera levarnos a revisar a tradición de asumir a esorrentía media como base para avaliar a dispoñibilidade de caudais. A planificación debe basearse nun núcleo duro que asuma como referencia base os anos de escasez e non os de pluviosidade media. É por iso que a elevada incertidume existente en torno a tales fenómenos non pode xustificar unha actitude pasiva. Todo o contrario, a Directiva Marco de Auga exige incorporar na planificación a xestión de riscos baixo incertidume dende a aplicación do citado principio de precaución.

A planificación debe, por tanto, prever o previsible mais tamén establecer estratexias de prevención e xestión dos crecentes riscos de seca que se xeneran dende as dinámicas de cambio climático en curso, baixo o principio de precaución.

-Establécese un marco de xestión que non é útil para afrontar os períodos de seca, dado que se incurre de forma sistemática no erro de establecer estratexias de “oferta”, en lugar de priorizar estratexias de “demanda”, tal como indica a Directiva Marco de Auga.

Para establecer un marco de xestión eficaz supón un erro partir dunha concepción coxuntural e excepcional do que significan os períodos de seca. Cómpre asumilos como un fenómeno recorrente, estrutural e inevitable que implica necesariamente mudar a concepción ata agora establecida e afrontar a



problemática dende unha óptica de escasez crónica da auga. É dicir, asumir dende a planificación hidrolóxica a necesidade de que a demanda siga superando a dispoñibilidade do recurso.

Dende unha estratexias “de oferta” téndese a centrar esforzos en dispoñibilizar caudales regulados para o desenvolvemento de novos usos. Este proxecto de lei xustifica novos desenvolvementos “de oferta” para facer fronte a ciclos de seca, en lugar de centrar os esforzos en deseñar estratexias de prevención e xestión de novos ciclos. Trátase dunha estratexia absolutamente errada e non eficaz, pois asume os ciclos de seca como fenómenos locais, cando estes teñen carácter rexional, polo que invertir en transvases e embalses non aumentará a dispoñibilidade de recursos hídricos pois: no caso dos transvases tanto orixe como destino estrán sometidos ao mesmo proceso de seca e por tanto nas mesmas condicións de estrés hídrico e, no caso dos embalses, darán lugar a embalses baleiros.

- Incúrrese no erro de abordar un marco lexislativo para a xestión da seca, como un elemento aillado da xestión do ciclo integral da auga.

A dispoñibilidade de caudais en cantidade e calidade necesarias para reducir a vulnerabilidade ambiental e social en períodos de seca está directamente vinculado á eficiencia e modernización dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración, é dicir, a unha correcta xestión do ciclo integral da auga.

O proceso privatizador dos últimos anos inseriu a xestión da auga nun contexto de prioridade do beneficio privado sobre o ben común. As consecuencias deste modelo son claras: falta de inversión na rede de abastecemento (como consecuencia unha porcentaxe de fugas inadmisibles) e obsolescencia dos sistemas de captación, potabilización e depuración das augas.



Cómpre recuperar a o ciclo integral da auga para o ben común, o que significa aplicar un modelo de xestión baseado en criterios de sustentabilidade e de beneficio social e ambiental, abordando a necesaria modernización das redes de abastecemento e saneamento, para o cal é fundamental apostar pola investigación.

-Débese afondar no desenvolvemento de mecanismos de participación cidadá como garantía dunha xestión eficaz dos ciclos de seca, tal e como indica a Directiva Marco de Auga.

A Directiva Marco de Auga fixa como un dos elementos fundamentais a participación cidadá nos procesos de planificación hidrolóxica. O Organismo de Conca débese encargar de fomentar e promover a participación activa das partes interesadas no proceso de planificación.

-Este Proxecto de lei non inclúe elementos que condicionen o desenvolvemento urbanístico á dispoñibilidade de auga, coa fin de evitar a futuro situación de vulnerabilidade social en períodos de seca.

É fundamental para un Proxecto de Lei sobre a Seca, que se introduzcan medidas de ordenación urbanística e territorial, que garantan perspectivas de sustentabilidade. Debéranse acometer as reformas lexislativas necesarias para que as novas urbanizacións requiran dun certificado de dispoñibilidade de caudais (con garantía de abastecemento en períodos de seca), expedido polos organismos responsables da xestión de augas.



Por todo o exposto, o Grupo Común da Esquerda solicita a devolución do **Proxecto de Lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.**

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e vicevoceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 18/09/2019 18:08:39

Antón Sánchez García na data 18/09/2019 18:08:50



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

2. Comparecencia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

2.1 56743(10/CPP-000110)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Economía, por petición propia, para dar conta da grave situación xerada en Galicia ante as políticas do Goberno central que están a provocar o peche das centrais térmicas das Pontes de Meirama e a necesidade dunha transición enerxética xusta



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia urxente - ante o Pleno - do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, a petición propia, para dar conta ***“da grave situación xerada en Galicia ante as políticas do Goberno central que están a provocar o peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama e a necesidade dunha transición enerxética xusta”***.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019.

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez
(ASINADO DIXITALMENTE)

Adscrita por: GARCIA, SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 30/09/2019 19:07:43

CVE: pla25xv-4i3
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3.1 55719(10/MOC-000157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora continua do sistema educativo galego. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 53912, publicada no "BOPG" nº 521, do 29.8.2019, e debatida na sesión plenaria do 10.9.2019)

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 10 de setembro de 2019, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa mellora continua do sistema educativo galego (doc. núm. 53912).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Presentar antes do remate deste período de sesións un plan de avaliación dos programas de experimentación e innovación educativa que está a desenvolver a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, nomeadamente:

- a) Os que permitan coñecer a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos múltiples programas que veñen funcionando nos últimos cursos relacionados co plurilingüismo.
- b) O I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia.
- c) A introdución á robótica educativa en primaria.
- d) O bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía.

2º) Presentar, antes do remate do actual curso académico 2019/20, un plan de recuperación das condicións laborais do profesorado non universitario conforme ao marco establecido con anterioridade ao regulado nas ordes do 23 de xuño de 2011 e do 4 de xuño de 2012.

3º) Mellorar na planificación e xestión das obras que afectan aos equipamentos escolares para minimizar o impacto sobre o alumnado no inicio do curso académico.

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2019 16:37:42
Nº Rexistro: 55719
Data envío: 13/09/2019 16:37:42.215

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2019 16:36:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/09/2019 16:36:53

CSV REXISTRO de CSVs
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4. Proposicións non de lei

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 33899(10/PNP-002566)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre a poboación infantil

Publicación da iniciativa, 349, 31.08.2018

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre as franxas de idade máis novas.

O Goberno da Xunta de Galiza vén aplicando unha política regresiva en relación coa normalización da lingua galega desde o ano 2009 o que constitúe, de facto, unha vulneración do marco legal vixente, que inquire directamente aos poderes públicos galegos a avanzar na normalización da nosa lingua propia e reverter o proceso de exclusión e marxinação vividos historicamente.

O elemento central desta política antigalega é o denominado *Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza*, un decreto amplamente rexeitado pola comunidade educativa, asociacións a prol da lingua, sindicatos e mesmo por institucións como a Real Academia da Lingua Galega ou o Consello da Cultura.

Estudos sociolingüísticos publicados recentemente pola Academia, o Consello da Cultura ou desde o ámbito da investigación universitaria, reflicten non só a perda de falantes en lingua galega senón tamén a pervivencia e reprodución de prexuízos e estereotipos sobre o idioma propio, así como a persistencia dunha competencia desigual en galego e en castelán, con deficiencias moito máis evidentes no caso da lingua galega.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2018 10:20
Nº Rexistro: 33899
Data envío: 31/07/2018 10:20:24.561

Neste contexto, a Xunta de Galiza fixo público un documento básico para a creación do denominado *Plan de dinamización da lingua galega na mocidade (2018-2022)* no que recolle as áreas e medidas que prevé incorporar ao mesmo. Accións dirixidas á poboación situada entre os 14 e 30 anos de idade o que supón deixar fóra da política de normalización lingüística as franxas de poboación nas que máis se está a producir –e de maneira máis intensa- a ruptura da transmisión interxeracional do galego e o proceso de substitución lingüística.

Alén diso, para o ámbito educativo a Xunta de Galiza só prevé “realizar unha programación estábel e periódica de actividades de información e sensibilización sobre o uso do galego para os diferentes membros da comunidade educativa” e “fomentar e potenciar o uso da lingua galega na contorna escolar e promover espazos de lecer en galego”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a, en cumprimento do establecido no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG), para o sector da Educación, derroque o Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza e elabore un novo decreto que cumpra as seguintes medidas:

1. No ensino infantil:

- a) Establecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes.

b) Fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornas nos que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe se vaia incrementando progresivamente.

c) Desenvolver programas experimentais en galego para castelanfalantes, asegurando o seu rigor pedagóxico, así como o seu seguimento e avaliación.

d) Fomentar a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, na perspectiva de que este se converta no idioma de base da aprendizaxe escolar.

2. No ensino obrigatorio:

a) Na educación primaria garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Á parte da área de coñecemento do medio natural, social e cultural fomentárase que se impartan nesta lingua materias troncais en toda a etapa, como as matemáticas.

b) Na educación secundaria obrigatoria garantir, que como mínimo o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Dentro das posibilidades de cada centro, tenderase a que entre as materias que se impartan nese idioma figuren as matemáticas e a tecnoloxía.

c) Nos bacharelatos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego.

d) Nos ciclos formativos garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Deberase asegurar, ademais, que o alumnado coñeza o vocabulario específico da especialidade en lingua galega.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2018 10:20
Nº Rexistro: 33899
Data envío: 31/07/2018 10:20:24.561

e) Realizar en todos os centros un seguimento e avaliación anual do grao de galeguización do currículo e da súa efectividade”.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 31/07/2018 10:17:15

María Montserrat Prado Cores na data 31/07/2018 10:17:21



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2018 10:20
Nº Rexistro: 33899
Data envío: 31/07/2018 10:20:24.561

Ana Pontón Mondelo na data 31/07/2018 10:17:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/07/2018 10:17:25

Noa Presas Bergantiños na data 31/07/2018 10:17:27

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2018 10:17:30

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 52240(10/PNP-003907)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión dos xurros e residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva que se esta a levar a cabo na comarca da Limia

Publicación da iniciativa, 502, 10.07.2019

A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre a xestión dos residuos gandeiros na comarca de A Limia.

Exposición de motivos:

Na Comarca da Limia, de xeito que foi desaparecendo a agricultura e gandería tradicional, e mudando cara un modelo intensivo, as augas da bacía hidrográfica do Río Limia vanse tornando cada vez máis contaminadas.

Hoxe, esta comarca soporta unha carga gandeira de máis de 75.000 UGM, equivalente a unha poboación de 1.6000.000 habitantes, que producen unha cantidade maior a un millón de toneladas de residuos que acaban depositándose ao aire libre e sen ningún tipo de depuración, tratamento, precaución e protección.

A Comarca da Limia está a padecer unha severa agresión pola xestión que na actualidade se fai dos residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva, e máis particularmente as dedicadas a produción de porcino e avícola. Aínda que o artigo 2 da lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos sólidos e solos contaminados exclúe segundo o disposto no apartado e), As materias fecais, palla e outro material natural, agrícola ou silvícola non perigoso utilizado en explotacións agrícolas e gandeiras mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medioambiente, NON AMPARA EN ABSOLUTO as prácticas que de forma rutineira e xeneralizada estanse a aplicar na Comarca da Limia e que si supoñen un dano irreparable para o medioambiente e a saúde humana :





- Proceso de eutrofia acusada no Encoro das Conchas,
- Aumento constante dos niveis de concentración de Nitratos nas augas subterráneas.
- Afección irreversible o encoro de Faramontaus (presa de Gudín) non sendo apta na actualidade para abastecemento...
- Empobrecemento da biodiversidade.
- Degradación paisaxística da comarca
- Mala calidade do aire (cheiro constante a xurro).

Tamén o artigo 3 da Lei 10/2008 do 3 de novembro establece que quedan fora do seu ámbito de aplicación: Os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras consistentes en materias fecais e outras sustancias naturais e non perigosas cando se utilicen no marco das explotacións agrarias.

Esta exclusión non ampara as aplicación incontroladas de xurro que se fan durante longos períodos do inverno sobre extensas superficies de mato (toxo e xestas) que baixo a escusa dun suposto abonado non persegue máis fin que o desprenderse do xurro en exceso motivado por saturar a comarca cunha carga gandeira irracional.

De igual xeito deixase fora de control e mírase cara outro lado en relación as condicións mínimas que deben gardar os depósitos de esterco ó aire libre (sobre todo de galiña) que se observan durante o inverno/primavera en moitas parcelas e campos de cultivo e que poden ocasionar de forma evidente episodios de contaminación.





Por todo isto, o Grupo Parlamentario Mixto, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Entregar aos grupos parlamentarios a seguinte documentación:

- a. Documentación sobre as medidas que se están a tomar para evitar que baixo un suposto amparo legal se leven adiante as prácticas descritas anteriormente e que a todas luces danan irreparabilmente o medioambiente e a saúde das persoas.
- b. Documentación sobre as medidas que se están a tomar en relación ó depósito de esterqueiras ó aire libre e en contacto directo sobre o chan sen ningún tipo de soleira impermeabilizada.
- c. Documentación sobre os controis que se fan respecto a xestión de envases de produtos fitosanitarios, xa que se seguen a ver numerosos episodios de envases directamente abandonados sobre o campo ou balsas de rega como se pode observar nunha das fotografías.
- d. Documentación sobre que medidas de control se están a someter as empresas, especialmente a denominada ASER, no tocante o transporte e distribución de xurros.
- e. Censo actualizado a día de hoxe da carga gandeira que está a soportar a Comarca da Limia.

2. Abrir unha investigación contactando coas autoridades competentes para depurar responsabilidades sobre o estado no que se atopa o chan e as augas da Comarca da Limia afectadas por este elevado nivel de contaminación.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 18:14:46
Nº Rexistro: 52240
Data envío: 03/07/2019 18:14:46.657

3. Facer unha moratoria na comarca da Limia a instalación de novas granxas.
4. Ordenar as explotacións existentes e adoptar unha xestión ambientalmente sustentable dos residuos agrogandeiros xerados, que cumpra co Dereito da Unión Europea.
5. Revisar as superficies asociadas as explotacións de porcino.
6. Esixir as explotacións unhas balsas para a xestión de xurros adecuadas ó tamaño da explotación.
7. Facer un control exhaustivo sobre as empresas dedicadas ó transporte de xurros.
8. Por en funcionamento o centro de tratamento de xurros sito na Limia para tratar os excedentes producidos pola excesiva carga de porcino autorizada pola Consellería de Medio Rural.
9. Publicar un Decreto de Xestión de Residuos Agrogandeiros de obrigado cumprimento.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2019 18:08:44

CSV REXISTRO9eKzKZ6Z7
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2019 18:14:46
Nº Rexistro: 52240
Data envío: 03/07/2019 18:14:46.657

Luis Villares Naveira na data 03/07/2019 18:09:01

CSV REXISTRO
Villares
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 52566(10/PNP-003928)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas á incorporación no Anteproxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia dun artigo no cal se estableza a creación dun observatorio galego de xogos que teña entre as súas funcións elaborar un protocolo de menores en materia de xogo e un informe anual sobre o xogo na comunidade autónoma

Publicación da iniciativa, 508, 19.07.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2019 13:39:26
Nº Rexistro: 52566
Data envío: 12/07/2019 13:39:26.843

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, M^a Julia Rodríguez Barreira, Beatriz Mato Otero, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O Goberno galego está a tramitar un Anteproxecto de Lei de xogos de Galicia co que se pretende axustar a normativa existente na materia á realidade actual introducindo maiores controis de acceso ao xogo por parte dos menores, maiores restricións en materia de publicidade no xogo presencial, actualizar o réxime sancionador, medidas de planificación dos establecementos de xogo e das máquinas recreativas e de apostas así como recoller principios reitores da actividade de xogo e políticas de xogo responsable.

En consonancia con todo iso consideramos necesario que se elabore un protocolo de menores en materia de xogo e apostas que sexa utilizado polas empresas e establecementos de xogo en Galicia, que o novo texto legal incorpore tamén a creación dun observatorio do xogo e que o órgano competente en materia de xogo elabore un informe anual sobre o xogo na nosa Comunidade.

Na situación actual resulta imprescindible coñecer, analizar e difundir a situación xeral do sector do xogo na Comunidade Autónoma de Galicia, detectar fenómenos e aspectos emerxentes en relación co xogo e a súa percepción social, analizar o impacto das políticas públicas de xogo no sector empresarial, nas persoas xogadoras e na sociedade en xeral, intercambiar información co resto de institucións a nivel autonómico e estatal así como realizar investigacións e estudos específicos en materia de xogo.

Todas estas funcións serían levadas a cabo polo Observatorio Galego de xogos e a súa creación debe incorporarse no novo texto que se está a tramitar da Lei reguladora dos xogos de Galicia.

Tamén consideramos imprescindible que o órgano competente en materia de xogo da Comunidade Autónoma de Galicia elabore un Informe Anual onde se recollan todos os

CSV: REXISTRO02rdeUP8
https://repositorio.parlamentodegalicia.gal/ramites/csv/



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2019 13:39:26
Nº Rexistro: 52566
Data envío: 12/07/2019 13:39:26.843

datos relativos aos expedientes de xogo tramitados en Galicia, o número de establecementos de xogo, o número de máquinas recreativas e de apostas, o total de expedientes sancionadores así como o número de altas e baixas no Rexistro Autonómico de Prohibidos.

Tal e como especifica a normativa galega, os menores teñen prohibido o acceso a todos os establecementos de xogo e prohibida tamén a práctica dos xogos. Resulta necesario que desde o órgano competente en materia de xogo se elabore un protocolo de menores en materia de xogo que recolla o conxunto de actuacións dos diferentes axentes implicados nos problemas que puideran xurdir en relación cos menores e os establecementos onde se practican todo tipo de xogos así como o mellor xeito de proceder nestes casos concretos.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

- 1.- Que no anteproxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia se incorpore un artigo no que se estableza a creación dun Observatorio galego de xogos
- 2.- Que entre as funcións do dito observatorio estean elaborar un protocolo de menores en materia de xogo, así como un informe anual sobre o xogo na nosa Comunidade”.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/07/2019 13:33:48

Paula Prado Del Río na data 12/07/2019 13:34:06

Jacobo Moreira Ferro na data 12/07/2019 13:34:20

José Manuel Rey Varela na data 12/07/2019 13:34:35

Alberto Pazos Couñago na data 12/07/2019 13:34:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO20190712
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2019 13:39:26
Nº Rexistro: 52566
Data envío: 12/07/2019 13:39:26.843

María Julia Rodríguez Barreira na data 12/07/2019 13:35:05

Beatriz Mato Otero na data 12/07/2019 13:35:19

Raquel Arias Rodríguez na data 12/07/2019 13:35:41

María Guadalupe Murillo Solís na data 12/07/2019 13:35:58

Moisés Blanco Paradelo na data 12/07/2019 13:36:35

CSV: REXISTRO02d6eUP8
Validación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 54445(10/PNP-004031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución que presentan os desequilibrios territoriais en Galicia e o despoboamento dalgunhas comarcas, así como a garantía do acceso aos servizos básicos ao conxunto da poboación na totalidade do territorio

Publicación da iniciativa, 524, 04.09.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 11:48:10
Nº Rexistro: 54445
Data envío: 29/08/2019 11:48:10.645

Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado-portavoz Xoaquín Fernández Leiceaga e da súa deputada Teresa Porritt Lueiro, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Nos últimos dez anos os desequilibrios territoriais en Galicia non fixeron máis que aumentar. Hai unha Galicia en marcha lenta e unha Galicia en marcha atrás. Temos **28 comarcas** que viron nos dez anos do seu mandato reducirse a poboación en conxunto nun 15 %. Corresponden a todas as provincias. Pero algunhas, singularmente en Ourense (Terra de Caldelas) ou Pontevedra (A Paradanta), perderon un habitante de cada tres. Para esta Galicia baleirada as súas políticas deseñan un futuro extremadamente complicado: as previsións do IGE son de que perderán un 20% da súa poboación nos 15 vindeiros anos. Algunhas (Viana, a Baixa Limia, Celanova, Ancares, Ortegal, a Terra de Soneira, ...) mais. É unha Galicia de persoas maiores, de pensionistas. Con tantas persoas percibindo unha pensión como afiliadas á Seguridade Social. A 20 puntos de distancia en renda por habitante da media de Galicia. E que perdeu con vostede nestes anos emprego a un ritmo tres veces superior á do conxunto de Galicia.

Nesta Galicia apenas nacen nenos. Na Terra de Caldelas, 10 no último ano. Na Terra de Trivés ou a comarca de A Fonsagrada, 14. E cando nacen ven que as escolas péchanse por falta de efectivos; e cando chega o tempo de ir ao Instituto comprobamos que carecen de transporte público adecuado. E que para socializarse teñen tamén que desprazarse ás cidades. Cando chegan á idade adulta as posibilidades de atopar emprego alí onde viviron son moi limitadas e se deciden emprender ou montar unha empresa atópanse coas dificultades de comunicacións, con que o wifi non marcha ben ou con que fallan os profesionais necesarios. E a reordenación das áreas sanitarias introduce incerteza sobre a calidade dos servizos sanitarios próximos. Realmente, en moitas comarcas a única industria que funciona ben é a dos tanatorios.

CSX: REXISTROmbOouuKD5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 11:48:10
Nº Rexistro: 54445
Data envío: 29/08/2019 11:48:10.645

Non chega con reducir impostos. Non nos opoñemos a mellorar as condicións tributarias nesta Galicia baleirada. Simplemente, non é dabondo. Pedimos resultados. Nin as medidas da Xunta de Galicia funcionaron nin ten nada diferente que ofrecer para o futuro. Nin os Plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense deron resultados apreciábeis. ¿É posible ter hoxe xa un balance dos mesmos? ¿Funcionaron ou non funcionaron? Nin os préstamos do IGAPE chegan a estas comarcas. ¿Cantos préstamos IGAPE foron concedidos nos últimos 3 anos nestas comarcas da marcha atrás? (0) Nin o investimento da Xunta de Galicia nos últimos anos está orientado á corrección dos desequilibrios.

Fai falla decisión e perseverancia. Fai falla planificación e profesionalidade. Fai falla actuar nos servizos básicos, nas infraestruturas de comunicación, no apoio ás iniciativas emprendedoras, na atracción de investimentos. Non é imposible reverter a situación, a medio e longo prazo. Nalgúns territorios europeos conseguírono. Só lle pedimos ao goberno galego que abandone as receitas pouco eficaces. Que revise, aquí tamén, as políticas que condenan a unha morte rápida á Galicia baleirada. A Galicia da marcha atrás non pode agardar....porque en 15 anos non quedará en moitas comarcas apenas xente para ter conta do territorio.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer pautas para a elaboración dun mapa de servizos básicos que garanta o acceso para o conxunto da poboación na totalidade do territorio de Galicia, dentro dun límite de tempo e de distancia que debe fixarse na lei. Unha vez completado este mapa, nun prazo de tempo determinado, debера establecerse un programa de actuación con dotación económica e calendario.
2. Na Galicia en risco de despoboamento toda decisión da administración autonómica que supoña o peche dun servizo básico para a poboación debería contar cun informe do organismo especializado de asesoramento previsto na lexislación, e mentres non exista, do Consello Económico e



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 11:48:10
Nº Rexistro: 54445
Data envío: 29/08/2019 11:48:10.645

Social de Galicia. Un resumo dos informes tería que ser trasladado con carácter anual ao Parlamento de Galicia.

3. Crear un **“Fondo de Cohesión Demográfica”** determinado con criterios obxectivos e con destino ás administracións locais para poñer en práctica actuacións fundamentais para o impulso da súa poboación e que prevea a eliminación do confinanciamento nos programas da Xunta de Galicia para concellos en grave crise demográfica.
4. Así mesmo, o transporte público debería adaptarse de xeito que:
 - Garante a accesibilidade aos centros prestadores de servizos básicos .
 - Tivese rutas e horarios compatibles cos horarios laborais e de formación.
 - Establecer un Plan para o transporte ferroviario de proximidade.
5. Gratuidade no transporte público para os mozos e mozas menores de 19 anos.
6. Mellora da conectividade de banda larga en todo o territorio, para acadar unha cobertura de preto do 100% da poboación.
7. Creación dunha Axencia pública, para o equilibrio territorial, con carácter despolitizado, profesional e independente, seguindo o modelo escocés da *“Highlands and Islands Enterprise”* e constitúe un referente positivo que pode adaptarse as circunstancias de Galicia, coa que poidan colaborar outras administración, e que planifique, programe e xestione actuacións públicas para a garantía dos servizos básicos e para a atracción de empresas e a creación de emprego.

Pazo do Parlamento, 29 de agosto de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Teresa Porritt Lueiro
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 11:48:10
Nº Rexistro: 54445
Data envío: 29/08/2019 11:48:10.645

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/08/2019 11:44:56

María Teresa Porritt Lueiro na data 29/08/2019 11:45:08



CSV REXISTROpmbOoukD5
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 55264(10/PNP-004086)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 13 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir a actividade dos centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San Cibrao e un marco enerxético estable e competitivo, así como a aprobación dun estatuto de apoio ás empresas electrointensivas. (Procedemento de urxencia)

*Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 528,
11.09.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55264
Data envío: 06/09/2019 14:09:49.191

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Daniel Vega Pérez, Miguel Tellado Filgueira, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Sandra Vázquez Domínguez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Jaime Castiñeira Broz, M^a Julia Rodríguez Barreira, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Paula Prado del Río**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

As factorías coas que a multinacional Alcoa conta la localidade cervense de San Cibrao (para a fabricación de alumina e aluminio) teñen un carácter estratéxico por canto constitúen o principal motor económico e laboral da Mariña lucense e un dos máis importantes da nosa provincia, onde incluso representa o 30% do seu Produto Interior Bruto (PIB).

Estamos a falar da principal fonte de emprego directo para máis de 1.100 familias de traballadores do complexo, aos que teríamos que engadir os empregos indirectos que



CSM-REXISTROCM-PXy69

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramas/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55264
Data envío: 06/09/2019 14:09:49.191

xera Alcoa na costa lucense, tanto nas empresas auxiliares, como en sectores como o de servizos e hostalería (cálculase un total no entorno a 5.000 postos de traballo).

Un dos principais factores que afectan á competitividade e futuro desta compañía ten que ver co custe da enerxía eléctrica, xa que logo para transformar a alumina en aluminio é preciso un proceso de electrólise que precisa de moita demanda enerxética. Só Alcoa San Cibrao ten un consumo equivalente a 30.000 fogares.

A factura eléctrica representa un dos gastos máis importantes da conta de explotación da factoría e os elevadísimos incrementos do prezo que están a ter lugar nos últimos meses poñen en risco a viabilidade e futuro deste complexo industrial, sen que o Goberno central adopte as medidas ás que se comprometeu, entre elas, a aprobación do Real Decreto que incorpora o Estatuto de Consumidores Electointensivos.

Esta ferramenta normativa debe establecer unha combinación de medidas, primas, subvencións e descontos, que protexan a competitividade das empresa altamente dependentes da enerxía abaratando o custo final do subministro, unha variable especialmente necesaria, para empresas que compiten nun mercado global. Neste momento o prezo da electricidade en España é moi caro, un 50 % máis que en Alemaña ou Francia.

Con todo, o borrador deste Real Decreto presentado o pasado mes de marzo polo Ministerio de Enerxía e Transición Ecolóxica non foi satisfactorio para ninguén, porque recortaba o sistema de apoio actual, e non incorporaba as demandas do sector. A Xunta de Galicia validou e presentou coas empresas electrointensivas as alegacións para que o futuro estatuto incluía as propostas de Galicia sen que, ata o de agora, obter cumprida resposta.



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55264
Data envío: 06/09/2019 14:09:49.191

Non é a primeira vez que na factoría lucense existen tensións como consecuencia do prezo da electricidade, pero nesta ocasión a situación é moito máis grave derivada da inactividade do Goberno central ou de decisións políticas como as que desde o Executivo estatal cuestionan o futuro das empresas produtoras de enerxía (térmicas, de carbón, nucleares) sen alternativas viables a prezos competitivos.

A situación actual contrasta co acontecido durante os sucesivos Gobernos do Partido Popular, que sempre intentaron buscar a mellor solución posible en apoio da industria electrointensiva: con negociacións ao máis alto nivel entre o daquela presidente Rajoy e o presidente internacional de Alcoa, co establecementos de medidas de apoio como as poxas por interrumpibilidade ou a compensación por custes indirectos do CO₂, ou a construción do gasoduto da Mariña que abaratarou de xeito significativo o custe enerxético da factoría mariñá.

Ademais a día de hoxe, a situación vese agravada tendo en conta que a multinacional advirte que o mantemento dos prezos actuais non permiten a produción aluminio en condicións competitivas e que lle levou a adoptar decisión inauditas, como a venda das factorías emprazadas na Coruña e Avilés ou a decisión de recortar a produción e pechar a actividade de 32 cubas na factoría de San Cibrao.

Cómpre lembrar tamén que o Pleno da Deputación de Lugo, a proposta do PP, xa aprobou con anterioridade varios acordos, con carácter de declaración institucional, aprobados por unanimidade con datas 31 de maio de 2016, 30 de outubro de 2018 e 26 de marzo de 2019.



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55264
Data envío: 06/09/2019 14:09:49.191

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno, en apoio da competitividade e futuro dos empregos nas factorías que a multinacional Alcoa ten en San Cibrao (Cervo):

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandarlle:

- 1º.- Realizar todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San Cibrao (Cervo).
- 2º.- Garantir un marco enerxético estable e competitivo e aprobar, de xeito inmediato, o estatuto de apoio ás empresas electrointensivas, no que se incorporen as alegacións presentadas en conxunto pola Xunta de Galicia e as compañías galegas”.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/09/2019 14:03:59

Daniel Vega Pérez na data 06/09/2019 14:04:21

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/09/2019 14:04:35

Maria Antón Vilasánchez na data 06/09/2019 14:04:46

Moisés Blanco Paradelo na data 06/09/2019 14:05:01

Moisés Rodríguez Pérez na data 06/09/2019 14:05:17

Marta Novoa Iglesias na data 06/09/2019 14:05:28



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55264
Data envío: 06/09/2019 14:09:49.191

Cristina Isabel Romero Fernández na data 06/09/2019 14:05:47

Sandra Vázquez Dominguez na data 06/09/2019 14:06:04

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/09/2019 14:06:24

Raquel Arias Rodríguez na data 06/09/2019 14:06:45

Jaime Castiñeira Broz na data 06/09/2019 14:07:04

María Julia Rodriguez Barreira na data 06/09/2019 14:07:27

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/09/2019 14:07:42

Paula Prado Del Río na data 06/09/2019 14:08:09



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 55437(10/PNP-004101)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das supostas irregularidades detectadas pola veciñanza de Sobrado dos Monxes en relación coas balsas de lodos de distinta procedencia existentes nos montes do concello

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2019 17:23:23
Nº Rexistro: 55437
Data envío: 10/09/2019 17:23:23.942

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A fins de agosto do ano en curso, diferentes medios de comunicación escrita fixéronse eco por primeira vez do malestar dos veciños de Sobrado dos Monxes debido ás irregularidades no transporte, almacenamento e distribución de lodos de diferente procedencia así coma de partidas de produtos que pasan por seren fertilizantes pero que non cumpren con ningunha normativa legal.

Estes depósitos, moitos deles camuflados no entorno e dificilmente visibles, espallados polos montes dese concello non cumpren coas mínimas condicións esixidas e son utilizados coma almacenamento antes de ser repartido o seu contido coma suposto fertilizante entre algúns labregos, queremos supoñer ignorantes do perigo que entraña o seu uso.

Esta situación arrástrase no tempo desde hai xa anos constituíndo un grave perigo para o medioambiente e para a saúde alimentaria e humana.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2019 17:23:23
Nº Rexistro: 55437
Data envío: 10/09/2019 17:23:23.942

Estes depósitos e estas prácticas danse a escasa distancia dos nacementos dos ríos Mandeo e Tambre, sendo o perigo maior cando as chuvias son copiosas en que as balsas rebosan e flúen ladeiras e regatos abaixo buscando o río principal.

É de destacar que toda esta serra, chamada Montes do Bocelo, é un espazo estratéxico para o futuro pola acumulación de acuíferos, por estar elevada e por tanto potencialmente fornecedora de auga potable ós concellos das súas estribacións (Melide, Boimorto, Vilasantar, Curtis, Guitiriz...)

O uso agrícola deste falso fertilizante supón ademais unha ameaza para o bo nome e calidade dos produtos agrogandeiros da zona e un risco futuro nas axudas agroambientais e da PAC polo alto contido en metais pesados que permanecen moito tempo nos solos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a.

--Proceder á busca, selado e posterior eliminación das balsas clandestinas.

--Transportar os lodos e materiais contidos nas mesmas a unha empresa xestora para o seu tratamento.

-- Efectuar as análíticas pertinentes dos solos que estiveron recibindo eses lodos coma fertilizantes para saber o seu estado en canto a metais pesados e outras substancias perigosas posibles.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2019 17:23:23
Nº Rexistro: 55437
Data envío: 10/09/2019 17:23:23.942

-- Efectuar as inspeccións debidas á empresa responsable destes lodos, busca-la trazabilidade dos mesmos e contrastar con analíticas o tratamento que se lles deu antes de apareceren nas xa citadas balsas.

--Comprobar se os lodos almacenados estaban tratados correctamente e se para o seu uso coma fertilizante se seguiron as pautas e protocolos que marca a lei.”

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/09/2019 17:14:55

Xosé Luis Bará Torres na data 10/09/2019 17:15:04





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/09/2019 17:23:23
Nº Rexistro: 55437
Data envío: 10/09/2019 17:23:23.942

María Montserrat Prado Cores na data 10/09/2019 17:15:11

Noa Presas Bergantiños na data 10/09/2019 17:15:18

Olalla Rodil Fernández na data 10/09/2019 17:15:25

Ana Pontón Mondelo na data 10/09/2019 17:15:33



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 55452(10/PNP-004104)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co custo económico que supón para as familias o inicio do curso escolar

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 55452
Data envío: 10/09/2019 19:18:19.414

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno, relativa ao enorme custo que ten para as familias o inicio do curso escolar**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun sistema educativo verdadeiramente universal e gratuíto comezar o curso non debería ser motivo de preocupación para as familias. Sen embargo, os recortes en bolsas escolares, así como os copagos educativos en servizos de comedor e libros de texto supoñen un importante desembolso económico para moitas familias: libros, material, uniformes, actividades, etc.

A ausencia de datos oficiais consultamos os datos xornalísticos que indicaban que o pasado ano a media fora duns 800 euros por familia, unha factura demasiado elevada.

Ante esta situación, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Presentar un informe, antes do remate de ano, sobre o custo que asumen as familias galegas en todos os niveis educativos.
2. Avanzar en novos materiais educativos de xeito que vaian máis alá dos libros de texto tradicionais.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 55452
Data envío: 10/09/2019 19:18:19.414

3. Coñecido o custe real do inicio de curso, aumentar as bolsas educativas e axudas de material escolar de xeito que a súa contía se adecúe ás necesidades reais do alumnado.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/09/2019 19:12:24

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/09/2019 19:12:36

CSV REXISTRO: 6A9J3Y6B
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 55466(10/PNP-004106)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a actividade naval e os postos de traballo no estaleiro Vulcano, así como para abordar unha política conxunta para o sector

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar Grupo Común da Esqueda**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, sobre o futuro de Vulcano.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai anos que o estaleiro Vulcano pasa por dificultades sen que o goberno galego fora quen de poñer solucións sobre a mesa. Todo o contrario. Finalmente, Vulcano presentou a solicitude de liquidación no Xulgado do Mercantil número 3 da cidade de Vigo. Un anuncio feito trala entrega do último barco, tras varios meses de atraso sobre a data fixada inicialmente.

A situación de debilidade e incerteza non é nova. De feito, o cadro de persoal leva case 5 anos e medio sometido a expedientes de regulación temporal de emprego, debido á escasísima carga de traballo, e houbo meses nos que permaneceron sen cobrar.

Deste xeito, o goberno galego era perfectamente coñecedor da situación que se vivía na empresa. Tanto foi así que o director do Igape, Juan Cividanes hai aproximadamente dez meses animou aos representantes dos traballadores a non asinar o ERE senón encamiñarse a unha liquidación controlada da empresa que permitira que un novo inversor se fixera cargo da industria. Inversor que o propio goberno se comprometía a buscar. Porén, dez meses despois, precisamente en pleno proceso de liquidación, o goberno di que o inversor que prevía non está pasando por un bo momento, desaparece e abandona aos 69 traballadores que estaban actualmente na empresa á súa sorte.

Así o denuncia o comité de empresa, que lamenta que se deixe caer o estaleiro sen facer nada.





Cómpre sinalar que o definitivo peche de Vulcano, que ata hai ben pouco era o segundo estaleiro máis grande do estado, sería un durísimo golpe ao sector naval galego, un sector estratéxico da nosa economía, que perdería unha importante capacidade produtiva.

Sobre isto, ademais, a sospeita de posibles intereses especulativos nos terreos que hoxe ocupa.

É fundamental que a Xunta tome partido e evite que desapareza unha peza fundamental do tecido industrial galego. As administracións deben tomar medidas para garantir que o uso futuro dos terreos continúen destinándose a actividade industrial naval e a xeración de postos de traballo.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Buscar activamente un inversor que garanta a actividade naval e os postos de traballo no estaleiro.
2. Constituír de forma urxente a mesa sectorial do naval cos estaleiros, industria auxiliar e sindicatos para abordar unha política conxunta para o sector.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Paula Quinteiro Araújo

Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 55466
Data envío: 10/09/2019 20:35:03.362

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 10/09/2019 20:31:40

Paula Quinteiro Araújo na data 10/09/2019 20:31:53



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.9 55584(10/PNP-004113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en
relación coas prazas de médicos internos residentes
habilitadas polo Goberno central para o ano 2020

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:00:24
Nº Rexistro: 55584
Data envío: 12/09/2019 17:00:24.231

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e deputada, **Julio Torrado Quintela, e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O gran problema do sistema público de saúde de Galicia está na política de RRHH. O grave déficit de profesionais dentro do sistema, e as condicións laborais de explotación existentes na actualidade, dificultan a calidade asistencial que podemos ofrecer e que os/as profesionais están comprometidos a ofrecer.

Existen diversas medidas e liñas estratéxicas que poden contribuír a mellorar a situación. A mellora de ditas condicións laborais, a redución da eventualidade e a contribución a unha asistencia sanitaria máis diversificada entre diversos colectivos profesionais, coa dotación de maior multidisciplinariade ao sistema, serían necesarias liñas a desenvolver.

A política de formación de novos profesionais é tamén un punto relevante para este aspecto. Nas recentes datas coñeceuse a convocatoria MIR para o ano próximo, que realiza o Goberno de España tras a consulta coas CCAA e as decisións ministeriais ao respecto das necesidades avaliadas. O vindeiro ano España e Galicia contarán coa habilitación da maior convocatoria MIR da historia, o que resultará nun maior volume de formación e, polo tanto, unha maior posibilidade de incorporación futura de profesionais a un sistema que os necesita.

Esta decisión en termos de RRHH do Ministerio de Sanidad contrasta coas políticas levadas a cabo polo goberno anterior, presidido por Mariano Rajoy, que reduciu nun 15% o volume de prazas MIR na súa primeira convocatoria e que mantivo con moi lixeiras variacións as convocatorias durante os 7 anos.

A maiores destas decisións ministeriais pasadas, cabe destacar que a Xunta de Galicia tampouco contribuíu a mellorar o volume de prazas utilizadas. Nos 10 anos de goberno de Núñez Feijoo deixáronse de utilizar 150 prazas de medicina



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:00:24
Nº Rexistro: 55584
Data envío: 12/09/2019 17:00:24.231

familiar e comunitaria que, estando habilitadas, non foron financiadas para acoller médicos/as en formación. Tampouco se elevaron notoriamente as prazas de pediatría solicitada (18 a 20 en 7 anos). Estes dous exemplos evidencian un dos problemas da atención primaria actual, na que un dos argumentos do Goberno da Xunta está na ausencia de profesionais.

A maiores das prazas habilitadas e logo convocadas, resulta necesario aumentar o volume de contratación estable posterior dos titulados MIR, que nos anos de goberno de Núñez Feijoo so chega a un 15% dos que se forman nos nosos centros.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Financiar as necesidades para convocar todas as prazas MIR habilitadas polo Goberno de España para o ano 2020, especialmente as que teñen relación coa atención primaria.
- 2) Comprometer os mecanismos e financiación necesaria para contratar de maneira estable ao maior volume posible de profesionais de médicos/as residentes cando rematen o seu período formativo.”

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:00:24
Nº Rexistro: 55584
Data envío: 12/09/2019 17:00:24.231

Julio Torrado Quintela na data 12/09/2019 16:46:19

Noela Blanco Rodríguez na data 12/09/2019 16:46:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/09/2019 16:46:46



CSV REXISTRO
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 49605(10/INT-001661)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a política do Goberno galego en relación coa oferta de
solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en
Galicia

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O artigo 30 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que a Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia exclusiva sobre o fomento e a planificación da actividade económica de Galicia.

En virtude desta competencia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria puxo en funcionamento no ano 2016 a oficina *Doing Business* Galicia.

O 10 de outubro de 2017, A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un protocolo de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “*Concellos Doing Bussines Galicia*”.

O Protocolo pon unha serie de deberes aos concellos que consisten na axilización e simplificación administrativa dos trámites municipais, modificacións do réxime xurídico do concello e modificacións do réxime fiscal; así como o establecemento de prezos competitivos nas parcelas de solo empresarial.

E na cláusula terceira do documento recóllense os compromisos da Xunta de Galicia:

“Os concellos que se acollan á iniciativa “Doing Business Galicia” veranse beneficiados das diferentes medidas que vai promover a Xunta de Galicia coa finalidade de alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto:

1. A Xunta de Galicia establecerá unha discriminación positiva a favor de aqueles concellos solicitantes de subvencións destinadas a investimentos e gastos nos eidos industrial, do emprego e do emprendemento, cando as mesmas sexan convocadas en réxime de concorrencia competitiva por calquera consellería ou entidade pertencente ao sector público autonómico de Galicia, mediante a regulación nas bases da convocatoria dun criterio específico neste sentido no que o baremo de puntuación supoña, cando menos, o 20 por 100, do total.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:15:49
Nº Rexistro: 49605
Data envío: 06/05/2019 17:15:49.990

2. Os concellos adheridos a este protocolo poderán integrar o solo industrial da súa titularidade no Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia co fin de centralizar a información relativa á oferta de inmobles empresariais (naves, parcelas, oficinas, viveiros de empresas...), e ofrecer ás empresas e emprendedores unha localización en Galicia para o desenvolvemento da súa actividade.

3. Creación dunha marca territorial, asociada á Oficina Doing Business, como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas e que funcione a modo de xanela única. Os adheridos ao protocolo adquirirán, a condición de “Concello Doing Bussines Galicia”, o que suporá un reforzo do posicionamento global do concello con respecto aos non integrados nesta marca territorial, e identificarán os activos tanxibles e intanxibles que posúe Galicia en xeral, e os seus diferentes municipios en particular, e que lles garanten diferenciarse doutros territorios.”

Pasado máis de 18 meses desde a sinatura deste protocolo, a deputada e o deputado que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª. Que avaliación fixo o Goberno galego das necesidades do sector elaborada polo Observatorio de Solo Empresarial de Galicia?

2ª. Cal foi a actividade do Observatorio de Solo Empresarial creado pola Xunta de Galicia?

3ª. Cales son as proposta de actuación nos distintos parques empresariais de Galicia elaboradas polo Observatorio de Solo Empresarial de Galicia?

4ª. Onde están publicados os informes periódicos que ten que elaborar o Observatorio de Solo Empresarial de Galicia?

5ª. Os 121 concellos que aparecen na páxina Web da Consellería de Economía, Emprego e Industria como concellos emprendedores contan coa condición “Concello Doing Bussines Galicia”?

6ª. Cal foi a actividade da marca territorial asociada á Oficina Doing Business, que se propoñía como plataforma de colaboración para reducir as cargas administrativas ás empresas funcionando a modo de xanela única?

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2019



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2019 17:15:49
Nº Rexistro: 49605
Data envío: 06/05/2019 17:15:49.990

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/05/2019 17:15:04

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/05/2019 17:15:12



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.2 52785(10/INT-001749)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Servizo Galego de Saúde en relación co concerto asinado con Povisa para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación que ten adscrita

Publicación da iniciativa, 512, 29.07.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2019 13:34:05
Nº Rexistro: 52785
Data envío: 18/07/2019 13:34:05.668

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás actuacións a realizar polo Sergas para clarificar o uso que fai POVISA do concerto que mantén co Sergas e garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación que ten adscrita.

Fai uns días tivemos coñecemento dunha comunicación da empresa POVISA na que referenciaba como parte dos obxectivos que se marcou esta empresa a principios do ano 2019 o seguinte:

Esta información fai saltar todas as alarmas, toda vez que “estes obxectivos” afectan, ou poden afectar, á cidadanía que ten asignada a súa asistencia sanitaria pública nese hospital.

Pódese deducir desta estratexia dúas cousas: primeiro que estean mudando os criterios científicos nos que se basean as indicacións de consultas, probas ou intervencións, para así reducir o número delas e favorecer a consecución do obxectivo de “liberación de recursos para mellorar cada vez máis o tempo de resposta a doentes privados” e así obter máis beneficios. A segunda dedución pode ser que estaban facendo consultas, probas ou intervencións que non aportaban valor engadido ás persoas que se sometían a elas, co conseguinte incremento do risco de efectos secundarios que isto supón.

CSM-REXISTRO.kqZtU57
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2019 13:34:05
Nº Rexistro: 52785
Data envío: 18/07/2019 13:34:05.668

En calquera dos dous casos están en cuestión os criterios científicos usados e que se compromete a saúde das persoas atendidas. A isto hai que engadir o uso de recursos públicos que tiñan que ir para financiar a atención sanitaria d@s doentes do Sergas destinados a incrementar a actividade privada.

A opacidade e o oscurantismo nas contas que presenta POVISA son unha constante. Non ofrece información desagregada do gasto que destina a atender a doentes públicos e a privados. Utiliza o mesmo persoal para prestar a asistencia sanitaria pública que a privada. Non se sabe se as innovacións tecnolóxicas as imputa ao concerto ou págaas a empresa da parte privada, ou a que recursos se imputan as melloras que realiza na infraestrutura?

O BNG considera estes feitos moi graves, é imperioso que por parte do SERGAS se aclare de inmediato os criterios utilizados por POVISA para determinar o tipo de prestacións e servizos que aplica @s doentes da sanidade pública @s que en aras do convenio en vigor atende, e mostrar que a calidade asistencial que reciben @s mesm@s está garantida.

A Consellaría de Sanidade non pode manterse impasible, nin mirar para outro lado diante desta situación nun centro sanitario co que ten asinado un concerto millonario. Ten que aclarar si vai a consentir que os cartos públicos sirvan para que a empresa mellore a súa conta de resultados, para que a empresa sanee a súa economía e a do grupo ao que pertence ou para a prestación sanitaria da poboación que ten adscrita.

Por todo isto formulase a seguinte interpelación:





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2019 13:34:05
Nº Rexistro: 52785
Data envío: 18/07/2019 13:34:05.668

- 1.- Considera o Goberno galego que as disposicións e normas de aplicación establecidas polo Sergas para os seus centros propios se están a cumprir nos centros cos que ten concertos?
- 2.- Cando van dar conta de todo o relacionado co concerto singular asinado entre o Sergas e POVISA, en especial da repercusión dos mencionados obxectivos marcados por POVISA para unha prestación sanitaria de calidade @s doentes públicos adscritos?
- 3.- Que valoracións fai a Xunta dos mencionados obxectivos marcados por POVISA?
- 4.- Tras coñecer estes obxectivos considera que está garantida unha atención de calidade para @s doentes Sergas?
- 5.- Vai obrigar a POVISA a atender @s doentes que ten asignados con ratios de calidade e de profesionais equiparables á media dos Hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde e a que cumpra o que se establece ao final da estipulación II “Prestacións Sanitarias” do concerto subscrito co Sergas que di : Povisa,SA obrígase a seguir e a cumprir todas as normas, instrucións, programas e criterios organizativos establecidos polo Sergas relativos aos servizos incluídos no obxecto deste concerto. Igualmente deberá cumprir as disposicións e normas de aplicación establecidas polo Sergas para os seus centros propios?



CSV REXISTRO:ROKqZbtIS7

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2019 13:34:05
Nº Rexistro: 52785
Data envío: 18/07/2019 13:34:05.668

6.- Vai realizar unha investigación respecto das consecuencias dos obxectivos marcados por POVISA a principios de 2019 sobre a calidade da asistencia sanitaria que están recibindo @s doentes SERGAS que atende?

7.- Vai a Xunta realizar unha auditoría das contas e da xestión realizadas por Povisa no relativo ao concerto asinado co Sergas da que se derive un informe detallado no que conste:

Información desagregada do gasto que destina a atender a doentes públicos e a privados.

O número de camas do hospital destinadas a atención pública e privadas.

Persoal destinado a prestar a asistencia sanitaria pública e privada, horarios e servizos.

Ratio profesionais/doentes, profesionais por servizos e planta, permanencia nos mesmos, situación laboral, mobilidade horaria e entre servizos.

Canto representa a manutención dos doentes, canto persoal o realiza e en cantas quendas...

As partidas ás que imputa innovacións tecnolóxicas e as melloras que realiza na infraestrutura.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2019 13:34:05
Nº Rexistro: 52785
Data envío: 18/07/2019 13:34:05.668

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2019 13:15:05


Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2019 13:15:21

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2019 13:15:28

Olalla Rodil Fernández na data 18/07/2019 13:15:40

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/07/2019 13:15:54

Ana Pontón Mondelo na data 18/07/2019 13:16:09



CSV REXISTRO: RQkqZbtIS7
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 52802(10/INT-001751)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemarketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo

Publicación da iniciativa, 512, 29.07.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2019 13:40:49
Nº Rexistro: 52802
Data envío: 19/07/2019 13:40:49.236



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN.**

A precariedade continúa a atravesar o conxunto do sector do telemarketing. A realidade das traballadoras do sector está marcada polos baixos salarios, por unha taxa elevada de rotación e pola ameaza de despedimentos, principalmente por mor da deslocalización do traballo.

As empresas empregan este mecanismo para abaratar aínda máis os custes a costa dos dereitos laborais das traballadoras.

O persoal das subcontratas de R Cable enfronta unha nova ameaza. O proceso de deslocalización do emprego iniciouse logo da compra da empresa por Euskatel no ano 2015. Agora preveese que Euskatel externalice servizos con empresas como ZTE, principalmente o de mantemento, que na súa maioría está subcontratado.

Xa foron despedidos 20 traballadoras de Comfica que até o momento prestaban servizos para R na provincia da Coruña e a quen a contrata se nega a recolocar. Pero están en risco moitos máis postos de traballo.

Estamos ante unha nova ameaza, que se suma a problemática estrutural do sector. Urxe tomar medidas para evitar a deslocalización do traballo e para rematar co actual modelo baseado na precariedade.

CSX-REXISTROWV/xn5nw68
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





As últimas reformas laborais son as que favorecen que se perpetúe a situación, supuxeron a perda de dereitos e compre derogalas.

Por todo o anterior exposto preséntase a seguinte interpelación :

1. Que medidas tomou a Xunta de Galicia para reverter a situación de precariedade e inestabilidade que viven as traballadoras e traballadores do sector do telemárketing?
2. Tivo algún contacto coa representación das traballadoras afectadas das subcontratas de R cable? Con que resultados?
3. Que medidas vai levar adiante para evitar a deslocalización e a posible perda de postos de traballo no sector?
4. Que actuacións levou adiante ata o momento para o mantemento dos postos de traballo do sector en Galicia?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2019

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo



CSV REXISTRO: ROWv1xt5w8
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 19/07/2019 13:15:19

José Manuel Lago Peñas na data 19/07/2019 13:15:31

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/07/2019 13:15:43



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.4 52893(10/INT-001758)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as políticas de emprego que vai poñer en marcha o
Goberno galego

Publicación da iniciativa, 512, 29.07.2019

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo integrantes do grupo parlamentar de En Marea ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A seguinte táboa contén a variación do emprego por comunidades autónoma dende o comezo da crise-estafa.

Cadro A3.1
Variación do emprego por comunidades autónomas

	2007	2018	Variación		% emprego recuperado
			Absoluta	%	
Andalucía	3.238,6	3.030,8	-207,8	-6,4	93,6
Aragón	623,3	573,8	-49,5	-7,9	92,1
Asturias	436,7	391,9	-44,8	-10,3	89,7
Baleares	509,7	560,1	50,4	9,9	109,9
Canarias	891,1	897,2	6,1	0,7	100,7
Cantabria	261,6	241,0	-20,6	-7,9	92,1
Castela e León	1.082,1	982,8	-99,3	-9,2	90,8
Castela-A Mancha	865,0	805,0	-60,0	-6,9	93,1
Cataluña	3.576,6	3.362,2	-214,4	-6,0	94,0
C. Valenciana	2.230,0	2.042,9	-187,1	-8,4	91,6
Extremadura	414,9	378,9	-36,0	-8,7	91,3
Galicia	1.193,3	1.077,6	-115,7	-9,7	90,3
Madrid	3.126,8	2.990,9	-135,9	-4,3	95,7
Murcia	637,7	592,3	-45,4	-7,1	92,9
Navarra	295,5	282,2	-13,3	-4,5	95,5
Pais Vasco	1.001,1	923,6	-77,5	-7,7	92,3
A Rioxa	147,4	138,0	-9,4	-6,4	93,6

Fonte: Encuesta de Población Activa, INE.

Segundo datos do INE, referidos a recuperación do emprego dende o inicio da crise-estafa económica no 2007, Galicia sitúase a cola da recuperación de emprego tomando como referencia o período 2007-2018, únicamente por diante



en marea

enmarea.gal



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:05:27
Nº Rexistro: 52893
Data envío: 23/07/2019 13:05:27.435

de Asturias, Galicia ten recuperdo neste período o 90,3 % do emprego namentras por exemplo, incluso Andalucía recuperou ata 3,3 puntos mais que o noso país.

Estes datos amosan que en termos de recuperación de emprego Galicia non converxe e amosa un preocupante menor dinamismo que o resto de territorios do estado.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de **En Marea**, formula a seguinte **Interpelación**

- Que políticas vai implementar o Goberno ante o fracaso das políticas de emprego que impiden recuperar o emprego anterior a crise económica?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2019

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G. P. de En marea

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 23/07/2019 13:04:30

Paula Quinteiro Araújo na data 23/07/2019 13:04:40

CSX REXISTROmawJ0XQJAS
Verificado
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.5 56086(10/INT-001882)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co
recoñecemento de universidades privadas dentro do Sistema
universitario de Galicia

Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56086
Data envío: 19/09/2019 16:15:31.626

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Xoaquín Fernández Leiceaga e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **Interpelación**.

A Xunta de Galicia acaba de iniciar os trámites para autorizar a primeira universidade privada de Galicia abrindo a exposición pública o anteproxecto de creación da Universidade Intercontinental de Empresa, impulsada por a Fundación Galicia Obra Social-Afundación.

Chama a atención a atención a presentación deste anteproxecto sen que, nin as equipas das universidades públicas galegas, nin os grupos parlamentario desta Cámara coñezan ningún dos documentos preceptivos para poder autorizar este proxecto.

En efecto, ninguén ten coñecemento nin da memoria presentada polos promotores desta universidade privada, nin dos informes citados na exposición de motivos do anteproxecto, nin de ningún outro documento do expediente administrativo. Desta forma é imposible saber si este proxecto cumpre os requisitos marcados pola Lei orgánica 6/2001 de universidades, pola Lei 6/2013 do Sistema universitario de Galicia e restante lexislación aplicable.

Non coñecemos cales van ser as titulacións que quere impartir esta universidade privada cando o artigo 13.g da Lei do Sistema universitario de Galicia marca que o catálogo de titulacións ofertados por unha universidade privada deberá ser complementario e non reiterativo respecto as titulacións preexistentes e consolidadas no SUG, nin tampouco se a composición da equipa de profesorado cumpre os requisitos marcados pola Lei orgánica de universidades, por citar os requisitos máis evidentes.

Todo isto semella unha total falta de transparencia por parte da Xunta de Galicia ao tratar este tema tan sensible para o Sistema universitario de Galicia e é imposible que nin as universidades, nin os grupos políticos, nin a cidadanía interesada valoren este proxecto así coo a actuación da Xunta de Galicia.

Esta opacidade da Xunta de Galicia na súa actuación para recoñecer unha universidade privada está a crear unha lóxica preocupación en todo sector educativo polos efectos que poda ter, sobre todo cando non hai ningún documento nin análise nin estudo que demostre que a creación desta universidade mellora o Sistema universitario de Galicia.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56086
Data envío: 19/09/2019 16:15:31.626

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan a seguinte Interpelación:

- 1.^a) Que criterios está seguindo a Xunta de Galicia para o recoñecemento de universidades privadas dentro do Sistema universitario de Galicia
- 2.^a) Por que a Xunta de Galicia está tratando con opacidade e falta de transparencia toda a tramitación do recoñecemento da universidade privada (Universidad Internacional de Empresa) promovida por Abanca
- 3.^a) Por que a Xunta de Galicia non da a coñecer nin a memoria, nin os informes nin ningún documento relacionado co proxecto de creación da Universidade Internacional de Empresa que permitan comprobar o cumprimento dos requisitos que marca a lexislación vixente?
- 4.^a) Por que non se entrega a este grupo parlamentario a copia do expediente de creación da Universidade Internacional de Empresa que foi solicitado polo artigo 9 do Regulamento da Cámara?
- 5.^a) Cales son as titulacións que pretende implantar a Universidade Internacional de Empresa?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López e
Xoaquín Fernández Leiceaga
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/09/2019 14:18:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/09/2019 14:18:53



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56086
Data envío: 19/09/2019 16:15:31.626

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/09/2019 14:19:05



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

- 6.1 56658(10/POPX-000164)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a política industrial do Goberno galego

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56658
Data envío: 30/09/2019 16:18:38.995

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, voceiro do Grupo parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte PREGUNTA dirixida ao Presidente da Xunta para a súa resposta oral no Pleno da Cámara.

PREGUNTA AO PRESIDENTE

- Sr. Presidente, cando vai exercer as súas responsabilidades en política industrial?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



CSM-REXISTROJFYEEH1

Verificación

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56658
Data envío: 30/09/2019 16:18:38.995

Antón Sánchez García na data 30/09/2019 16:16:50



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 56741(10/POPX-000165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a resposta que está a dar o Goberno galego á crise industrial que vive Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 18:26:08
Nº Rexistro: 56741
Data envío: 30/09/2019 18:26:08,541

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Considera que o seu goberno está dando unha resposta axeitada á crise industrial que vive Galiza?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 30/09/2019 18:25:03

CSA-REXISTROS-RwSzrMW7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 56742(10/POPX-000166)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a autocrítica que fai o Goberno galego da súa xestión
para rectificar o rumbo político da Xunta de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 18:26:36
Nº Rexistro: 56742
Data envío: 30/09/2019 18:26:36.905

Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que autocrítica fai vostede da súa xestión para rectificar o rumbo político da Xunta?

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2019

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/09/2019 17:23:52



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 56049(10/POP-006639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da cobertura
informativa dada pola CRTVG sobre a morte en Valga de tres
mulleres vítimas da violencia machista

Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56049
Data envío: 19/09/2019 14:05:15.175

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e María Teresa Porritt Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia aprobou por unanimidade, no Pleno ordinario celebrado o 2 de decembro de 2015, unhas recomendacións do Consello de Administración da CRTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos. Estas recomendacións amplían e actualizan as que se aprobaran no mesmo órgano o 26 de outubro de 2010.

O documento sinala que os malos tratos e a violencia contra as mulleres constitúen un atentado contra o dereito á vida, a dignidade e a integridade física, psíquica e moral das vítimas. Trátase de delitos que non se poden presentar como un crime pasional.

No punto IV das recomendacións se sinala a importancia de non confundir o morbo co interese social. Así mesmo no punto VI apúntase o deber de vixiar o uso de testemuñas próximas ao agresor e/ou á vítima. Non todas as testemuñas son igualmente fiables, como tampouco se igualan en interese informativo. Se ben é certo que algúns achegan, outros confunden información con opinión e dilúen o foco do problema con valoracións subxectivas. Cómpre seleccionar testemuñas e testemuños con criterio.

Todo asasinato machista, como o triplo asasinato machista que aconteceu en Valga recentemente, conleva unha cobertura e interese mediático importante. E é necesario que esas informacións cumpran estritamente con esas recomendacións. Non é posible avanzar en igualdade se os propios medios públicos de comunicación dependentes da CRTVG transgreden as súas propias recomendacións.

Caer neste desleixo do cumprimento das recomendacións pode levar a unha revitimización da vítima que debe ser en todo momento evitado. É necesario esixir un tratamento serio, delicado e rigoroso que prime, ante todo, o respecto extremo perante as vítimas.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56049
Data envío: 19/09/2019 14:05:15.175

Como xa ten denunciado o propio colectivo Defende A Galega, as opinións dos veciños non achegan información; entrevistar a familiares do asasino para saber como se senten tampouco achega información, ambas circunstancias que se teñen repetido nestes días de cobertura mediática no entorno das vítimas de Valga.

O propio Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a través dun comunicado lembra o propio día 17, un día despois do crime de Valga, a responsabilidade dos medios de comunicación á hora do tratamento informativo da violencia machista. Fanse eco da cobertura que se está a dar destes caso e do importante que é non superar os principios da deontoloxía profesional do periodismo. Lembran a conveniencia de non recoller imaxes nin declaracións que atenten contra a intimidade ou a dignidade das vítimas nin das persoas afectadas, xa que engaden dor a unha situación que xa de por si é extremadamente dolorosa.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cre o Goberno que a cobertura realizada pola CRTVG do triplo asasinato machista de Valga cumpriu con todas as recomendacións do propio Consello de Administración da CRTVG sobre o tratamento dos casos de violencia machista nos medios de comunicación públicos galegos?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 19/09/2019 13:36:46

Noela Blanco Rodríguez na data 19/09/2019 13:37:01



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56049
Data envío: 19/09/2019 14:05:15.175

Julio Torrado Quintela na data 19/09/2019 13:37:11

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/09/2019 13:37:23

María Teresa Porritt Lueiro na data 19/09/2019 13:37:34



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 53538(10/POP-006315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación
co trazado da Vía Ártabra para conectar os polígonos de
Espíritu Santo (Cambre) e Bergondo coa A-6

Publicación da iniciativa, 521, 29.08.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 13:55:37
Nº Rexistro: 53538
Data envío: 07/08/2019 13:55:37,272

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Consello da Xunta de Galicia o 21 de febreiro de 2019 autorizou a licitación das obras para iniciar a 1ª fase de prolongación da Vía Ártabra ata a autoestrada AP-9, entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, San Pedro de Nós-Mabegondo, cun orzamento superior a 29,6 millóns de euros.

A referencia do Consello da Xunta de Galicia sinala que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entronque coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión, cun investimento total de 35 millóns de euros.

Remata a nota do Consello indicando que a Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxectivos son lograr mellorar as comunicacións na área da Coruña e articular unha vía transversal para facilitar os tráfico de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6.

Débese de lembrar que o dito Plan sectorial, aprobado en 2004, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas de rede viaria, por iso define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolvan o plan; entre estas determinacións destacan a potenciación da actividade comercial, o maior equilibrio territorial e cohesión social e a liberalización das peaxes.

Unha visión ampla das infraestruturas viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non pode circunscribirse á conexión da Vía Ártabra coa AP-9, incrementando a densidade de tráfico de saída e entrada á cidade pola avenida de Alfonso Molina, no canto de buscar alternativas a esta vía urbana saturada; ao tempo que unha verdadeira conexión dos concellos afectados, do conxunto de polígonos industriais do cinto metropolitano da Coruña e das instalacións portuarias esixe priorizar a conexión da Vía Ártabra coa A-6. Esta conexión debe



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 13:55:37
Nº Rexistro: 53538
Data envío: 07/08/2019 13:55:37,272

de ser a verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6 e a Terceira Rolda, sen custos de peaxes. Levar o remate da Vía Ártabra á A-6 era e segue a ser unha necesidade, coa AP-9 é unicamente unha opción parcial e cativa para todo o entorno metropolitano; iso si, incluso nos tres escenarios analizados polo Ministerio de Fomento a sociedade concesionaria *Autopistas del Atlántico* sería favorecida.

Non obstante, o Plan MOVE 2009-2015 aínda en execución eliminou da súa programación económica para a Vía Ártabra o treito AP-9 – A-6 de 5,4 quilómetros, cando ademais existía un estudo de trazado ata a A-6 que se podería ter desenvolvido como proxecto construtivo.

O Concello de Cambre ten achegado varios informes municipais aos centros directivos da Xunta de Galicia con competencia nesta materia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Axencia Galega de Infraestruturas, sen que a día de hoxe se teñan atendido as incidencias postas de manifesto nos ditos informes.

O pasado 1 de agosto a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) denunciou diante da Fiscalía de Medio Ambiente “O Trazado da Vía Ártabra entre o Polígono de Cambre e a Autovía A6 polo seu elevado impacto ambiental, non avaliado conforme á lexislación vixente, e as irregularidades na súa tramitación”.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego no trazado da Vía Ártabra para conectar os polígonos de Espírito Santo (Cambre) e Bergondo coa A-6 para garantir a competitividade das empresas asentadas neles?

Pazo do Parlamento, 07 de agosto de 2019

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Luís Manuel Álvarez Martínez

María Luisa Pierres López

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/08/2019 13:55:37
Nº Rexistro: 53538
Data envío: 07/08/2019 13:55:37,272

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/08/2019 13:49:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/08/2019 13:50:02

María Luisa Pierres López na data 07/08/2019 13:50:21



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 54851(10/PUP-000263)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos do
investimento estranxeiro en Galicia

Publicación da iniciativa, 524, 04.09.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 17:42:15
Nº Rexistro: 54851
Data envío: 02/09/2019 17:42:15.047



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta urxente** para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da Urxencia.

A urxencia vén motivada polos datos coñecidos durante este período estival, referidos a inversión estranxeira en Galicia e reflexados en diversos informes, que nos sitúan na cola do Estado e reflicten una enorme diminución do atractivo como territorio para investir.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a **seguinte Pregunta urxente**:

- Que valoración fai o Goberno galego destes datos de investimento en Galicia?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo



CSA-REXISTRO6QJbbD9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 17:42:15
Nº Rexistro: 54851
Data envío: 02/09/2019 17:42:15.047



Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 02/09/2019 17:41:24

Julia Torregrosa Sañudo na data 02/09/2019 17:41:38

CSV REXISTRO
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.4 52365(10/POP-006105)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia
diante da diminución da actividade da central térmica das
Pontes e das súas repercusións no sector auxiliar

Publicación da iniciativa, 509, 22.07.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 10:41:07
Nº Rexistro: 52365
Data envío: 09/07/2019 10:41:07,398

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O pasado luns 8 de xullo un grupo de arredor de 150 camiións afectados pola minoración produtiva da Central Térmica de As Pontes iniciaron unha caravana ao longo de Galiza e con posterior rumbo a Madrid, onde teñen previsto esixir unha reunión co Ministerio de Transición Ecolóxica para tratar esta situación.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego este é un síntoma máis dunha situación que comeza a ser preocupante en toda a comarca de Ferrolterra. Estamos a falar de máis de cen postos de traballo, persoas autónomas e pequenas empresas, que ben en perigo o mantemento da súa actividade despois de levar arredor de dous meses sen o ritmo habitual. As fontes de Enel-Endesa aseveran que é unha cuestión conxuntural. Se ben é certo que factores como o prezo do lignito están a influír negativamente en centrais alén das nosas fronteiras, como é o caso alemán, tamén é certo que o historial de incumprimentos e de escurantismo por parte da empresa fan saltar todas as alertas. Cómpre recordar, por exemplo, o acontecido co convenio colectivo e a derivada da perda de dereitos laborais que foran conquistados polos traballadores e traballadoras en materia de beneficios sociais, agora mesmo en disputa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 10:41:07
Nº Rexistro: 52365
Data envío: 09/07/2019 10:41:07.398

Así mesmo, unha década de falta de política industrial por parte da Xunta de Galiza, que se limitou a enfrontar os retos da modernización enerxética e a descarbonización a golpe de titulares no lugar de deseñar unha planificación a medio e longo prazo beneficiosa para o noso país, sumado á errática política do Partido Socialista, que leva meses prometendo un Estatuto de electrointensivas que non chega e que afonda na crise da industria galega e, polo tanto, na súa demanda de enerxía, non axudan.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos que a Xunta de Galiza, con competencias en planificación económica, non pode permanecer allea a esta situación. Cómpre lembrar que estamos a falar dun cinto industrial do país afectado por diversos conflitos como Poligal ou Alcoa aos que agora se suma a incerteza da situación da Central Térmica das Pontes. É necesario que a Xunta de Galiza impulse as accións precisas para que esta situación se resolva de forma satisfactoria.

Por todos estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galiza diante da redución de actividade da Central Térmica das Pontes e as súas repercusións no sector auxiliar?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2019 10:41:07
Nº Rexistro: 52365
Data envío: 09/07/2019 10:41:07.398

Luis Bará Torres
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/07/2019 10:37:16


Xosé Luis Bará Torres na data 09/07/2019 10:37:24

María Montserrat Prado Cores na data 09/07/2019 10:37:30

Olalla Rodil Fernández na data 09/07/2019 10:37:37

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/07/2019 10:37:49

Ana Pontón Mondelo na data 09/07/2019 10:37:57



CSV REXISTRO ROTBIOf05U5

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.5 54031(10/POP-006414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os efectos en Galicia da deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede da empresa de telefonía R Cable

Publicación da iniciativa, 521, 29.08.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:25:23
Nº Rexistro: 54031
Data envío: 22/08/2019 11:25:23.953

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento das problemáticas dos traballadores e traballadoras afectados pola deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede de R. Estes traballadores trasladan o seguinte texto que este Grupo fai seu e eleva para o seu debate e aprobación:

Recentemente, Euskaltel acordou entregar á empresa chinesa ZTE os servizos de operación e mantemento da rede que en Galiza até agora prestaban compañías como Comfica, Colabora, Indra, Plexus,... Porén, á diferenza doutros cambios anteriores, desta volta o persoal non será subrogado á nova adxudicataria nin se producirán contratacións na nosa terra, xa que estes servizos van ser deslocalizados o centro de traballo que ZTE acaba de abrir en Asturias. Pero ademais, hai persoal da propia ZTE, a quen R externalizou previamente nesta subcontrata, que tamén está en risco de perder o seu emprego.

A consecuencia máis inmediata da decisión foi a comunicación da perda de 18 postos de traballo que neste momento están a realizar os/as traballadores/as de Comfica, a quen a compañía se nega a recolocar, e o anuncio de Indra de que reducirá persoal nos servizos que presta para R. Mais a perda de emprego afecta tamén a outros servizos





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:25:23
Nº Rexistro: 54031
Data envío: 22/08/2019 11:25:23.953

como enxeñería e desenvolvemento ou atención telefónica (prestados por persoal de Indra, Teleperformance, GSS, Gestión C), que aos poucos Euskaltel está a levar fóra da Galiza.

As declaracións do conselleiro delegado de Euskaltel, José Miguel García, asegurando que continuará neste camiño de "reestruturación" afondan nos temores do traballadores e das traballadoras que, diante desta situación, acordaron iniciar mobilizacións para esixir o mantemento do emprego en Galiza, con dúas folgas, os días 24 e 31 de xullo .

As traballadoras e traballadores de R demandan das administracións públicas (nomeadamente da Xunta de Galiza, Concello da Coruña e Deputación Provincial de A Coruña) que tomen a iniciativa para evitar que se consume esta nova desfeita laboral nunha empresa de telecomunicacións. Hai que lembrar que as grandes compañías están nun proceso de desmantelamento das súas estruturas territoriais (especialmente grave no caso de R Cable, ao ser en orixe unha empresa galega) para concentrar o emprego fóra de Galiza. Deste xeito non só se eliminan os postos de traballo senón que toda a contratación nova que se fai, prodúcese noutras comunidades.

Tamén se demanda das administracións públicas que forcen a R e a Euskaltel, que desoen as peticións de xuntanza coas Representacións legais das traballadoras e traballadores e das organizacións sindicais, a sentárense coas traballadoras e traballadores afectados, dean explicacións e propoñan solucións a este conflito.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:25:23
Nº Rexistro: 54031
Data envío: 22/08/2019 11:25:23.953

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para evitar a afectación en Galiza pola deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede de R?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2019 11:16:04

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2019 11:16:12

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2019 11:16:17

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2019 11:16:24





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2019 11:25:23
Nº Rexistro: 54031
Data envío: 22/08/2019 11:25:23.953

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2019 11:16:31

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2019 11:23:57

CSV REXISTRO FOLIO C001X06
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.6 54848(10/PUP-000262)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Goberno central para o mantemento da actividade da industria electrointensiva, en especial, a da planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, 524, 04.09.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 17:17:44
Nº Rexistro: 54848
Data envío: 02/09/2019 17:17:44.861

Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Sandra Vázquez Domínguez e Cristina Romero Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta oral Pleno polo procedemento de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que a Xunta explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de Motivos:

Nestes días recolleuse na prensa a nova de que Alcoa está acometendo un segundo recorte na produción de aluminio co peche dun grupo con 32 cubas de electrólise. Esta decisión súmase á comunicada en xullo de reducir a intensidade nas series electrólíticas, polo que a partir deste mes de setembro a produción desta material minorase en total nun 11,25%.

Entre os motivos alegados pola empresa está o alto prezo da electricidade en España, xa que supón o 41% do custe total da produción de aluminio na planta. A esta situación se suma a falta do Estatuto que prometeu o Goberno de Pedro Sánchez que garanta un prezo eléctrico competitivo á industria electrointensiva.

Cómpre recordar que a factoría de Alcoa San Cibrao ten un carácter estratéxico por canto constitúe o principal motor económico e laboral da Mariña lucense e un dos máis importantes da provincia de Lugo, onde incluso representa o 30% do seu Produto Interior Bruto (PIB).



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Sandra Vázquez Domínguez e Cristina Romero Fernández, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, solicitan o aprazamento da súa iniciativa incluída na orde do día do Pleno do 8 e 9 de outubro de 2019 Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Goberno central para o mantemento da actividade da industria electrointensiva, en especial, a da planta de Alcoa en San Cibrao (10/PUP-000262(54848)).

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 01/10/2019 14:08:55

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 01/10/2019 14:09:40

Marta Novoa Iglesias na data 01/10/2019 14:10:05

Moisés Rodríguez Pérez na data 01/10/2019 14:10:23

Moisés Blanco Paradelo na data 01/10/2019 14:10:38

Maria Antón Vilasánchez na data 01/10/2019 14:10:54

Sandra Vázquez Domínguez na data 01/10/2019 14:11:20

Cristina Isabel Romero Fernández na data 01/10/2019 14:11:43





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2019 17:17:44
Nº Rexistro: 54848
Data envío: 02/09/2019 17:17:44.861

Trátase, polo tanto, da principal fonte de emprego directo para máis de 1.100 familias de traballadores e traballadoras do complexo, aos que hai que engadir os empregos indirectos que xera Alcoa na costa lucense, tanto nas empresas auxiliares, como en sectores como o de servizos e hostalería (cálculase un total en torno a 5.000 postos de traballo).

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que está a facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que rectifique a súa falta de solucións para que a industria electointensiva manteña a súa actividade, moi especialmente no referente á planta de Alcoa en San Cibrao?

Santiago de Compostela a 2 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 02/09/2019 17:14:03

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/09/2019 17:14:14

Marta Novoa Iglesias na data 02/09/2019 17:14:44

Moisés Rodríguez Pérez na data 02/09/2019 17:15:08

Moisés Blanco Paradelo na data 02/09/2019 17:15:31

Maria Antón Vilasánchez na data 02/09/2019 17:15:49

Sandra Vázquez Domínguez na data 02/09/2019 17:16:08

Cristina Isabel Romero Fernández na data 02/09/2019 17:16:35



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.7 56668(10/PUP-000265)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as medidas que vai desenvolver a Xunta de Galicia para
afrontar a crise da empresa Barreras na comarca de Vigo



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 16:48:07
Nº Rexistro: 56668
Data envío: 30/09/2019 16:48:07.756

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación social provocada pola situación da empresa Barreras que evidencia a profunda crise industrial da comarca de Vigo.

Exposición de motivos

Diante da situación de graves dificultades en que se encontra a empresa Barreras, que pon en evidencia a profunda crise industrial da comarca de Vigo, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

CSM-REXISTRO4OWF-d09F7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 30/09/2019 16:48:07

Nº Rexistro: 56668

Data envío: 30/09/2019 16:48:07.756

Que medidas vai desenvolver a Xunta de Galiza para facer fronte á crise de Barreras?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

Asdo.: Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/09/2019 16:47:04

María Montserrat Prado Cores na data 30/09/2019 16:47:11

Noa Presas Bergantiños na data 30/09/2019 16:47:17

CSV REXISTRO: QwF-QD9F7
Verificación
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545



Data asento: 30/09/2019 16:48:07

Nº Rexistro: 56668

Data envio: 30/09/2019 16:48:07.756

Olalla Rodil Fernández na data 30/09/2019 16:47:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/09/2019 16:47:31

Ana Pontón Mondelo na data 30/09/2019 16:47:38



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 56723(10/PUP-000267)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta e marcha dun grupo de traballo para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia) e a súa aplicación concreta na hipercomarca das Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortegal



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 17:47:59
Nº Rexistro: 56723
Data envío: 30/09/2019 17:47:59.898

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta Urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ao **Mapa da Transición Sostible de Galicia e a súa aplicación na hipercomarca de As Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortega**

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia ven motivada polo anuncio do inmediato peche da central térmica de As Pontes.

As políticas da Xunta de Galicia revelan unha absoluta irresponsabilidade fronte á emerxencia climática global, ademais de ser un engano para a cidadanía. O futuro de Galicia non está en queimar carbón de Indonesia, está na Transición Enerxética. O Partido Popular so pensa en protexer os intereses das grandes eléctricas. Hai que pensar máis na cidadanía de As Pontes, de Cerceda e de toda Galicia, nos nosos fillos e nos nosos netos.

As propostas de dar incentivos fiscais a Endesa por contaminar van en contra de todas as políticas dos países mais desenvolto de Europa e mesmo da UE. Pagarlle incentivos por capacidade, é dicir pagarlle a Endesa por estar parada, alguén pode pensar que beneficia aos traballadores de Endesa, das auxiliares ou aos transportistas.

CSM-REXISTROn9gwEawuy9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





A solución, como se está a facer en toda Europa, vai pola potenciación e financiación masiva da transición ecolóxica e por dinamizar as comarcas afectadas negativamente transformando esta ameaza nunha grande oportunidade de futuro. E hai que comezar xa.


O primeiro sería planificar o que se debe facer. Para elo as Directivas Europeas marcan que o instrumento fundamental e a redacción en cada rexión europea do seu Mapa de Transición Sostible, chamados CLEW (Clima, Terra, Enerxía e Auga). Un documento moi transversal que analiza todas as actividades humanas, xa sexan industriais, extractivas, agrogandeiras, pesqueiras, urbanas, etc. E posteriormente desenvolve estratexias para facer todas estas actividades máis sostibles.

Moitas rexións en Europa xa están traballando nelo, algunhas incluso xa os teñen rematados, xa que serán imprescindibles para conseguir fondos europeos e estatais e determinar que actividades actuais poden considerarse sustentables, cales non e nas que habería que actuar.

En nove meses, antes de terminar esta lexislatura, poderíase ter unha versión cero destes Mapas e comezar a vehiculizar fondos europeos e estatais para poñelos en marcha.

Ante a situación mencionada, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte **Pregunta urxente ao Goberno para a súa resposta oral en Pleno:**

Pensa a Xunta de Galicia poñer en marcha de inmediato un grupo de traballo para desenvolver o “Mapa da Transición Sostible de Galicia (CLEW-Galicia)” e a súa aplicación concreta na hipercomarca de As Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortega?



CSV REXISTRO: 56723

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 17:47:59
Nº Rexistro: 56723
Data envío: 30/09/2019 17:47:59.898

Santiago de Compostela, 30 de setembro e 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal
Luís Villares Naveira
Davide Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Deputados e deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 30/09/2019 16:54:22

Luis Villares Naveira na data 30/09/2019 16:54:34

David Rodríguez Estévez na data 30/09/2019 16:54:46

Paula Vázquez Verao na data 30/09/2019 16:54:54

CSV REXISTRO: 56723
Vázquez Verao
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.9 52620(10/POP-006131)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rey Varela, José Manuel e 10 máis

Sobre a situación en que se atopa o expediente e os prazos que manexa a Consellería de Sanidade para comezar as obras de remodelación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol

Publicación da iniciativa, 513, 30.07.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52620
Data envío: 16/07/2019 09:28:42.879

A Mesa do Parlamento

José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol é o referente sanitario da comarca de Ferrolterra. Estas instalacións contan con varias edificacións, por un lado o Hospital Arquitecto Marcide, por outro o Hospital Naval e por último o Novoa Santos. Durante anos lévase informando que os 47.000 m2 do que dispón o Hospital Arquitecto Marcide quédanse pequenos, polo que era necesaria una reforma e modernización dos servizos que prestan aos veciños e veciñas da área de Ferrolterra.

Ante estas demandas, o Goberno da Xunta de Galicia no 2017 anunciou o comezo para a remodelación de dito Complexo Hospitalario, consistente na construción de dous novos edificios, co obxectivo de ampliar nun terzo a súa superficie total. Edificios onde se ubicarán por un lado a xerencia, a dirección e a administración, e por outro a cocina, os vestiarios, as urxencias, a farmacia, nefroloxía, hospitalización, pediatría e a Unidade de Coidados Intensivos.

Por todo isto, e ante a urxente necesidade de ampliar e modernizar a área sanitaria de Ferrol, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a situación actual na que se atopa o expediente e que prazos manexa a Consellería de Sanidade para comezar as obras de remodelación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol?

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Rey Varela na data 15/07/2019 13:54:55

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



CSM-REXISTROW74EX7ak8





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52620
Data envío: 16/07/2019 09:28:42.879

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/07/2019 13:55:11

Diego Calvo Pouso na data 15/07/2019 13:55:29

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/07/2019 13:55:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/07/2019 13:56:01

María Ángeles García Míguez na data 15/07/2019 13:56:25

Marta Rodríguez Arias na data 15/07/2019 13:56:39

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/07/2019 13:56:56

María Soraya Salorio Porral na data 15/07/2019 13:57:12

Raquel Arias Rodríguez na data 15/07/2019 13:57:22

Sandra Vázquez Domínguez na data 15/07/2019 13:57:38



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.10 53097(10/POP-006237)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da actual
situación no funcionamento de Povisa

Publicación da iniciativa, 521, 29.08.2019

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa **resposta oral en pleno**.

Fai anos que a Xunta de Galicia decidiu poñer en mans da empresa privada POVISA, que pertence ao Grupo Nosa Terra XXI e que xestiona o Hospital privado do mesmo nome, parte da asistencia sanitaria da Área de Vigo.

Dita asistencia, foi ampliándose mediante modificacións no convenio ata chegar a ter un total de 137.000 persoas coas súas cartillas adscritas ao hospital. Unha privatización estrutural da asistencia sanitaria que chegou a condicionar o investimento público da Área sanitaria de Vigo.

Dende que existe o concerto con POVISA, as chantaxes desta para provocar unha renegociación das condicións son de sobra coñecidas e sempre levan como resultado unha mellora das mesmas para a empresa e un custo para o Servizo Galego de Saúde, xunto cun endurecemento das condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Neste ano, o rexistro dun precurso de acreedores serviu como presión para a negociación dunhas novas condicións que remataron coa aceptación de máis recursos públicos para POVISA.

O Consello de Contas acaba de emitir un informe de fiscalización do concerto, no que advirte literalmente da falta de transparencia no desenvolvemento do proceso de negociación, da non xustificación da forma de cálculo ou do valor estimado do contrato, informacións que unidas á falta de transparencia nas propias contas da empresa ou o retraso no depósito das mesmas en plenas negociacións, resultan bastante alarmantes tendo en conta o gasto que supón este





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2019 13:01:48
Nº Rexistro: 53097
Data envío: 31/07/2019 13:01:48.500



concerto sanitario para as arcas públicas ou a dependencia que ten a Área sanitaria de Vigo das súas prestacións.

Ademais, o Consello de Contas recomenda ao Sergas facer un análise das prestacións sanitarias que permita unha idónea comparativa co coste por paciente en centros públicos, o que obrigaría a unha maior eficacia e eficiencia na provisión pública da sanidade e por suposto unha maior transparencia, requisitos imprescindibles que non están a facerse.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte PREGUNTA:

- 1) Que valoración fai a Xunta de Galicia da actual situación?

Santiago de Compostela, a 31 de xullo de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/07/2019 12:39:18

CSV REXISTRO: 53097-480014857
Votado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.11 56703(10/PUP-000266)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a garantía polo Goberno galego do mantemento da
calidade asistencial esixible e o emprego no Hospital Povisa
de Vigo



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 17:37:11
Nº Rexistro: 56703
Data envío: 30/09/2019 17:37:11.746

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada polas recentes novas coñecidas sobre a posible venda do Hospital Povisa, que supón un elemento importante na asistencia sanitaria que ofrece o Sergas na área sanitaria de Vigo.

Nos recentes días foi coñecida a posibilidade de que a empresa propietaria do Hospital Povisa, propiedade ata o de agora dunha empresa galega, vendese este centro a un grupo empresarial norteamericano, dedicado principalmente ao negocio dos seguros médicos. Esta posible venda supón un elemento de inseguridade sobre as circunstancias que rodean á atención que presta este hospital na área sanitaria de Vigo.

O Hospital Povisa mantén un convenio co Sergas polo que supón o centro hospitalario de referencia para un volume aproximado de 135.000 persoas da área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia, e que supón un custe directo para os sistema público de máis de 80 millóns de euros ao ano. Esta circunstancia, xa anómala de por si, mantén un equilibrio inestable na prestación asistencial, xa que Povisa ofrece datos variables respecto do Sergas en cuestións como listas de espera ou as condicións laborais dos/as profesionais. A este escenario súmase a opacidade coa que o Sergas negociou e asinou con Povisa os últimos acordos, incluído o incremento da aportación que o sistema público fai a este centro privado para continuar coa asistencia concertada, elevando a contía pactada no anterior convenio por mor dunha intención unilateral da empresa de condicionar a asistencia sanitaria á recepción deses fondos.

CSX-RXISTROWUQIP49
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 17:37:11
Nº Rexistro: 56703
Data envío: 30/09/2019 17:37:11.746

A incerteza que rodea ao convenio e garantías que ofrece o centro Povisa e a opacidade e falta de información que a Xunta de Galicia vén amosando provoca preocupación na cidadanía e no colectivo de traballadores/as do centro.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Pode a Xunta de Galicia garantir o mantemento da calidade asistencial esixible e o emprego no centro Povisa?

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 30/09/2019 17:30:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/09/2019 17:30:41

Noela Blanco Rodríguez na data 30/09/2019 17:30:50



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.12 56735(10/PUP-000268)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 7 máis

Sobre a información da Consellería de Sanidade referida á posible venda do Hospital Povisa de Vigo e, se é o caso, as medidas previstas ao respecto

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, María Encarnación Amigo Díaz, María Ángeles García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira e Teresa Egerique Martínez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta oral en Pleno polo procedemento de urxencia.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que a Xunta explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

En distintos medios de comunicación tense publicado a nova da posible venda por parte dos actuais propietarios do Hospital Povisa á empresa Ribera Salud.

O Hospital Povisa presta asistencia sanitaria para o sistema público de saúde galego a unhas cento trinta e cinco mil persoas na área sanitaria de Vigo, é o terceiro maior hospital de titularidade privada de España e representa a segunda empresa de Vigo cun total de mil trescentos cincuenta traballadores.

O concerto singular actual de Povisa data de setembro de 2014, e ten vixencia ata o 2022, aínda que este hospital mantén concertos coas distintas administracións sanitarias dende 1973.

O SERGAS ten manifestado que se finalmente confirmase esta venda, vai “esixir e defender a o mantemento da calidade asistencial na área sanitaria de Vigo, e o mantemento dos postos de traballo”.





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/09/2019 18:10:26
Nº Rexistro: 56735
Data envío: 30/09/2019 18:10:26.991

Diante da preocupación xerada por estas novas entre os traballadores e a cidadanía, o grupo parlamentario popular formula a seguinte pregunta.

¿Que novas ten a Consellería de Sanidade sobre a posible venda do Hospital Povisa, e que medidas ten previsto tomar de confirmarse dita venda?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 30/09/2019 18:05:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/09/2019 18:05:43

María Ángeles García Míguez na data 30/09/2019 18:06:12

Marta Rodríguez Arias na data 30/09/2019 18:06:31

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 30/09/2019 18:06:57

María Soraya Salorio Porral na data 30/09/2019 18:07:21

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/09/2019 18:07:37

Teresa Egerique Mosquera na data 30/09/2019 18:08:09



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 08.10.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.13 55266(10/POP-006562)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa e 6 máis

Sobre os obxectivos fundamentais da Estratexia de
dinamización económica, territorial e turística das comarcas
vitivinícolas de Galicia

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019

A Mesa do Parlamento

Rosa Oubiña Solla, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jackeline E. Fernández Macías e Daniel Vega Pérez deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno galego ven de anunciar a posta en marcha dunha Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia, a través da sinatura dun convenio no que participan as consellerías do Medio Rural, de Economía, Emprego e Industria, a de Cultura e Turismo e a Fundación Juana de Vega.

Trátase da primeira Estratexia destas características, na que estarán presentes todos os axentes do sector implicados no territorio, destacando así o papel das denominacións de orixe e das indicacións xeográficas protexidas, dos grupos de desenvolvemento rural (GDR), dos produtores e comercializadores, do sector turístico, da restauración e da alimentación, así como as deputacións, investigadores e centros de formación e experimentación.

O sector vitivinícola converteuse nos últimos anos nun dos sectores máis dinámicos e internacionalizados da nosa economía agraria, que en Galicia estrutúrase arredor de cinco denominacións de orixe (Ribeiro, Valdeorras, Rías Baixas, Monterrei e Ribeira Sacra) e catro indicacións xeográficas protexidas (Val do Miño, Betanzos, Barbanza e Iria e Ribeiras do Morrazo).

Tendo en conta a importancia deste sector como elemento dinamizador, xerador de emprego e riqueza nos espazos rurais nos territorios nos que se produce, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son os obxectivos fundamentais da Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2019

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55266
Data envío: 06/09/2019 14:18:43.957

Asinado dixitalmente por:

Rosa Oubiña Solla na data 06/09/2019 14:16:15

Moisés Blanco Paradelo na data 06/09/2019 14:16:26

Jesús Miguel Prado Patiño na data 06/09/2019 14:16:42

Raquel Arias Rodríguez na data 06/09/2019 14:16:51

Carlos Gómez Salgado na data 06/09/2019 14:17:08

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 06/09/2019 14:17:20

Daniel Vega Pérez na data 06/09/2019 14:17:35



CSV REXISTRO06PuzE2j55
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PLENO DO PARLAMENTO

8 de outubro de 2019

Punto 1 bis. Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 56745 e 56976, 10/LGNF-000004)
Publicación no BOPG núm. 542, do 04.10.2019)

Separata núm. 1



A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 8 de outubro de 2019, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 1 de outubro de 2019, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto legislativo

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario (doc. núm. 52558, 10/PL-000017)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 507, do 18.07.2019

Publicación de emendas á totalidade, BOPG n.º 536, do 24.09.2019

- Punto 1 bis.** Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 56745 e 56976, 10/LGNF-000004)

Publicación no BOPG núm. 542, do 04.10.2019)

Punto 2. Comparecencia

56743 (10/CPP-000110)

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para dar conta da grave situación xerada en Galicia ante as políticas do Goberno central que están a provocar o peche das centrais térmicas das Pontes de Meirama e a necesidade dunha transición enerxética xusta.

Punto 3. Moción

55719 (10/MOC-000157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a mellora continua do sistema educativo galego. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 53912, publicada no BOPG nº 521, do 29.8.2019, e debatida na sesión plenaria do 10.9.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019



Punto 4. Proposicións non de lei

- 4.1 33899 (10/PNP-002566)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o Plan de normalización da lingua galega na mocidade e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia de política lingüística entre a poboación infantil
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 349, do 31.08.2018
- 4.2 52240 (10/PNP-003907)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión dos xurros e residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva que se esta a levar a cabo na comarca da Limia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 502, do 10.07.2019
- 4.3 52566 (10/PNP-003928)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas á incorporación no Anteproxecto de lei reguladora dos xogos de Galicia dun artigo no cal se estableza a creación dun observatorio galego de xogos que teña entre as súas funcións elaborar un protocolo de menores en materia de xogo e un informe anual sobre o xogo na comunidade autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 508, do 19.07.2019
- 4.4 54445 (10/PNP-004031)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Porritt Lueiro, María Teresa
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa evolución que presentan os desequilibrios territoriais en Galicia e o despoboamento dalgunhas comarcas, así como a garantía do acceso aos servizos básicos ao conxunto da poboación na totalidade do territorio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019
- 4.5 55264 (10/PNP-004086)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 13 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir a actividade dos centros produtivos e os postos de traballo das factorías de Alcoa en San Cibrao e un marco enerxético



estable e competitivo, así como a aprobación dun estatuto de apoio ás empresas electrointensivas.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG n.º 528, do 11.09.2019

- 4.6 55437 (10/PNP-004101)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto das supostas irregularidades detectadas pola veciñanza de Sobrado dos Monxes en relación coas balsas de lodos de distinta procedencia existentes nos montes do concello
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 4.7 55452 (10/PNP-004104)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co custo económico que supón para as familias o inicio do curso escolar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 4.8 55466 (10/PNP-004106)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a actividade naval e os postos de traballo no estaleiro Vulcano, así como para abordar unha política conxunta para o sector
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 4.9 55584 (10/PNP-004113)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prazas de médicos internos residentes habilitadas polo Goberno central para o ano 2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019

Punto 5. Interpelacións

- 5.1 49605 (10/INT-001661)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a política do Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019

- 5.2 52785 (10/INT-001749)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe realizar o Servizo Galego de Saúde en relación co concerto asinado con Povisa para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación que ten adscrita
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 512, do 29.07.2019

- 5.3 52802 (10/INT-001751)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemarketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 512, do 29.07.2019

- 5.4 52893 (10/INT-001758)
Grupo Parlamentario de En Marea
Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as políticas de emprego que vai poñer en marcha o Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 512, do 29.07.2019

- 5.5 56086 (10/INT-001882)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co recoñecemento de universidades privadas dentro do Sistema universitario de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

- 6.1 56658 (10/POPX-000164)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre a política industrial do Goberno galego
- 6.2 56741 (10/POPX-000165)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre a resposta que está a dar o Goberno galego á crise industrial que vive Galicia



- 6.3 56742 (10/POPX-000166)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a autocrítica que fai o Goberno galego da súa xestión para
rectificar o rumbo político da Xunta de Galicia

Punto 7. Preguntas ao Goberno

- 7.1 56049 (10/POP-006639)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 4 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da cobertura informativa
dada pola CRTVG sobre a morte en Valga de tres mulleres vítimas da
violencia machista
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019
- 7.2 53538 (10/POP-006315)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación co
trazado da Vía Ártabra para conectar os polígonos de Espírito Santo
(Cambre) e Bergondo coa A-6
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 521, do 29.08.2019
- 7.3 54851 (10/PUP-000263)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos do investimento
estranxeiro en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019
- 7.4 52365 (10/POP-006105)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia diante da
diminución da actividade da central térmica das Pontes e das súas
repercusións no sector auxiliar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 509, do 22.07.2019
- 7.5 54031 (10/POP-006414)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar os
efectos en Galicia da deslocalización de servizos de provisión e xestión



de rede da empresa de telefonía R Cable
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 521, do 29.08.2019

- 7.6 54848 (10/PUP-000262)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 7 máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante do
Goberno central para o mantemento da actividade da industria
electrointensiva, en especial, a da planta de Alcoa en San Cibrao
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019
- 7.7 56668 (10/PUP-000265)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as medidas que vai desenvolver a Xunta de Galicia para afrontar a
crise da empresa Barreras na comarca de Vigo
- 7.8 56723 (10/PUP-000267)
Grupo Parlamentario Mixto
Casal Vidal, Francisco e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta e marcha dun
grupo de traballo para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible
de Galicia (CLEW-Galicia) e a súa aplicación concreta na hipercomarca
das Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortegal
- 7.9 52620 (10/POP-006131)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rey Varela, José Manuel e 10 máis
Sobre a situación en que se atopa o expediente e os prazos que manexa a
Consellería de Sanidade para comezar as obras de remodelación do
Complejo Hospitalario Universitario de Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 513, do 30.07.2019
- 7.10 53097 (10/POP-006237)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da actual situación no
funcionamento de Povisa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 521, do 29.08.2019
- 7.11 56703 (10/PUP-000266)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a garantía polo Goberno galego do mantemento da calidade



asistencial esixible e o emprego no Hospital Povisa de Vigo

- 7.12 56735 (10/PUP-000268)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 7 máis
Sobre a información da Consellería de Sanidade referida á posible venda do Hospital Povisa de Vigo e, se é o caso, as medidas previstas ao respecto
- 7.13 55266 (10/POP-006562)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Oubiña Solla, Rosa e 6 máis
Sobre os obxectivos fundamentais da Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/10/2019 12:27:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 04/10/2019 12:27:35
Nº Rexistro: 17275
Data envío: 04/10/2019 12:27:35.288

CSV: REXISTROqs8vnpCW9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Resolución da Presidencia, do 4 de outubro de 2019, pola que se admite a trámite o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 56976)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 56976, o escrito remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, polo que se achega o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolvo:

- 1.º- Cualificar e admitir a trámite o escrito doc. núm. 56976, remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, polo que se achega o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- 2.º- Incorporar o dito documento, en cumprimento do acordado na reunión da Xunta de Portavoces do día 1 de outubro de 2019, como punto 1 bis á orde do día da sesión plenaria prevista para o día 8 de outubro.
- 3.º- Notificar este acordo ás deputadas e aos deputados e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.
- 4.º- Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Miguel Ángel Santalices
Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel Santalices Vieira,
Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Ángel
Santalices Vieira, Presidente,
email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.
es
Fecha: 2019.10.04 11:00:48 +02'00'



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 04/10/2019 11:00:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 04/10/2019 11:01:36
Nº Rexistro: 17274
Data envío: 04/10/2019 11:01:36.382

CSV: REXISTRONKcw12IP7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

04 OUT. 2019

Núm. 56976

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

- 4 OUT. 2019

SAÍDA

Núm. 191

Achégolle certificado do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, segundo a redacción dada ao dito precepto polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Asemade, achégase o informe de estratexia financeiro-fiscal ao que se refire o citado artigo.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE
GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día tres de outubro de dous mil dezanove adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. O límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 fíxase en 10.160 millóns de euros.
2. O Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza remitirá ao Parlamento de Galicia o presente acordo acompañado da documentación á que refire o parágrafo 1 do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do sr. presidente, en Santiago de Compostela a tres de outubro de dous mil dezanove.

Visto e praxe
O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

Informe de estratexia financeiro-fiscal

Outubro 2019



Índice

Introdución.....	3
1. Escenario Económico.....	5
1.1. O entorno internacional da economía galega.....	5
1.2. Situación da economía española.....	12
1.3. Evolución recente da economía galega.....	19
1.4. Escenario macroeconómico 2019 – 2022.....	26
1.5. Crecemento potencial e output gap.....	29
1.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente... ..	33
1.7. Taxa de referencia da economía galega.....	34
2. Escenario Financeiro.....	35
2.1. Recursos de contabilidade nacional para o teito de gasto.....	36
2.2. Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado.....	44
Anexo I.....	46



INTRODUCCIÓN

Co presente informe comezamos o ciclo orzamentario para o vindeiro exercicio, e no mesmo recóllense as bases prospectivas de evolución económica e financeira que dan lugar á concreción do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2020, límite ao que debe cingirse o próximo orzamento xeral da Comunidade Autónoma.

Como é sabido, a determinación desta magnitude e a súa remisión ao Parlamento da Comunidade Autónoma para a súa aprobación son o primeiro paso para a elaboración dos Orzamentos autonómicos.

Neste exercicio, a súa presentación realízase de xeito máis tardío que o habitual pola carencia de algunha información básica para a determinación do devandito límite. Información que, de xeito habitual, obtense durante o verán dos grupos de traballo e acordos adoptados no pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira. Na medida en que o devandito consello non se convocou ningunha vez no presente exercicio, non se puido contar con eses datos (polo miúdo ingresos do sistema de financiamento para 2020 e obxectivo de estabilidade orzamentaria), polo que esta se determina cos medios propios da consellería en base á información dispoñible a esta data.

Se ben os servizos da Consellería de Facenda realizan todos os anos as súas previsións de ingresos, mesmo das contías que lle corresponden a Galicia no sistema de financiamento autonómico, estas se contrastan e axustan ás contías facilitadas polo Ministerio de Facenda no Consello de Política Fiscal e Financeira por ser as que se recollerán nos presupostos xerais do Estado.

O límite de gasto permite establecer o tope cuantitativo do orzamento do vindeiro exercicio en función das expectativas de ingresos, do obxectivo de estabilidade orzamentaria¹ e das restantes regras fiscais coas que debe gardar coherencia.

¹ A Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno de España, mediante acordo do Consello de ministros, e previo informe do Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria dos diferentes niveis de administración territorial, que se medirá en termos de necesidade ou capacidade de financiamento segundo a definición do sistema europeo de contas nacionais e rexionais; no mesmo acordo fixará os obxectivos de endebedamento público.

Para a fixación do devandito obxectivo terase en conta a regra de gasto definida no artigo 12 da devandita lei orgánica e o saldo estrutural acadado no exercicio inmediato anterior.

Como se ten referido no anterior parágrafo este obxectivo non está aprobado para o 2020 aínda polo Goberno de España, pero na actualización do programa de estabilidade do Reino de España se contén unha previsión de obxectivos de estabilidade para as diferentes administracións públicas.

<http://serviciosede.mineco.gob.es/indeco/>





Como paso previo á determinación das anteriores magnitudes fiscais, compre definir a envolvente económica deste marco fiscal. O traballo de prospección económica que desenvolve o Instituto Galego de Estatística e leva á determinación do escenario, é fundamental por dous motivos:

1. Determina as variables económicas que condicionan a evolución dos ingresos públicos, sendo por tanto a base da estimación do escenario de ingresos, xunto coas previsións de recadación do exercicio en curso e as elasticidades de cada figura de ingresos. Ademais a estimación do PIB e do seu deflector serán tamén a referencia para a cuantificación do obxectivo de estabilidade orzamentaria (medido en necesidade ou capacidade de financiamento en termos de contabilidade nacional sobre o PIB).
2. Determina a situación cíclica da economía galega comparando o PIB real estimado e o potencial. Esta situación debe determinar o sesgo da política fiscal da comunidade autónoma. Por tanto, determina a posición cíclica da economía galega e o saldo cíclico e estrutural da mesma; así como a taxa de referencia da economía galega que debe marcar a evolución tendencial das diferentes políticas de gasto no seu conxunto.

Por todo elo a Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira de Galicia, no seu artigo 12 obriga ao Consello da Xunta a acordar o límite de gasto non financeiro dos Orzamentos da comunidade autónoma para o vindeiro exercicio², e á súa remisión ao Parlamento xunto cun informe de estratexia financeiro-fiscal no que se basean os cálculos que dan pe ao devandito límite.

O contido do presente informe recolle de xeito sistemático a devandita información e garda unha estrutura homoxénea coa de exercicios anteriores para facilitar a súa comparanza, estruturándose, a parte dunha breve introdución explicativa dos obxectivos e contido do mesmo, en dous grandes apartados.

-Un apartado económico, no que se establece o escenario económico da comunidade autónoma de forma coherente cos informes dos grandes axentes emisores de informes de conxuntura económica da nosa contorna (informe de primavera/verán da Comisión, OCDE e FMI e o informe de situación económica do Ministerio de Economía y Empresa).

² Con posterioridade á norma autonómica, a Lei Orgánica 2/2012 no seu artigo 30 recolle a obriga de elaborar un teito de gasto para as comunidades autónomas, ao sinalar que as comunidades autónomas aprobarán un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.



-Un apartado financeiro, que baixo os supostos de evolución económica prevista e os límites acordados para as diferentes regras fiscais, establece unha proposta de límite de gasto non financeiro para 2020.



1. ESCENARIO ECONÓMICO

En Galicia a Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 11 indica que con carácter previo á elaboración dos orzamentos, elaboraranse uns escenarios de previsión plurianual que se recollerán nun informe de estratexia financeiro - fiscal, que fixará o marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. A Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o Instituto Galego de Estatística (IGE), como axente responsable do subsistema de prospectiva económica, elaborará informes de situación económica que sirvan de base para a elaboración dos escenarios e que deberán conter, como mínimo o seguinte:

- a. Un cadro macroeconómico que explique a evolución en termos reais do PIB desde a óptica da demanda, así como a evolución do PIB en termos nominais.
- b. Análise de posición cíclica da economía galega e saldo cíclico do sector público autonómico de Galicia, crecemento potencial, output gap e saldo cíclico orzamentario.
- c. Cálculo da taxa de crecemento medio de referencia nominal e real de Galicia.

1.1. O entorno internacional da economía galega

As previsións dos principais organismos internacionais: Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e Comisión Europea elaboradas a principios de ano apuntaban a un menor dinamismo da economía mundial para os anos 2019-2020, cun crecemento inferior ao dos anos anteriores. Os indicadores máis recentes sinalan un debilitamento da economía mundial máis acusado do previsto a comezos de ano. As previsións máis actualizadas, as da OCDE, reflicten o empeoramento da economía mundial nos últimos meses. Antes do verán, os tres organismos prevían un crecemento do 3,2% en 2019, inferior ao dos anos anteriores, e un maior dinamismo no ano 2020. A OCDE revisou á baixa a previsión para este ano en tres décimas, ata o 2,9%. A previsión de crecemento para o ano 2020 roldaba o 3,5% e na actualidade a OCDE estima un incremento do 3,0%.

Destas previsións dedúcese que a expansión económica mundial continúa, pero unha confluencia de factores adversos que afectan as principais economías debilitan o



crecemento mundial, principalmente no ano 2019. As tensións comerciais entre Estados Unidos e China, as dúbidas sobre o formato de saída do Reino Unido da Unión Europea, as tensións xeopolíticas son algúns dos factores que afectan á evolución da economía mundial. Na medida en que se atenúe a incerteza sobre a situación mundial, prevese unha lixeira mellora da economía mundial no ano 2020.

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI (xullo 2019)		OCDE (setembro 2019)		Comisión Europea (xullo 2019) ⁽³⁾	
	2019	2020	2019	2020	2019	2020
PIB Mundial	3,2	3,5	2,9	3,0	3,2	3,5
Área Euro ⁽¹⁾	1,3	1,6	1,1	1,0	1,2	1,4
Francia	1,3	1,4	1,3	1,2	1,3	1,4
Alemaña	0,7	1,7	0,5	0,6	0,5	1,4
Italia	0,1	0,8	0,0	0,4	0,1	0,7
Portugal ⁽¹⁾⁽²⁾	1,7	1,5	1,8	1,9	1,7	1,7
España ⁽¹⁾	2,3	1,9	2,2	1,9	2,3	1,9
Reino Unido	1,3	1,4	1,0	0,9	1,3	1,3
Estados Unidos	2,6	1,9	2,4	2,0	2,4	1,9
Xapón	0,9	0,4	1,0	0,6	0,8	0,6
Marrocos ⁽¹⁾⁽²⁾	3,2	3,8	--	--	--	--
México	0,9	1,9	0,5	1,5	1,9	2,3
Brasil	0,8	2,4	0,8	1,7	1,9	2,4
China	6,2	6,0	6,1	5,7	6,2	6,0
India	7,0	7,2	5,9	6,3	7,1	7,3
Comercio mundial de bens e servizos	2,5	3,7	--	--	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países. A actualización de setembro non inclúe a Portugal, España e Marrocos

(2) A actualización de xullo do FMI non inclúe previsións para Portugal e Marrocos

(3) A actualización de xullo da Comisión Europea só inclúe os países da Unión Europea. Para o resto de países as previsións son de maio

Os crecementos esperados para o conxunto da economía global coinciden nunha ralentización do crecemento. Utilizando como fonte de información a OCDE, as economías avanzadas³ mostran sinais de desaceleración, cun comportamento diferenciado entre os principais países: Estados Unidos crecerá un 2,4% en 2019, cinco décimas menos que o ano anterior, e un 2,0% no ano 2020. Para a zona euro prevese unha moderación no seu crecemento no ano 2019, 1,1%, oito décimas menos que no ano anterior e moderará o seu crecemento no ano 2020, 1,0%. Para Reino Unido o crecemento previsto en 2019 é do 1,0%, unha décima menos que no ano anterior, e no

³ Estados Unidos, zona euro, Xapón, Reino Unido, Canadá son as principais economías incluídas neste grupo.



2020 do 0,9%, mais as condicións da saída da Unión Europea serán determinantes no futuro da economía británica. A debilidade da economía xaponesa manterase nos dous próximos anos, con incrementos do 1,0% en 2019 e 0,6% no ano seguinte. Entre as economías emerxentes e desenvolvidas⁴ destaca a recesión en Turquía, -0,3% en 2019, que se recuperará no ano seguinte, cun crecemento do 1,6% e China, que continuará reducindo o seu crecemento, con taxas do 6,1% en 2019, cinco décimas menos que no ano anterior, e do 5,7% en 2020.

Nos seguintes parágrafos detállanse estas previsións para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, polo tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, Xapón, China, India, os principais da zona euro, Reino Unido e Marrocos. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da Comisión Europea, e comentaranse as principais discrepancias coas previsións do FMI e as da OCDE.

As proxeccións reflicten que a expansión económica na zona euro continuará no período 2019-2020, aínda que ralentizará o seu crecemento. Os factores que favorecen o crecemento económico manteranse nos próximos anos aínda que o seu efecto irase reducindo: malia unha política monetaria acomodaticia e uns tipos de interese baixos, a perda de confianza ante as tensións comerciais e xeopolíticas internacionais podería afectar á inversión empresarial; o emprego seguirá crecendo pero a menor ritmo e, xunto cun incremento salarial, sosteirá o consumo privado; que se solucionen os problemas que afectan á economía mundial incidirá na mellora das exportacións da zona euro. En 2019 a previsión de crecemento da zona euro estaría en torno ao 1,3% do FMI e o 1,1% da OCDE; en 2020 a OCDE é o único organismo que prevé menor crecemento que no ano anterior, 1,0%

Por países dentro da zona euro, as perspectivas da Comisión Europea para 2019 reflicten a ralentización das principais economías: Francia crecería un 1,3% en 2019 fronte ao 1,7% en 2018, Alemaña pasaría do 1,5% en 2018 ao 0,5% en 2019, Italia crecería o 0,1%, seis décimas menos que o ano anterior (0,7%) e Portugal reduciría o crecemento do 2,1% en 2018 ao 1,7% en 2019. As previsións de crecemento para España⁵ tamén son inferiores as do ano anterior, 2,6% en 2018 e 2,3% en 2019. As previsións do FMI para 2019 difiren das da Comisión Europea para Alemaña (0,7%), mentres que coinciden para as outras catro economías. As previsións da OCDE coinciden coas da Comisión Europea para Francia e Alemaña, son máis optimistas para

⁴ Rusia, China, India, Indonesia, Malasia, Brasil, México, Arxentina, países do norte de África e de Oriente medio e subsaharianos forman este grupo.

⁵ O INE difundiu en setembro a Revisión Estatística 2019 das contas anuais e trimestrais; como consecuencia desta revisión, o PIB medrou un 2,4% en 2018, dúas décimas menos que nas estimacións anteriores; as previsións foron realizadas antes destes cambios.





Portugal (1,8%), mentres que prognostican un menor crecemento de Italia (0,0%) e España (2,2%).

As previsións para 2020 da Comisión Europea amosan unha recuperación nas principais economías da área euro respecto do ano anterior. Segundo estas previsións, a economía española será a única que moderaría o seu crecemento (catro décimas, ata o 1,9%) en 2020, aínda que seguirá a ser a economía que máis creza, seguida de Portugal, que se manterá estable no 1,7%. Alemaña será a que máis se reactivará, pasando dun crecemento do 0,5% en 2019 ao 1,4% en 2020, por unha redución do impacto na economía das perturbacións no sector automobilístico. Italia e Francia tamén rexistrarán un maior incremento, 0,7% e 1,4% respectivamente. As previsións do FMI coinciden coas da Comisión para Francia e España, melloran a previsión para Alemaña (1,7%) e Italia (0,8%) e reducen o crecemento de Portugal (1,5%). As previsións da OCDE empeoran as perspectivas da Comisión para Francia, Alemaña e Italia, mentres son máis optimistas con Portugal (1,9%) e coinciden para España⁶.

No principal país da UE que queda fóra da zona euro, o Reino Unido, todos os organismos sinalan a incerteza na evolución da súa economía, xa que as condicións da saída da Unión Europea serán determinantes. A Comisión Europea indica que as súas proxeccións están baseadas en supostos técnicos nos que se manteñen as mesmas relacións comerciais entre o Reino Unido e a Unión Europea. Prevé un crecemento do 1,3% nos dous anos, unha décima menos que en 2018 (1,4%). As previsións do FMI coinciden coas da Comisión en 2019 e unha mellora o ano seguinte (1,4%). O escenario máis pesimista preséntao a OCDE, cun crecemento do 1,0% en 2019, e unha décima menos en 2020 (0,9%).

En Estados Unidos, todos os organismos prevén un menor crecemento que no ano 2018, na medida na que se atenúen os efectos dos estímulos fiscais. A previsión para o ano 2019 oscila entre o 2,6% do FMI e o 2,4% da Comisión Europea e da OCDE. No ano 2020, o crecemento será inferior ao do ano precedente, entre o 2,0% da OCDE e o 1,9% previsto polo FMI e a Comisión Europea.

En Xapón as últimas previsións manteñen un débil crecemento desta economía nos dous próximos anos; a previsión para o ano 2019 varía entre o 1,0% da OCDE e o 0,8% da Comisión Europea; os tres organismos coinciden en que no ano 2020 o crecemento será menor, entre o 0,4% do FMI e o 0,6% da OCDE e da Comisión Europea.

O impacto das tensións comerciais con Estados Unidos reflíctese no crecemento da economía china que, malia os estímulos fiscais e monetarios para contrarrestar estes efectos, reduce o seu crecemento, aínda que seguirá sendo sólido. Os tres organismos

⁶ A actualización da OCDE de setembro non inclúe previsións para España e Portugal.





aproxímanse nas súas previsións para 2019, cun incremento entre o 6,1% e o 6,2%; para 2020 a OCDE baixou en setembro as súas perspectivas, do 6,0% (coas que coincidía cos outros dos organismos) ata o 5,7%. As previsións para India indican que continuará o vigor desta economía, nas previsións de primavera os prognósticos eran de taxas superiores ao 7% segundo os tres organismos. A OCDE ven de revisar á baixa as súas previsións, do 7,2% ata o 5,9% en 2019 e do 7,4% ata o 6,3% en 2020.

Utilizando os datos do FMI, a economía de Marrocos, continuará a senda expansiva, cun crecemento no ano 2019 do 3,2% (unha décima máis que no ano anterior) e do 3,8% en 2020.

A Comisión Europea tamén ofrece, nas súas previsións de maio, o perfil dos crecementos trimestrais e anuais. Os seguintes gráficos presentan o crecemento intertrimestral e interanual previsto e o observado para as principais economías europeas, Estados Unidos e Xapón para os anos 2019 e 2020.


En termos intertrimestrais obsérvase que, en xeral, o valor observado no primeiro trimestre superou ou foi similar ao valor previsto, o que non ocorre na maioría das economías no segundo trimestre, no que compre destacar as taxas negativas de Alemaña e Reino Unido.

En termos interanuais os países da área do euro tiveron un mellor comportamento que o previsto pola Comisión Europea, agás España (as previsións da Comisión Europea elaboráronse antes da revisión estatística 2019 que revisou á baixa o crecemento do PIB). A economía estadounidense amosa un menor dinamismo nos dous primeiros trimestres do esperado, mentres que a economía xaponesa supera ás expectativas.






Previsións crecemento intertrimestral do PIB en 2019 e 2020



Fonte: Comisión Europea



Previsións crecemento interanual do PIB en 2019 e 2020



Fonte: Comisión Europea



1.2. Situación da economía española

1.2.1. Escenario macroeconómico

A economía española mantén unha senda expansiva nos últimos anos, encadeando cinco anos consecutivos de crecemento. España está a crecer por riba da media dos países europeos, e nun contexto de progresiva desaceleración da economía mundial, tamén moderará o seu crecemento nos próximos anos.

A economía española mantén un crecemento sólido e sostido, acadando dezanove trimestres consecutivos taxas superiores ao 2,0%. Como xa se indicou anteriormente, o INE difundiu en setembro a contabilidade nacional anual e trimestral onde se actualizou a información estrutural dispoñible e se revisaron as fontes e os métodos de estimación. Esta revisión supuxo unha redución no PIB nacional nos últimos anos, que afectou as estimacións dos dous primeiros trimestres de 2019. Segundo os datos publicados a finais de setembro, o PIB rexistrou un incremento intertrimestral no segundo trimestre de 2019 do 0,4%, unha décima inferior ao do trimestre anterior. En termos de taxa interanual, o crecemento foi do 2,0%, dúas décimas menor que no trimestre precedente.

Desde a óptica da demanda, a expansión nos últimos anos da economía española baseouse principalmente na demanda interna. O consumo privado veuse fortalecido pola mellora no emprego. O empuxe da inversión veu determinado polas condicións financeiras favorables, o aumento do consumo e a menor débeda das sociedades non financeiras.

Analizando o crecemento do PIB no ano 2018, pódese observar unha achega positiva da demanda interna, 2,6 puntos porcentuais, inferior á do ano anterior, e unha contribución negativa do sector exterior, -0,3 puntos porcentuais. No dous primeiros trimestres do ano, obsérvase un menor dinamismo da demanda interna e unha contribución positiva do sector exterior, cun crecemento das exportacións e unha caída das importacións.



España. Demanda. Índices de volume. Referencia 2015

Datos corrigidos de efectos estacionales e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións	2017	2018	2018				2019	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	2,5	1,9	2,3	2,0	1,7	1,4	1,3	1,0
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	3,0	1,8	2,5	2,1	1,6	1,2	1,0	0,6
-Gasto en consumo final das AAPP	1,0	1,9	1,6	1,7	1,9	2,2	2,2	2,2
Formación bruta de capital	5,6	6,1	5,7	8,4	6,1	4,4	4,6	1,2
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	3,0	2,6	2,9	3,1	2,5	2,0	1,9	1,0
Exportacións de bens e servizos	5,6	2,2	4,0	3,1	1,6	0,1	0,3	2,2
Importacións de bens e servizos	6,6	3,3	4,7	6,3	2,5	-0,3	-0,4	-0,7
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	2,9	2,4	2,8	2,3	2,2	2,1	2,2	2,0

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2019

Entre os compoñentes da demanda interna, o consumo privado aumentou un 1,8% no ano 2018, favorecido polo continuo incremento do emprego; no que vai de ano obsérvase un consumo máis moderado, cun crecemento no segundo trimestre do 0,6%, catro décimas inferior ao do trimestre anterior.

A formación bruta de capital mantivo un forte dinamismo no ano 2018, cun incremento do 6,1%, cinco décimas máis que no ano anterior. No segundo trimestre de 2019, o empeoramento é evidente, cunha taxa do 1,2%, inferior en 3,3 puntos á do trimestre precedente.

As exportacións españolas vense afectadas pola situación económica mundial; as tensión comerciais e a incerteza inciden no comercio de bens e servizos. O crecemento medio no ano 2018 foi do 2,2%, 3,4 puntos menor que o do ano anterior. No segundo trimestre de 2019 as exportacións aumentaron un 2,2% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, case dous puntos máis que no trimestre anterior.

As importacións creceron por riba das exportacións no ano 2018, o que tamén ocorría en 2017, cunha taxa do 3,3%, 3,3 puntos inferior á do ano anterior; no segundo trimestre de 2019 rexistran unha caída do 0,7%.

As previsións dos principais organismos nacionais e internacionais coinciden no mantemento da senda expansiva da economía española, aínda que cun menor crecemento nos dous próximos anos.

As previsións do Banco de España son as máis recentes e as únicas que recollen a revisión na contabilidade nacional anual. Estas previsións revisaron á baixa o crecemento da economía española respecto das previsións anteriores. Para o ano 2019

o Banco de España prevé un crecemento do 2,0%, catro décimas menos do que proxectaba en xuño; tamén reduce o crecemento para 2020 ata o 1,7%.

A situación internacional afecta á confianza dos fogares e das empresas, o que reduciría a demanda interna, mais continuará sendo o motor do crecemento. O sector exterior contribuirá en 0,6 puntos no ano 2019 mentres será case neutral o ano seguinte.

No seguinte cadro presentamos as estimacións de crecemento para España previstas para os anos 2019 e 2020 polo Goberno, o Banco de España, a Comisión Europea (de maio agás o PIB real que actualizou en xullo), o FMI (de abril agás o PIB real que actualizou en xullo) e a OCDE.

Previsións macroeconómicas. España. TVA (%)										
	2019					2020				
	Ministerio Economía (abril 2019)	Banco de España (setembro 2019)	CE (maio 2019)	FMI (abril 2019)	OCDE (maio 2019)	Ministerio Economía (abril 2019)	Banco de España (setembro 2019)	CE (maio 2019)	FMI (abril 2019)	OCDE (maio 2019)
PIB por compoñentes de demanda										
Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾	1,9	1,0	1,9	2,0	1,7	1,6	1,3	1,6	1,7	1,6
Gasto en consumo final nacional das AAPP.	1,9	1,8	1,7	1,7	1,9	1,5	1,3	1,5	0,8	1,6
Formación bruta de capital fixo	4,0	2,3	3,6	2,9	3,8	3,5	3,4	2,9	2,7	3,9
Demanda nacional ⁽²⁾	2,3	1,4	2,2	2,2	2,2	1,9	1,7	1,8	1,7	2,1
Exportacións de bens e servizos	2,7	2,2	2,3	2,5	0,8	2,8	3,0	2,9	3,5	3,7
Importacións de bens e servizos	3,1	0,5	2,7	2,7	0,6	2,9	3,2	3,0	3,2	4,3
Saldo exterior ⁽³⁾	-0,1	0,6	-0,1	-0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	-0,2	0,2
Produto interior bruto	2,2	2,0	2,3*	2,3*	2,2	1,9	1,7	1,9	1,9	1,9
Produto interior bruto nominal	3,9	--	3,7	3,6	3,1	3,6	--	3,6	3,6	3,5
Mercado de traballo										
Emprego equivalente a tempo completo	2,1	1,8	2,0	1,6	2,3	1,8	1,3	1,7	0,6	1,6
Taxa de paro	13,8	14,1	13,5	14,2	13,8	12,3	13,2	12,2	14,1	12,7

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Ministerio de Economía, Banco de España e Comisión Europea: Achega ao crecemento do PIB

(3) Achega ao crecemento do PIB

(*) Actualización das previsións en xullo

Fonte: Ministerio de Economía y empresa, Banco de España, Comisión Europea, OCDE e FMI

No que respecta á taxa de paro, as previsións máis optimistas en 2019 corresponden a Comisión Europea, cunha taxa do 13,5%; o FMI prognostica a taxa máis elevada, 14,2%, o Banco de España prevé un 14,1% e os outros dous organismos coinciden nun 13,8%. Con estas previsións, a taxa de paro diminuiría entre 1,1 e 1,8 puntos con respecto ao ano anterior. Para o ano 2020 a previsión do FMI é a máis desfavorable, cunha taxa do 14,1%, mentres que a Comisión Europea presenta a taxa máis baixa, 12,2%. Con estas estimacións, o descenso máis acusado na taxa no ano 2020 sería o do Goberno, 1,5 puntos, mentres que o FMI rebaixaría 0,2 puntos.

A estimación de consenso dos organismos privados (anterior á Revisión estatística 2019 do INE) sitúa o crecemento da economía española nun 2,2% en 2019 e un 1,9% en 2020.



1.2.2. Capacidade ou necesidade de financiamento e posición de investimento

A contribución positiva da demanda exterior ao crecemento do PIB ten a súa contrapartida nunha capacidade positiva de financiamento da economía no seu conxunto.

A partir do ano 2012 a conta de bens e servizos ofrece un saldo positivo que continúa ata a actualidade.

Balanza de Pagos. Saldos

Anos	Conta Corrente			Conta de Capital	Cap(+)/Nec(-) de financiamento
	Bens e Servizos		Rentas e Transferencias		
	Turismo	Total			
2011	32.219	-1.888	-32.152	4.054	-29.986
2012	33.256	15.999	-18.403	5.179	2.775
2013	34.803	33.771	-18.183	6.576	22.164
2014	35.440	25.674	-14.458	5.049	16.265
2015	35.334	25.927	-13.370	7.068	19.625
2016	37.223	35.965	-10.720	2.542	27.787
2017	40.565	33.627	-12.116	2.684	24.195
2018	40.473	23.432	-12.281	6.272	17.423

Fonte: Banco de España

Nota: Milións de euros

O bo comportamento da conta corrente está fundamentado no saldo dos servizos de turismo. Con todo, nos últimos anos mostran un saldo positivo e significativo outros servizos como "servizos empresariais" ou "telecomunicacións, informática e información". Pero o saldo positivo do turismo é estable no tempo, polo que o mellor comportamento do resto de compoñentes da conta corrente é relevante para explicar a volta a saldos positivos desta conta.

Por sectores institucionais, actualmente, contribúen todos á capacidade de financiamento da economía salvo as administracións públicas e os fogares, que teñen un saldo negativo.


O saldo positivo da conta corrente e de capital agregadas (capacidade de financiamento) correspóndese cun saldo positivo na conta financeira. En concreto presentan saldos positivos o investimento directo, en carteira e resto.




1.2.3. Curva de Beveridge

A relación entre a taxa de vacantes e a taxa de paro (curva de Beveridge) permite observar a evolución do mercado de traballo. Os desprazamentos ao longo dunha curva teórica decrecente son resultado dos efectos cíclicos e amosan a conxuntura do mercado. Con todo, se observamos desprazamentos da propia curva teórica estamos ante cambios estruturais no propio mercado de traballo.


O primeiro gráfico recolle a curva de Beveridge para España empregando a base de datos REMS do Ministerio de Facenda. O segundo gráfico amosa a relación entre as variables vacantes e desemprego. O terceiro gráfico representa as dúas series por separado, cada unha co seu propio eixo, que amosan un carácter contraposto ante o ciclo. Así, os períodos expansivos da economía española supoñen tanto unha caída da taxa de desemprego como un incremento das vacantes ofertadas



A redución do desaxuste no mercado de traballo tivo que vir de cambios estruturais como: a política monetaria expansiva do BCE, os prezos máis favorables da enerxía, a reforma laboral do 2012, entre outros.



A ratio redúcese nas recesións e aumenta nos períodos de bonanza económica. O número medio de vacantes por desempregado durante o período analizado é de 0,05, o que equivale a uns 20 desempregados por vacante.



Dende o ano 2000 ata a primeira metade de 2008 obsérvase unha mellora da conxuntura, cunha diminución da taxa de paro, correspondente cun ascenso ao longo da curva de Beveridge. A partir de 2008, co comezo da crise, e ata finais de 2009, prodúcese un forte desprazamento da curva, que se afasta da orixe, o que indica que o mercado de traballo funcionou peor axustando oferta e demanda. Por exemplo, o intenso desemprego xerado na construción non atopaba fácil encaixe noutros sectores. Desde 2014 e ata a actualidade parece que a curva de Beveridge moveuse de volta á orixe, pero aínda ten que reducirse a taxa de paro para chegar á situación anterior á crise.



1.3. Evolución recente da economía galega

Os datos económicos máis recentes para Galicia manifestan un crecemento sostido da economía galega nos últimos anos. Non obstante, na primeira metade do ano obsérvase unha ralentización no crecemento; logo de case catro anos con taxas superiores ao 2,5%, no segundo trimestre de 2019 o PIB galego medrou un 2,0%. A taxa intertrimestral neste trimestre foi do 0,3%, inferior á dos trimestres anteriores. A continuación detállase o comportamento da economía galega nos últimos trimestres para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.

Produto interior bruto. Índices de volume. Referencia 2010

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

			2018				2019	
	2017	2018	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Variación interanual	3,2	2,8	3,1	2,9	2,5	2,6	2,3	2,0
Variación intertrimestral	--	--	0,7	0,6	0,6	0,6	0,4	0,3


Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Demanda

Desde a óptica da demanda, o crecemento da economía galega nos últimos anos sustentouse tanto na demanda interna como na demanda externa, mais no último ano, a demanda externa, afectada pola atonía do comercio mundial e da actividade industrial (principalmente o sector da automoción), debilitou o avance da economía.

No ano 2018 a achega da demanda interna en termos nacionais foi de 2,9 puntos porcentuais, rexistro superior ao do ano anterior, sendo o consumo privado e a inversión os motores deste crecemento. No segundo trimestre de 2019, a demanda interna aumenta a súa achega ao crecemento do produto interior bruto, sumando 3,3 puntos.





Demanda. Índices de volume. Referencia 2010

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2017	2018	2018				2019	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	1,6	2,2	2,4	2,1	2,0	2,4	2,4	3,3
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,3	2,3	2,4	2,1	2,2	2,6	3,4	3,5
-Gasto en consumo final das AAPP	2,4	1,8	2,4	2,1	1,2	1,6	-0,3	2,8
Formación bruta de capital	5,5	7,0	6,4	8,7	7,1	5,9	6,5	4,1
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	2,2	2,9	2,9	3,1	2,7	2,8	3,0	3,3
Exportacións de bens e servizos	5,0	3,4	7,1	4,3	4,6	-2,3	-7,1	-8,6
Importacións de bens e servizos	3,2	3,9	7,3	5,2	5,4	-2,0	-6,2	-6,6
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,2	2,8	3,1	2,9	2,5	2,6	2,3	2,0

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares incrementouse un 2,3% no ano 2018, un punto máis que no ano anterior, e achegou 1,4 puntos ao crecemento do PIB; o ano 2019 comezou cunha aceleración no seu crecemento (3,5% no segundo trimestre).

Os principais indicadores de consumo dos fogares móstranse en sintonía co agregado debido a que presentan no ano 2018 unha taxa interanual superior á do ano anterior e un mellor comportamento na primeira metade de 2019. O indicador de renda salarial real calculada con: afiliación, incremento salarial pactado en convenio e o IPC como deflector rexistra no ano 2018 un crecemento medio superior ao do ano anterior. O bo



comportamento do emprego xunto cun incremento dos salarios e un menor incremento dos prezos contribúen a un maior gasto dos fogares.

A formación bruta de capital creceu en 2018 con maior intensidade que en 2017 (7,0% fronte a 5,5%), co que encadea cinco anos consecutivos de crecemento. Este dinamismo mantense no comezo de 2019. A prolongación da fase expansiva da economía, as condicións financeiras favorables e o menor endebedamento das empresas favorecen a inversión.

Entre os indicadores de inversión, as importacións de bens de equipo mostraron unha maior intensidade no crecemento no ano 2018 mentres que a produción creceu a menor ritmo. A inversión en construción en 2018 superou á do ano anterior. Outro indicador de inversión, a matriculación de vehículos de carga, mostra unha tendencia expansiva nos últimos anos.

Pola súa parte, o sector exterior restou, no ano 2018, 0,1 puntos porcentuais ao crecemento do PIB, por un maior incremento das importacións que das exportacións. Na primeira metade de 2019, as exportacións galegas sufriron un retroceso tanto ao resto do mundo como ao resto de España.

As exportacións creceron un 3,4% no ano 2018, 1,6 puntos menos que no ano anterior; as importacións aumentaron un 3,9%, 0,7 puntos máis que no ano 2017. Tanto as exportacións galegas ao resto de España como o gasto dos non residentes rexistran un crecemento superior no ano 2018 respecto do ano anterior, mentres que as exportacións fora de España mostran un menor dinamismo.

No que vai de ano 2019, tanto as exportacións como as importacións mostran sinais de contracción. A desaceleración dos países do noso entorno, e en xeral, do comercio mundial afectan as exportacións galegas no estranxeiro. A redución da produción industrial incide no menor ritmo exportador.

Os datos de comercio exterior, obtidos a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria, indican que as exportacións galegas aumentaron en termos nominais en 2018 un 4,9%, reducindo o crecemento do ano anterior en 4,2 puntos. Nos sete primeiros meses do ano, as exportacións diminuíron un 8,9%. As importacións aumentaron un 10,5% en 2018 e moderan o crecemento neste ano, cunha taxa do 3,2% no que vai de ano.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no ano 2018 as taxas de crecemento interanual dos grandes agregados son inferiores ás do ano precedente agás na industria. Na primeira





metade de 2019, prodúcese unha contracción na industria, cunha taxa do -2,1% no segundo trimestre; os outros agregados amosan taxas positivas.

Oferta. Índices de volume. Referencia 2010

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2017	2018	2018				2019	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	1,9	0,9	0,8	1,4	0,8	0,7	1,1	0,2
Industria	3,2	3,8	7,3	3,8	2,2	2,1	-3,3	-2,1
- Industria manufacturera	4,9	2,8	5,4	3,7	1,5	0,9	-1,8	-0,8
Construción	6,7	6,1	5,5	6,2	6,8	5,8	5,7	5,5
Servizos	3,1	2,5	2,0	2,6	2,5	2,7	3,7	2,8
- Comercio, transporte e hostalería	5,1	3,4	2,7	3,7	3,3	4,0	6,1	3,8
- Información e comunicacións	7,8	2,6	2,5	4,4	2,9	0,7	1,9	-0,3
- Actividades financeiras e de seguros	1,0	2,0	0,8	0,7	2,4	4,0	3,8	6,0
- Actividades inmobiliarias	0,4	0,6	0,1	0,7	1,0	0,6	1,1	0,8
- Actividades profesionais	3,9	4,4	3,4	4,5	5,0	4,5	4,3	2,9
- Administración pública, sanidade e educación	2,0	2,0	2,1	2,0	1,9	2,1	2,7	3,0
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,2	0,3	0,3	0,4	0,3	0,3	0,2	0,2
Impostos netos sobre os produtos	2,1	1,5	2,4	1,2	1,1	1,3	0,9	1,5
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,2	2,8	3,1	2,9	2,5	2,6	2,3	2,0

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un crecemento do 0,9% no ano 2018, 1,0 puntos inferior á taxa do ano 2017; no que vai de ano a senda é decrecente.

As ramas industriais rexistran un crecemento do 3,8% no ano 2018, mellorando en 0,6 puntos o rexistro do ano precedente. Non obstante, a industria manufacturera creceu un 2,8%, 2,1 puntos menos que no ano anterior. Na primeira metade do ano, tanto a enerxía como a industria manufacturera mostran unha peor evolución. No segundo trimestre do ano, o VEB da industria manufacturera diminuíu un 0,8% e o VEB do total da industria o 2,1%.

O principal indicador conxuntural do sector industrial, o Índice de produción industrial (IPI) reflicte o bo comportamento deste sector no ano 2018, principalmente na primeira metade do ano. A produción de enerxía aumenta un 11,1% no ano, fronte a unha caída de magnitude similar o ano anterior. A industria manufacturera creceu en 2018 un 3,4%, menos que no ano anterior, 5,9%. No que vai de 2019, o IPI rexistra unha caída do 6,2%, con descensos tanto na industria manufacturera (-1,3%) como na produción de enerxía (-27,8%).



A taxa de variación interanual do sector da construción no ano 2018 foi do 6,1%, inferior á do ano anterior. Estes datos poñen de manifesto o dinamismo do sector, que continúa nos dous primeiros trimestres de 2019.

O sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 2,5% en 2018, 0,6 puntos inferior ao do ano anterior. A rama de actividade cun crecemento máis robusto nos últimos anos é comercio, transporte e hostalería, aínda que reduce o seu crecemento en 2018 respecto do ano anterior, dun 5,1% en 2017 ata un 3,4% en 2018. Todas as ramas rexistran taxas positivas no ano. Na primeira metade de 2019 o sector servizos continúa a ser o motor do crecemento da economía galega.

O principal indicador conxuntural do sector servizos, o Indicador de actividade do sector servizos (IASS) reflicte a moderación do sector no ano 2018, cun crecemento do 5,0% fronte ao 7,9% do ano 2017. No comezo deste ano, obsérvase un impulso na actividade, cunha taxa de crecemento nos sete primeiros meses do ano do 5,5%.

Emprego

No ano 2018 o número medio de postos de traballo equivalentes a tempo completo foi de 1.012.296, isto supón un incremento de 18.880 postos en termos absolutos con respecto a 2017; en termos relativos o crecemento foi do 1,9%.

Todos os grandes agregados rexistran taxas positivas no conxunto do ano 2018 agás o sector primario (-4,8%). Na industria aumentan os postos de traballo equivalentes a tempo completo o 3,0%, na construción o 4,5% e nos servizos o 2,1%. En comparación coas taxas do ano anterior, as ramas agrícola, gandeira e pesqueira empeoran en 8,6 puntos porcentuais e a industria en 0,3 puntos mentres que a construción mellora en 3,5 puntos e os servizos en 0,8 puntos.

Na primeira metade de 2019, modérase o ritmo de crecemento dos postos de traballo equivalentes a tempo completo, cunha taxa do 0,9% no segundo trimestre, unha décima superior á do trimestre precedente.





Emprego por ramas de actividade								
Postos de traballo equivalentes a tempo completo								
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)								
	2017	2018	2018				2019	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	3,8	-4,8	-4,1	-5,5	-5,3	-4,3	-5,2	1,2
Industria	3,3	3,0	3,4	3,8	2,9	1,9	1,7	0,4
- Industria manufacturera	3,5	3,2	3,5	4,0	3,2	2,1	1,9	0,4
Construción	1,0	4,5	4,3	4,9	4,8	4,1	4,0	3,0
Servizos	1,3	2,1	2,2	2,4	2,0	1,8	0,9	0,7
- Comercio, transporte e hostalería	1,4	2,1	2,3	2,2	2,1	1,7	0,6	0,4
- Información e comunicacións	-0,4	0,8	-0,4	0,8	1,2	1,5	3,8	3,8
- Actividades financeiras e de seguros	3,5	-1,6	-1,6	-1,6	-1,6	-1,5	1,0	0,9
- Actividades inmobiliarias	2,5	7,8	7,7	7,7	8,4	7,5	-1,4	-0,9
- Actividades profesionais	5,6	3,4	4,7	3,5	3,0	2,3	1,2	1,0
- Administración pública, sanidade e educación	0,0	2,9	2,8	3,6	2,6	2,5	1,6	1,6
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-0,6	-0,8	-2,1	-0,2	-0,7	-0,1	-1,0	-1,7
TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	1,8	1,9	2,1	2,2	1,8	1,5	0,8	0,9

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, aumentou no ano 2018 un 3,4%, o que supón un incremento de 28.055 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano. No que vai de ano, o emprego asalariado tamén reduce a intensidade, rexistrando no segundo trimestre unha taxa do 1,4%.

No ano 2018, o número de hora efectivas aumenta un 0,5%, menos que no ano anterior (1,3%). No que vai de ano, mantense un crecemento moderado no número de horas, rexistrando unha taxa do 0,8% no segundo trimestre.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo situouse no 0,8% no ano 2018, seis décimas menos que no ano anterior.

A Enquisa de poboación activa (EPA) reflicte que o número de ocupados aumentou un 2,4% no ano 2018, máis que no ano anterior (1,2%); supón un incremento de 24.900 persoas ata chegar aos 1.077.600 ocupados, o valor máis alto desde 2011. No segundo trimestre de 2019, os ocupados aumentaron un 2,1%, oito décimas menos que no trimestre precedente.



O número de parados reduciuse no ano 2018 en 29.700 persoas, -15,2% en termos relativos, ata os 165.900 parados. Con este nivel de paro, a taxa no 2018 é do 13,3%, reducíndose en 2,3 puntos respecto ao ano anterior.

A caída do paro continúa en 2019, cunha redución no número de parados do 19,8% no segundo trimestre, o que leva a unha taxa de paro do 11,3%.

As afiliacións medias á Seguridade Social aumentaron un 2,4% en 2018, tres décimas máis que no ano anterior; nos oito primeiros meses de 2019 o crecemento é do 1,9%.





1.4. Escenario macroeconómico 2019 – 2022

O escenario macroeconómico para Galicia prolonga a dinámica expansiva da economía galega ao longo do horizonte da previsión, aínda que cunha ralentización no crecemento do PIB no ano 2019 e un crecemento sostido nos anos seguintes.

Escenario macroeconómico Galicia. Variación anual en %					
	2018	2019	2020	2021	2022
Produto interior bruto (PIB)	2,8	2,0	1,9	2,0	1,8
Produto interior bruto nominal	3,7	3,0	3,1	3,5	3,4
Em prego. PTETC	1,9	0,8	0,8	1,0	0,2
Taxa de paro ¹	13,3	11,4	10,6	9,5	8,9

¹ % da poboación activa

Fonte: IGE

O escenario macroeconómico para os anos 2019 - 2020 mostra, desde a óptica da demanda, un crecemento baseado na demanda interna e un peor comportamento do sector exterior no ano 2019, que se recuperaría no ano seguinte, conforme se recuperen os mercados internacionais. Desde a óptica da oferta prevese un retroceso do sector industrial no ano 2019 mentres que os servizos e a construción moderarán gradualmente o seu crecemento.

A celebración do ano Xacobeo 2021 será un factor chave no sostemento do dinamismo da economía galega nos próximos anos. A preparación desta celebración motivará un incremento do consumo público e da inversión en infraestruturas no ano 2020.

Detállase a continuación, para os principais agregados da demanda, o cadro macroeconómico para os dous próximos anos.

1. O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro manterá un sólido crecemento no período proxectado. O fortalecemento do consumo privado en 2019 estaría motivado polo incremento dos salarios e as pensións e unha menor débeda, mais unha menor intensidade na creación de emprego reduciría estes efectos. Para o ano 2020, o consumo perderá vigor como consecuencia dun menor impacto dos efectos favorables do ano anterior.





2. O gasto en consumo final das administracións públicas moderará o seu crecemento no ano 2019, cun incremento do 1,1%, para crecer o 2,0% en 2020.

3. A formación bruta de capital continuará cun elevado ritmo de actividade aínda que cunha gradual moderación. No ano 2019 crecerá un 4,8% e prevese unha taxa do 3,0% para o ano 2020. A inversión empresarial, axudada por unhas condicións financeiras favorables e a mellora nos beneficios empresariais, seguirá mostrando un importante dinamismo. A desaceleración da demanda interna de España e dalgúns países do noso entorno podería influír nas expectativas das empresas galegas para os próximos anos. A inversión residencial continuará avanzando, axudada pola creación de emprego e os baixos tipos de interese.

4. A achega da demanda externa neta será negativa no ano 2019, cun comportamento negativo das exportacións (-5,1%) e das importacións (-3,1%). As exportacións ao estranxeiro estanse a ver afectadas polas tensións comerciais nos mercados internacionais e polas dificultades do sector do automóbil. A debilidade da demanda interna de España reflíctese nas exportacións ao resto de España. Para o ano 2020 prevese un menor impacto destes efectos, o que permitiría un crecemento das exportacións (2,9%) e das importacións (3,3%). A achega da demanda externa en 2020 continuaría a ser negativa.

5. A taxa de paro situarase no ano 2019 no 11,4%, co que diminuírá en 1,9 puntos respecto á do ano 2018. Un incremento da ocupación xunto cunha diminución da poboación activa levan a esta taxa. Para o ano seguinte a taxa de paro baixará ata o 10,6% e continuará esta senda descendente ata o 2022, cando se prevé sexa do 8,9%.

No cadro seguinte móstrase as previsións macroeconómicas de Galicia para o período 2019 -2020.



Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2018	2019	2020
Gasto en consumo final	2,2	2,9	1,9
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,3	3,5	1,9
- Gasto en consumo final das AAPP	1,8	1,1	2,0
Formación bruta de capital	7,0	4,8	3,0
Achega demanda interna ¹	2,9	3,1	2,0
Exportación de bens e servicios	3,4	-5,1	2,9
Importación de bens e servicios	3,9	-3,1	3,3
Produto interior bruto (PIB)	2,8	2,0	1,9
Produto interior bruto nominal	3,7	3,0	3,1
Emprego. PTETC	1,9	0,8	0,8
Taxa de paro ²	13,3	11,4	10,6

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa

Fonte: IGE



1.5. Crecemento potencial e output gap

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira establece que ningunha administración pública poderá incurrir en déficit estrutural, salvo nalgunhas circunstancias fixadas na devandita Lei. En virtude dela, é necesario dispor do cálculo do saldo estrutural para cada comunidade autónoma, así como para o Estado e a Seguridade Social.

A obtención do saldo estrutural dunha administración pública consiste en medir o compoñente cíclico do dito saldo e calcular o compoñente estrutural como diferenza entre o observado e o cíclico. A Orde ECC/2741/2012, de 20 de decembro, sobre o cálculo das previsións tendenciais de ingresos e gastos e da taxa de referencia da economía española desenvolve a metodoloxía para o cálculo do PIB potencial e o compoñente cíclico dos ingresos e gastos públicos seguindo a metodoloxía da Comisión Europea. Esta metodoloxía foi revisada posteriormente pola Comisión Europea e as modificacións quedan recollidas na Orde ECC/493/2014 de 27 de marzo e na Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro.

O cálculo do compoñente cíclico realízase en dúas fases. En primeiro lugar, calcúlase a fenda de produción, expresada como diferenza entre o Produto Interior Bruto (PIB) real observado e o PIB potencial, expresado en porcentaxe do produto potencial. En segundo lugar, estímase unha relación (elasticidade) entre o saldo observado e a fenda cíclica.

O crecemento potencial e o output gap dunha economía son conceptos de gran utilidade para a análise económica e, en particular, para a toma de decisións de política económica. Constitúen a referencia básica para avaliar a posición cíclica da economía e efectuar o diagnóstico sobre a orientación das políticas económicas.

Defínese o produto potencial como o nivel de produción en termos reais que unha economía é capaz de xerar utilizando os factores dispoñibles e a tecnoloxía existente, sen xerar presións inflacionarias. O output gap ou fenda de produción defínese como o cociente entre o PIB observado ou previsto, en termos reais, e o nivel estimado para o PIB potencial menos un.

A metodoloxía empregada para o cálculo do PIB potencial e do output gap para a economía galega⁷ segue no fundamental o contemplado nas ordes ministeriais ECC/2471/2012 de 20 de decembro, ECC/493/2014 de 27 de marzo e ECC/1556/2016,

⁷ http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_PIB_output_gap.pdf





de 28 de setembro, que seguen, a súa vez, a metodoloxía da función de produción da Comisión Europea⁸. Esta metodoloxía esixe, por un lado, a estimación da produtividade total dos factores (PTF) e, por outro, a avaliación dos factores produtivos (emprego e capital) no seu nivel potencial.

No seguinte cadro recóllense para Galicia as taxas de crecemento previstas para o PIB real, o PIB potencial estimado, as achegas das súas principais compoñentes e o output gap.


Evolución cíclica. Galicia					
	2018	2019	2020	2021	2022
PIB real. TVA (%)	2,8	2,0	1,9	2,0	1,8
PIB potencial. TVA (%)	0,9	1,1	1,2	1,4	1,4
Achegas ao crecemento do PIB potencial (*)					
Produtividade total dos factores	1,1	1,1	1,1	1,1	1,1
Traballo	-0,7	-0,6	-0,5	-0,4	-0,3
Capital	0,5	0,5	0,6	0,7	0,7
Output gap (*)	1,2	2,2	2,8	3,5	3,9

(*) Porcentaxe do PIB
NAWRU calculada con curva de Phillips híbrida
Fonte: IGE

O crecemento potencial manterase por debaixo do PIB real nos próximos anos. A estimación do produto potencial indica que seguirá unha senda crecente ata chegar ao 1,4% en 2021. Esta evolución débese a unha achega menos negativa do factor traballo e a unha maior achega do capital, mentres que a contribución da produtividade total dos factores mantense estable no período da proxección.

O PIB potencial diminuíu durante a crise tanto en Galicia como en España, debido á caída da inversión e do emprego, e estase a recuperar nos últimos anos. Como se pode ver no gráfico que segue, a achega dos distintos compoñentes é diferente nos distintos períodos. A mediados da década do 2000, o factor que máis contribuía ao crecemento potencial en Galicia era o capital, polo auxe da construción. O emprego tamén favorecía o incremento do PIB potencial. A caída da construción durante a crise motiva unha menor achega do capital ao PIB potencial. A perda de poboación en idade de traballar en Galicia explica a achega negativa do factor traballo.

⁸ http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2014/ecp535_en.htm



A achega do factor traballo ao crecemento do PIB potencial ven determinada pola evolución da poboación en idade de traballar e da taxa de desemprego non aceleradora dos salarios (NAWRU).

A estimación da NAWRU realízase a través do programa GAP, elaborado por Fiorentini, Planas e Rossi. No manual da versión 5.0 describe o modelo utilizado mediante análise factorial dinámico.

O desemprego μ_t descomponse en ciclo g_t e tendencia (NAWRU) N_t :

$$\mu_t = N_t + g_t$$

$$\Delta N_t = \eta_{t-1} + a_{Nt}$$

$$\eta_t = \eta_{t-1} + a_{\eta t}$$

$$g_t = \phi_{g1} g_{t-1} + \phi_{g2} g_{t-2} + a_{gt}$$

A NAWRU segue un proceso aleatorio de orde un ou dous segundo a varianza de $a_{\eta t}$ sexa nula ou estritamente positiva. A expresión anterior relaciónanse cos costes laborais unitarios a través da ecuación da curva de Phillips:

$$w_t = \mu_t + \phi_{w1} w_{t-1} + \beta_0 g_t + \beta_1 g_{t-1} + \gamma'_w z_t + a_{wt}$$

onde o vector z_t contén información esóxena sobre produtividade, termos de comercio e fixadores de salarios. Todas as innovacións, a_{Nt} , $a_{\eta t}$ e a_{gt} , son ruído branco, independentes e normalmente distribuídos.



As estimacións indican que a taxa de paro sería inferior á NAWRU a partir do ano 2018, o que se traduciría nunha presión á alza dos salarios.

Como resultado da evolución do PIB real e do potencial, o output gap de Galicia comeza a reducirse a partir de 2014 ata chegar a unha taxa positiva en 2018 (1,2%) e continuar en valores positivos nos anos seguintes.





1.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía, que segue a da Comisión Europea e explícase no Anexo I deste informe. Esta metodoloxía baséase no uso das semi-elasticidades para o cálculo do saldo orzamentario cíclico, a partir do cal obtense o saldo estrutural.

A partir das semi-elasticidades e o output gap é posible obter a descomposición do saldo orzamentario de Galicia en saldo cíclico e ciclicamente axustado. O saldo cíclico calcúlase como o produto da semi-elasticidade e o output gap e o saldo axustado do ciclo como a diferenza entre o saldo público e o saldo cíclico.

Finalmente, obtense o saldo estrutural ao restar do saldo ciclicamente axustado a diferenza entre os ingresos e gastos non recorrentes.

Saldo orzamentario cíclico. Galicia (% do PIB)					
	2018	2019	2020	2021	2022
Saldo público	0,2	0,0	0,2	0,5	0,5
Intereses	0,3	0,3	0,2	0,2	0,2
Medidas non recorrentes temporais	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Saldo primario	0,5	0,3	0,5	0,7	0,7
Output gap	1,2	2,2	2,8	3,5	3,9
Saldo cíclico	0,2	0,4	0,5	0,6	0,7
Saldo ciclicamente axustado	0,0	-0,3	-0,2	-0,1	-0,1
Saldo primario ciclicamente axustado	0,3	-0,1	0,0	0,1	0,1
Saldo estrutural	0,0	-0,3	-0,2	-0,1	-0,1
Saldo estrutural primario	0,3	-0,1	0,0	0,1	0,1

Fonte: IGE, Consellería de Facenda

No que respecta á compoñente cíclica, a evolución do output gap provocará unha corrección do saldo cíclico que manterá valores positivos nos próximos anos.

Este saldo cíclico positivo aconsella manter unha orientación fiscal neutral para non xerar fortes déficits estruturais.

Como resultado do comportamento do saldo cíclico e do saldo público, o saldo ciclicamente axustado pasaría do -0,3% do PIB no 2018 ao -0,2% en 2020, achegándose progresivamente ao equilibrio. Se descontamos o gasto financeiro podemos apreciar como o saldo estrutural primario mantense equilibrado en toda a serie.



1.7. Taxa de referencia da economía galega

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira establece que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

Para obter a dita taxa, calcúlase cada ano a media dos crecementos reais potenciais de dito ano, os cinco anteriores e os catro posteriores, obténdose así a taxa de referencia real. Os crecementos dos deflectores para pasar da taxa de referencia real á nominal correspóndense cos valores menores entre o 2% e a taxa do deflector prevista ou efectivamente realizada cada ano, segundo a Contabilidade Nacional.

A obtención do PIB potencial de Galicia permite obter a taxa de referencia da economía galega. A taxa de referencia en termos nominais é do 2,1% en 2019 e do 2,5% en 2020.

Taxa de referencia. Galicia		
	2019	2020
En termos reais	0,9	1,0
Deflactor	1,3	1,5
En termos nominais	2,1	2,5

Fonte: IGE

No entanto, a taxa de referencia a ter en conta para a elaboración das contas públicas do vindeiro exercicio, é a dimanante do informe de situación económica española, elaborado polo Ministerio de Economía e Empresa en primavera de cada ano. Este informe é o que serve de base a fixación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e non está actualizado para o presente exercicio.

Dado que estamos ante unha taxa promedio de dez anos, bastante estable polo tanto, recolleemos a previsión para 2020 do informe de 2018, último dispoñible, que se fixa nun 1,2% en termos reais e nun 2,9% en termos nominais.





2. ESCENARIO FINANCEIRO

Partindo do marco económico fixado con anterioridade, podemos estimar a envolvente financeira plurianual dimanante das anteriores previsións económicas e das decisións sobre política fiscal.

Para elo, realizamos unha previsión da evolución das principais masas financeiras dos recursos da comunidade autónoma.

A capacidade máxima de gasto debe ser coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública aprobados polas Cortes Xerais.

Non obstante durante o ano 2019 o Consello de Ministros non adoptou, en aplicación do disposto no artigo 15 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, ningún acordo sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública referidos ao trienio 2020-2022 para o conxunto do sector público e tampouco se celebrou ningún Pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) para informar sobre os obxectivos de estabilidade das CCAA, polo que a Xunta de Galicia tomou a decisión de fixar como obxectivo de estabilidade orzamentaria para dito trienio os fixados para as CCAA na actualización do Programa de Estabilidade 2019-2021 do Reino de España, remitido ás institucións comunitarias o 30 de abril de 2019 pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, onde se fixa para o ano 2020 unha necesidade de financiamento do 0,1% do PIB, e para os anos 2021 e 2022 equilibrio orzamentario.

En canto á regra de gasto, regulada no artigo 12 da anteriormente mencionada Lei orgánica de estabilidade orzamentaria, adoptouse o criterio de fixar como taxa de referencia de crecemento do PIB de medio prazo da economía española a establecida para o ano 2020 no Informe de situación da economía española elaborado polo Ministerio de Economía e Empresa en xullo de 2018, xa que durante o ano 2019 dito Ministerio non elaborou dito informe e, polo tanto, non foi actualizada a devandita taxa de referencia.

A partires dos datos da envolvente financeira plurianual, e tendo en conta as decisións adoptadas pola Xunta de Galicia respecto as regras fiscais para o ano 2020, establécese o límite máximo de gasto non financeiro. Dito límite está regulado no artigo 30 da Lei 2/2012, que sinala que as CCAA aprobarán nos seus respectivos eidos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito da asignación de recursos dos seus orzamentos.

Na medida en que as finanzas galegas están a rematar o proceso de consolidación fiscal, o efecto limitante da redución das necesidades de endebedamento redúcese



sensiblemente ao achegarse ao endebedamento neto cero, adquirindo protagonismo a regra de gasto como factor determinante da evolución da capacidade de gasto.

Por tanto o teito de gasto haberá de ser calculado a partires dos recursos como ata o de agora, porén este cálculo debe complementarse co dimanante da evolución máxima do gasto a partires da taxa de referencia de crecemento do PIB nominal a medio prazo.

2.1. Recursos de contabilidade nacional para o teito de gasto

Os recursos dispoñibles en termos de contabilidade nacional que determinan o límite de gasto non financeiro ou teito de gasto dependen de tres factores:

- i. a evolución dos ingresos non financeiros
- ii. o obxectivo de estabilidade orzamentaria (que suporá maiores recursos cando o obxectivo sexa de déficit ou menores recursos cando sexa de superávit) ao determinarse o devandito obxectivo como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, expresada coma unha porcentaxe do PIB nominal da comunidade autónoma.
- iii. os axustes de contabilidade nacional sobre a orzamentaria.

i) Evolución dos ingresos non financeiros.

A composición dos ingresos non financeiros vén determinada polos seguintes grandes agregados segundo a fonte do ingreso:

- Ingresos do sistema de financiamento (supoñen en torno o 80% dos ingresos non financeiros totais).

Con carácter xeral e de forma ordinaria e recorrente o cálculo dos recursos do sistema de financiamento realízase pola Comunidade Autónoma a partir da comunicación provisional dos recursos do sistema de financiamento autonómico para o ano seguinte efectuada polo Ministerio de Facenda, unha vez aprobado polas Cortes Xerais o límite de gasto non financeiro do Estado.





Como sinala a introdución do informe, o Goberno do Estado en funcións non foi quen de aprobar o límite de gasto non financeiro para o 2020 nin de remitir desde o Ministerio de Facenda a comunicación coas entregas a conta do sistema para o ano 2020 e a liquidación do ano 2018, polo que a proposta que recolle este informe está a basearse nas previsións da Consellería de Facenda, que se ben estima con criterios obxectivos, razoables e prudentes a evolución de ditos recursos para cada ano logo os pode contrastar cos datos facilitados pola Administración Xeral do Estado.

Así, as entregas a conta tanto do IRPF como do IVE incrementáronse nun 3,5% en liña coa previsións moderadas de incremento do PIB nominal para Galicia no ano 2020. Por contra, as entregas a conta dos impostos especiais incrementáronse nun 2,9% xa que os consumos que gravan ditos impostos son menos dinámicos e están menos relacionados co ciclo económico.

Considerase que as variables utilizadas para estimar o importe das entregas a conta do próximo ano son prudentes xa que a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF) ao analizar a Actualización do Programa de Estabilidade 2019-2022 presentado polo Goberno do Estado en abril de 2019 estima para o IRPF un crecemento medio durante o período 2019-2022 de entorno o 5% e para o IVE e os impostos especiais prevé un incremento do 4,9% durante dito período. De xeito que as previsións realizadas pola Consellería recollen respecto das formuladas pola AIRef un diferencial representativo da tendencia á baixa que, no mes de setembro, están amosando os últimos datos coñecidos sobre o crecemento das variables económicas.

A liquidación definitiva dos recursos do sistema de financiamento a incluír nos Orzamentos do ano 2020 (correspondente aos recursos xerados durante o ano 2018) calculouse a partir dos datos de recadación tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria para o ano 2018, de forma que a liquidación de dito ano experimenta un incremento de 267,6 millóns de euros respecto a liquidación do ano 2017, é dicir, sobre a recollida nos orzamentos para o ano 2019, principalmente pola boa evolución da recadación nese ano (o ITE no ano 2018 esperase que alcance valores próximos ao 1,1 fronte aos inferiores a 1 do ano 2017) e tamén debido a que a entrega a conta do IRPF vai resultar inferior ao rendemento definitivo esperado para ese ano en máis de 150 M€, diferenza que obedece ao feito de que a entrega a conta do ano 2018 foi 16,3 millóns inferior á do ano





2017, cando en dito ano a recadación do IRPF aumentou nun 7,6% respecto ao ano 2017.

En canto a recadación do IVE incrementouse nun 10,3% respecto ao ano 2017 e a recadación dos impostos especiais soamente un 1,1%.

Non obstante, á liquidación anual do sistema de financiamento hai que axustala como consecuencia do adiamento das devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 (-84,8 M€ despois do acordo adoptado polo pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado o 31 de xullo de 2014 consistente en adiar ata 240 mensualidades adicionais a devolución das mencionadas liquidacións). Por tanto o saldo total das liquidacións do 2018 ascenderán no exercicio orzamentario 2020 ata os 315,7 M€, case sete veces máis que o dato da liquidación do ano 2017 (48,1 M€). Este aumento se modera ata catro veces máis se temos en conta na devandita liquidación a contía adebedada pola Administración Xeral do Estado en concepto de compensación pola implantación do sistema subministración de información inmediata no IVE.

Con todo isto, estímase que os ingresos do sistema de financiamento aumentarán nun 3,9%; os pagos a conta aumentan un 3,1% en liña co aumento do PIB nominal previsto, e as liquidacións un 28% polos efectos descritos no parágrafo anterior.

- As transferencias finalistas doutras administracións, procedentes basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos, aumentan lixeiramente respecto ao exercicio anterior sobre os ingresos non financeiros, ata supor o 11,7% dos mesmos. No que atinxe ao financiamento finalista do Estado, a falta de proxecto de PGE para o vindeiro ano que recolla novas liñas de financiamento, a súa estimación resulta maior froito do aumento dos niveis mínimos de dependencia que lle corresponden a Galicia polo aumento de poboación atendida, así como da repartición dos fondos de emprego avanzados pola correspondente comisión mixta. O Fondo de Compensación Interterritorial, estímase en liña coa variación da formación bruta de capital prevista na actualización do programa de estabilidade do Reino de España para 2019-2022, cunha diminución do 3,7% (algo máis dun millón seiscientos euros).

No que atinxe aos fondos europeos, orzaméntase a anualidade correspondente ao momento final do período de execución dos fondos, e recolle a maior parte dos recursos pendentes de orzamentar, sen prexuízo





das reprogramacións que haberá que realizar e executar no período n+3 para aproveitar a capacidade de absorción das liñas de actuación que mellor están a funcionar. Por todo elo achegan unha aportación moi significativa, cun incremento superior ao 6% con respecto ao exercicio anterior.

Da análise dos ingresos non financeiros, obsérvase un aumento das transferencias de capital do 3,4%, a maior parte correspondentes a transferencias da Unión Europea ben por actuacións de gasto contidas no orzamento ben por investimentos pendentes, como se ten indicado no parágrafo anterior.

- Respecto dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma nos que se inclúen os tributos cedidos xestionados pola Xunta, os tributos propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais estímase que o seu importe apenas reflectirá variacións no ano 2020 en relación ao presente, cun incremento do 0,2%.

A súa evolución estable depende en gran medida da evolución dos principais tributos cedidos: o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e o Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Continúa a recuperación do mercado da vivenda, especialmente o que atinxe a vivenda usada, despois de estabilizarse dende finais de 2014, inicia unha fase de crecemento moderado pero continuo. O aumento da demanda de vivenda, facilitado por unha mellora das condicións crediticias e da renda dispoñible das familias, mudou a positiva a senda de evolución do prezo dos inmobles, o que está a favorecer melloras das valoracións dos activos inmobiliarios, ensanchando as bases impositivas tanto do ITP-AJD como do Imposto sobre sucesións e doazóns. Porén a evolución da recadación prevista no Imposto de Sucesións e Doazóns aínda reflicte os efectos da baixada fiscal aprobada pola Xunta no ano 2016.

Esta evolución favorable desta figura tributaria permite compensar a diminución do ingreso por mor da inclusión do tipo autonómico do imposto especial de hidrocarburos, que pasou a recollese nas entregas a conta dos impostos especiais do sistema de financiamento autonómico no presente exercicio e do que quedaba orzamentado como ingreso o último trimestre de 2018 por 19 millóns de euros.





No que atinxe ao Imposto sobre o Patrimonio, no ano 2020 espérase unha diminución da súa recadación, en concreto dun 12,8% menos, como consecuencia de reverter a subida da tarifa aprobada no ano 2013 por mor da crise, de forma que se volve ter a mesma tributación que a que establece a normativa estatal con carácter xeral.

A continuación detállase a evolución estimada dos recursos non financeiros durante o período 2019-2022:

millóns de euros	Orzamento	Límite de Gasto	Previsións		taxas de variación		
	2019	2020	2021	2022	2020-2019	2021-2020	2022-2021
recursos sistema de financiamento	7.673	7.974	8.258	8.574	3,9%	3,6%	3,8%
fondos finalistas doutras administracións	1.125	1.183	1.134	949	5,1%	-4,1%	-16,3%
outros recursos non financeiros	957	955	956	932	-0,2%	0,2%	-2,6%
TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS	9.755	10.112	10.348	10.455	3,7%	2,3%	1,0%

A ponderación dos diferentes ingresos da comunidade autónoma e a súa evolución individual xa descrita mostra unha evolución moi correlacionada co PIB nominal previsto.



Os obxectivos orzamentarios a medio prazo (MTO)

O Consello Europeo clausurou en xuño deste ano o procedemento de déficit excesivo (PDE) aplicado a España, polo que derogou a súa decisión de abril de 2009 sobre a existencia dun déficit excesivo no Reino de España, na que se instaba a corrixir o déficit ao máis tardar no ano 2012. Dito prazo tivo que ser ampliado ata en 4 veces, nas tres primeiras ocasións (decembro de 2009, xullo de 2012 e xuño de 2013) ampliouse o prazo ata 2013, 2014 e 2016 respectivamente por mor dos efectos económicos adversos e inesperados da gran crise. Por contra, a última ampliación producida en xullo de 2016 o Consello Europeo observou que non se tomaran medidas eficaces para remediar a situación de déficit excesivo e fixou o ano 2018 a máis tardar como novo prazo para corrixir o déficit excesivo.

Unha vez fóra do PDE o Reino de España segue sometido á parte preventiva do Pacto de Estabilidade e Crecemento.

Os países que se atopan na parte preventiva do Pacto pero que aínda non lograron un orzamento equilibrado en termos estruturais (MTO) e teñen unha débeda superior ao 60% do PIB están sometidos as seguintes regras fiscais:

- A regra de converxencia cara o MTO, que se mide mediante dous indicadores: as variacións do saldo estrutural (saldo axustado en función do ciclo sen ter en conta as medidas puntuais e outras medidas de carácter temporal) e a taxa de crecemento do gasto público compatible con dito axuste estrutural.
- E a regra de converxencia para chegar ao límite de 60% de débeda pública. Na que pode distinguirse a regra xeral e a norma transitoria que se aplica aos países que se encontran nun PDE e que se aplica a España durante os anos 2019 e 2021 (3 anos seguintes á corrección do déficit excesivo). Dita norma serve para asegurar que ao final do período de transición se cumpre a regra xeral.

En xuño deste ano, a parte de derogar o PDE, o Consello Europeo adoptou unha serie de recomendacións para fortalecer os marcos orzamentarios nas que se establece que deben tomarse medidas durante os anos 2019 e 2020 co fin de garantir que a taxa de crecemento nominal do gasto público primario neto non exceda do 0,9% en 2020, o que supón un axuste estrutural anual do 0,65% do PIB e tamén destinar os ingresos extraordinarios a acelerar a redución da débeda pública xa que se prevé que España non cumpra os requisitos da norma transitoria nin en 2019 nin en 2020.





ii) obxectivo de déficit

O cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria debe colaborar a facilitar o encaixe entre a recuperación da senda de ingresos, a diminución do recurso de endebedamento e o nivel de recursos precisos para garantir unha axeitada prestación dos servizos públicos de acordo coas posibilidades reais da comunidade autónoma.

Compre lembrar a estes efectos que é irrenunciable o camiño de redución do nivel de endebedamento comezado no ano 2017 de cara a acadar un nivel de débeda que permita enfrontar con solvencia futuros shocks económicos. Aínda se está lonxe do obxectivo de endebedamento fixado no Pacto de Estabilidade e Crecemento a nivel de Estado membro da UE (60% do PIB), e de Comunidade Autónoma marcado na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria (13% do PIB galego).

Neste sentido, a evolución da economía nos últimos anos permitiu unha mellora dos ingresos públicos que facilitou o remate da senda de consolidación fiscal, de forma que se prevé que no ano 2021 a Comunidade Autónoma de Galicia peche dito exercicio en equilibrio orzamentario e tendo en conta que no ano 2018 se pechou o exercicio cun superávit do 0,2% do PIB.

Como xa se mencionou anteriormente a Xunta de Galicia adoptou a decisión de fixar como obxectivo de estabilidade orzamentaria para o ano 2020 o fixado para as CCAA na actualización do Programa de Estabilidade 2019-2022, onde se establece para dito ano unha necesidade de financiamento do 0,1% do PIB e para os anos 2021 e 2022 equilibrio orzamentario, e para o conxunto das AAPP un -1,1%, -0,4% e un 0,0% respectivamente.

A adopción de dito obxectivo de estabilidade permitirá incrementar a capacidade de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia en 68 M€.



Cuadro 4.3.1. Proyecciones presupuestarias
Procedimiento de Déficit Excesivo

	ESA Code	2018 (A)	2018 (A)	2019 (P)	2020 (P)	2021 (P)	2022 (P)
		Nivel	% del PIB				
		(mil. €)					
Capacidad (+)/Necesidad (-) de Financiación (EDP. B9)							
1. Total Administraciones Públicas (*)	\$, 13	-29.982	-2,5	-2,0	-1,1	-0,4	0,0
1a. Sin gastos de reestructuración bancaria		-29.904	-2,5	-2,0	-1,1	-0,4	0,0
2. Administración Central (*)	\$, 1311	-16.376	-1,4	-0,5	-0,1	0,0	0,0
3. Comunidades Autónomas	\$, 1312	-2.810	-0,2	-0,3	-0,1	0,0	0,0
4. Corporaciones Locales (**)	\$, 1313	6.292	0,5	0,0	0,0	0,0	0,0
5. Administraciones de Seguridad Social	\$, 1314	-17.088	-1,4	-1,2	-0,9	-0,4	0,0

Fonte: Actualización do Programa de Estabilidade 2019-2022

iii) axustes de contabilidade nacional

Para a determinación da magnitude total do límite de gasto hai que ter en conta os posibles axustes que se haberán de aplicar sobre as dispoñibilidades financeiras determinadas ata o de agora, por diferir a súa consideración como gasto ou ingreso orzamentario e como emprego ou recurso en termos de contabilidade nacional, que é como se fixa o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O sistema europeo de contas (en adiante SEC-2010) é un sistema de Contabilidade Nacional e *"constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, das súas compoñentes e das súas relacións con outras economías"*.

O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade de financiamento e, por tanto deberemos atender aos seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración, como de aprobación e execución do orzamento. É por isto polo que o proceso e orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos, os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, desta forma, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de





estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan, en ingresos e gastos, os criterios de contabilidade nacional conleva incertezas no resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC fronte ao orzamento administrativo:

Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e permiten por tanto, clasificar os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico, e polo tanto, do perímetro de consolidación SEC, ou non. Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.

Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co gallo de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector en termos de contabilidade nacional.

Os axustes tidos en conta para a elaboración do límite de gasto foron os seguintes:

1. A recadación incerta, que é a diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos netos nos capítulos I a III do orzamento de ingresos e o importe recadado en ditos capítulos, tanto en corrente como en exercicios anteriores. É de prever que consonte vaia mellorando a conxuntura económica o importe deste axuste se minore de xeito significativo.
2. As achegas de capital. Considéranse gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. A máis importante é a correspondente ao financiamento da CRTVG. Tamén considéranse gasto non financeiro as achegas a Fundacións do sector público autonómico.
3. Os axustes por execución de avais. Recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declaradas fallidas e que se pagan con cargo ao fondo de garantía de avais que se instrumenta orzamentariamente como un gasto financeiro (a través dunha aplicación do capítulo VIII).
4. As estradas por concesión. En contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no momento en que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente





canon, mediante o que se amortiza a estrada, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado na súa integridade no intre do investimento.

5. Como menor gasto recóllense os axustes debidos ao pago da anualidade das contías aprazadas das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

Debe terse en conta que tan só se poden recoller neste momento os axustes que se poidan estimar a priori. Ademais, de cara á elaboración da envolvente financeira, desbótanse aqueles que teñen carácter puntual e pouco representativo.

De cara á determinación do teito de gasto estimouse para o vindeiro ano unha importante redución dos axustes de contabilidade nacional pasando dun saldo positivo de 25 M€ no ano 2019 a un saldo negativo de -20 M€ no ano 2020. Este cambio de signo é debido ao fin das achegas das consellerías para financiar os PEF da sociedade pública de investimentos, que, por adicarse unicamente a xestionar a autoestrada autonómica Alto de Santo Domingo-Ourense e non recibir mandatos novos de execución de obra computaban como axustes positivos.

2.2. límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado.

De acordo co artigo 12 da Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade de Galicia, aprobado o obxectivo de estabilidade do artigo 4.1, o Consello da Xunta acordará o límite máximo de gasto non financeiro dos Orzamentos xerais da comunidade autónoma. Este acordo remitirase ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación, xunto co presente informe.

O límite de gasto será coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto establecida nas normas de estabilidade orzamentaria. O límite aprobado poderá ser axustado na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado, así como na variación dos axustes de contabilidade nacional sempre que non afecte ao obxectivo de estabilidade que se propón acadar.

Por tanto, da agregación das compoñentes especificadas no punto anterior do informe podemos derivar a senda de disponibilidades financeiras a medio prazo da Comunidade Autónoma acorde co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria aprobados.





Como pode verse, a recuperación económica eleva os ingresos tributarios, tanto os percibidos a través dos pagos a conta do sistema de financiamento autonómico como os propios. Esta boa evolución dos recursos tributarios e do sistema de financiamento resulta acompañada por un financiamento finalista que experimenta un moderado ascenso de cara ao próximo ano xa que o importe esperado de fondos finalistas estímase que se incremente nun 5,1%.

Por último, en canto aos recursos derivados do endebedamento, durante o ano 2020 dita fonte de financiamento mantense constante ao aplicarse o mesmo obxectivo de estabilidade orzamentaria que neste ano, o 0,1% do PIB de Galicia, o que en conxunción coa evolución estimada do PIB nominal permitirá seguir reducindo a ratio débeda/PIB e avanzando cara ao obxectivo de endebedamento fixado pola normativa de estabilidade orzamentaria.

En síntese, se se agregan todas as fontes de financiamento a capacidade de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 incrementase nun 3,1 % en relación ao presente ano, ata os 10.160 M€.

A senda a futuro seguirá aumentando a modo os ingresos non financeiros, en especial os recursos do sistema de financiamento. Os fondos europeos reflicten unha tendencia á baixa dado que está a rematar o período da programación actualmente vixente, sen prexuízo de que se poida modificar esta tendencia como consecuencia da aprobación do novo marco comunitario de apoio (mca) e os seus programas operativos a partires do ano 2021.

Por tanto, salvando este axuste dos fondos europeos pendentes do novo mca, o escenario futuro segue a prever un crecemento medio e estable da capacidade de gasto a un ritmo medio de máis dun 1% anual.

A evolución prevista para este límite de gasto é coherente coa taxa de referencia nominal da economía, elaborada de acordo coa proposta metodolóxica da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria, recollida no informe de situación da economía española do Ministerio de Economía e Empresa que xa foi desenvolvida no punto 1.7 deste informe.





millóns de euros	Orzamento	Límite de Gasto	Previsións		taxas de variación		
			2021	2022	2020-2019	2021-2020	2022-2021
recursos sistema de financiamento	7.673	7.974	8.258	8.574	3,9%	3,6%	3,8%
fondos finalistas doutras administracións	1.125	1.183	1.134	949	5,1%	-4,1%	-16,3%
outros recursos non financeiros	957	955	956	932	-0,2%	0,2%	-2,6%
TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS	9.755	10.112	10.348	10.455	3,7%	2,3%	1,0%
capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento	69	68	0	0	-2,0%	-100,0%	-
axustes de contabilidade nacional	25	-20	-26	-28	-178,7%	30,0%	7,7%
LIMITE DE GASTO	9.849	10.160	10.322	10.427	3,1%	1,6%	1,0%



Anexo I. Metodoloxía para a obtención do saldo cíclico.

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía, que segue a da Comisión Europea⁹, que no ano 2013 introducía un cambio na metodoloxía de cálculo dos saldos orzamentarios axustados do ciclo (en inglés cyclically-adjusted budget balance (CAB)).

A nova metodoloxía substitúe a sensibilidade respecto da brecha de produción (output gap (OG)) que se viña utilizando pola semi-elasticidade dos ingresos e gastos públicos tamén con respecto da brecha de produción.

O documento da Comisión Europea demostra que o uso da semi-elasticidade para o cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo aproxima mellor este concepto que o uso anterior da sensibilidade.

A diferenza entre o uso da semi-elasticidade e a sensibilidade é unha cantidade igual ao produto do saldo orzamentario real en porcentaxe do PIB e a brecha do produto:

$$CAB_{semi-elasticidade} - CAB_{sensibilidade} = OG \frac{B}{Y}$$

onde OG é o Output Gap, B é o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto. As consecuencias deste cambio pódense resumir en que na maioría dos casos a diferenza entre o uso da sensibilidade e a semi-elasticidade é dun orde de magnitude moi pequena no cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo. Sen embargo, na recente crise económica, nalgún país con brecha de produción superior ao 4% e déficit superior ao 6%, esta diferenza acadaba valores que superan o 0,25%, un cuarto de punto porcentual, erro bastante considerable se pretendemos medir con precisión o saldo estrutural do orzamento.

Ademais desta diferenza, a utilización da semi-elasticidade fronte á sensibilidade ten outro efecto importante, que consiste no seguinte: a pesar de que o saldo orzamentario axustado do ciclo considerado como a diferenza entre os ingresos e os gastos axustados non mostra moita variación coa sensibilidade, en cambio, a compoñente dos ingresos (e a dos gastos) axustada do ciclo si cambia considerablemente. O compoñente dos ingresos axustado ciclicamente é practicamente nulo se se utilizan as semi-elasticidades e o de gastos rolda o 50%.

⁹ Este cambio recóllese no documento

http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2013/pdf/ecp478_en.pdf



Os datos que aparecen no seguinte cadro (sacados do documento da Comisión) reflicten o expresado nos parágrafo anterior para España:

Compoñente cíclico en % do PIB											
Compoñente cíclico dos ingresos											
Sensibilidade				Semi-elasticidade				Diferenza			
2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012
0,8	-1,8	-1,6	-1,7	0,0	0,0	0,0	0,0	-0,8	1,8	1,6	1,8

Compoñente cíclico dos gastos											
Sensibilidade				Semi-elasticidade				Diferenza			
2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012
-0,1	0,2	0,2	0,2	-0,9	2,1	1,8	2,0	-0,8	1,9	1,6	1,8

O compoñente cíclico dos ingresos, que roldaba o -1,5% do PIB nos últimos anos se utilizamos a sensibilidade, pasa a ser 0 se utilizamos semi-elasticidade. Esta diferenza compénsase totalmente na parte dos gastos, onde o método que utiliza a semi-elasticidade estima unha compoñente moi superior ao método da sensibilidade. Volvemos remarcar que o resultado final no caso español é neutro (noutros países como Grecia o resultado final non o é).

No capítulo dous do documento da Comisión derívanse as fórmulas para o cálculo da semi-elasticidade; son as seguintes:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \frac{\frac{d(B/Y)}{dY}}{\frac{Y}{Y^2}} = \frac{\frac{dB}{dY}Y - \frac{dY}{dY}B}{\frac{Y^2}{Y}} = \frac{dB}{dY} - \frac{B}{Y} \quad (1)$$

Onde B é o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto

A partir desta formulación e utilizando un argumento similar descomponse esta semi-elasticidade nunha compoñente de ingresos e outra de gastos, do seguinte xeito:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= \frac{\frac{d(R/Y)}{dY}}{\frac{Y}{Y^2}} - \frac{\frac{d(G/Y)}{dY}}{\frac{Y}{Y^2}} = \frac{\frac{dR}{dY}Y - \frac{dY}{dY}R}{\frac{Y^2}{Y}} - \frac{\frac{dG}{dY}Y - \frac{dY}{dY}G}{\frac{Y^2}{Y}} \\ &= \left(\frac{dR}{dY} - \frac{R}{Y}\right) - \left(\frac{dG}{dY} - \frac{G}{Y}\right) = \left(\frac{\frac{dR}{R}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right)\frac{R}{Y} - \left(\frac{\frac{dG}{G}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right)\frac{G}{Y} \\ &= (\eta_R - 1)\frac{R}{Y} - (\eta_G - 1)\frac{G}{Y} \quad (2) \end{aligned}$$

Onde R son os ingresos e G son os gastos e η_R é a elasticidade dos ingresos sobre o PIB e η_G é a elasticidade dos gastos sobre o PIB



Para obter os coeficientes (sensibilidade e semi-elasticidade), polos que habería que multiplicar o output gap para calcular o saldo cíclico, utilizamos os datos de execución orzamentaria¹⁰ de 2017 e 2018 (todos os capítulos excepto os capítulos 8 e 9, é dicir, ingresos e gastos non financeiros) e os datos do PIB por comunidades da Contabilidade regional de España¹¹ para eses anos. Ademais, tamén empregamos unha estrutura simplificada de ingresos e gastos, aplicando unha elasticidade única a cada unha das partidas. Esta elasticidade está tomada da Comisión Europea que adopta as estimacións da OCDE das elasticidades de ingresos e gastos públicos á brecha de produción. No seguinte cadro preséntanse estas elasticidades.

Elasticidades por partidas	
Conceptos	Elasticidade
Ingresos	
IRPF	1,84
Imposto de Sociedades	1,56
Impostos indirectos	1,00
Cotizacións sociais	0,72
Ingresos non impositivos	0,00
Gastos	
Resto de gastos primarios	0,00
Transferencias correntes	
Fondo de garantía	1,38
Fondo de suficiencia	1,42

Aplicando estas elasticidades ás partidas de ingresos, gastos e transferencias utilizando a fórmula (4) e a formulación da sensibilidade da anterior orde ministerial para comparar os resultados, obtemos as semi-elasticidades e as sensibilidades en %:

Semi-elasticidades para os ingresos e gastos

$$Semi - elasticidade = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y}$$

Onde ε es la semi-elasticidade calculada como a diferenza entre a semi-elasticidade dos ingresos e dos gastos. η_{R_i} y η_{G_i} son as elasticidades do nivel de ingresos e gastos da partida i expostas no cadro 14.

Sensibilidade para os ingresos e gastos (anterior cálculo)

¹⁰ <https://serviciostelematicos.minhap.gob.es/cimcanet/consulta.aspx>.

Aplicación da Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro, coa información dispoñible

¹¹ <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=%2Ft35%2Fp010&file=inebase&L=0>






$$\delta = \sum_i \left(\eta_{R,i} \frac{I_i}{PIB} \right) - \sum_i \left(\eta_{G,i} \frac{G_i}{PIB} \right)$$

Onde δ é a sensibilidade, $\eta_{R,i}$ y $\eta_{G,i}$ as elasticidades do nivel de ingresos e gastos por partidas.

Os resultados finais para o valor de ε (semi-elasticidade) e δ (sensibilidade) por comunidades autónomas son os que se mostran nos seguinte gráfico. Neste cálculo excluíronse as comunidades do País Vasco e Navarra; o total das comunidades calcúlase utilizando os datos das 15 comunidades restantes.



O resultado do uso da semi-elasticidade aumenta o saldo cíclico de todas as comunidades comparado coa sensibilidade. Se utilizamos a sensibilidade cíclica, o parámetro toma un valor do 14,3% en media, se utilizamos la semi-elasticidade o valor é do 15,1%. En Galicia estes datos son o 16,9% e 17,1% respectivamente.

A semi-elasticidade dos gastos coincide coa porcentaxe que supón o gasto non financeiro de cada comunidade sobre o PIB. Isto é así porque segundo la fórmula (4),





η_{Gi} é igual a cero para todas as partidas i , e, polo tanto, a semi-elasticidade cíclica asociada ao gasto é a suma das partidas dividida polo PIB, isto é, a porcentaxe que supón o gasto sobre o PIB.

Todos os cálculos están feitos coa información da execución orzamentaria en termos de caixa e sen axustar en termos de contabilidade nacional, estes axustes poderían alterar levemente o resultado, sobre todo se o axuste afecta ao gasto.

